

# Competencias e usos das linguas cooficiais en España. O galego en perspectiva comparada

DOI.10.17075/culcegpc.2025

## Introdución

Este informe presenta, a través de dous eixos estruturais de contido, datos sobre as competencias lingüísticas das persoas que residen en España, en comunidades autónomas con lingua propia, así como a frecuencia de uso desa lingua por parte dos seus habitantes. O estudo pon o foco na realidade lingüística do idioma galego e desenvólvese en clave comparativa

.....

coas outras cinco comunidades autónomas con lingua cooficial, nomeadamente, Cataluña, Comunidade Foral de Navarra, Comunidade Valenciana, Illas Baleares e País Vasco.

O nivel de competencias nunha lingua e a frecuencia do seu uso son indicadores básicos da vitalidade desta. O Consello da Cultura Galega (CCG) no marco das súas competencias, ofrece unha análise destes dous grandes conxuntos de indicadores para comprender a situación actual da lingua. O estudo contrastivo permite identificar diferenzas, carencias e fortalezas, así como os factores que condicionan a variación nun contorno legal e administrativo comparable. Este enfoque é esencial para delimitar ámbitos de intervención prioritarios e deseñar estratexias que garantan a consolidación da lingua como un recurso simbólico e funcional na sociedade contemporánea.

O CCG acumulou ao longo das últimas décadas unha ampla experiencia na investigación sociolingüística. Estes traballos sentaron as bases para comprender a evolución da lingua e identificar os desafíos máis relevantes no seu proceso de normalización.

Algúns problemas son claramente persistentes. Un primeiro achegamento en *O idioma galego na sociedade: a evolución sociolingüística 1992-2008* xa constataba<sup>1</sup> un progresivo descenso no uso do galego como lingua habitual, especialmente nas xeracións máis novas e nos contextos urbanos. Este retroceso estivo acompañado dunha lixeira perda de competencias lingüísticas, sobre todo na escrita, o que reflectía unha debilitación das condicións de transmisión interxeracional en certas áreas e a falta de espazos sociais onde a lingua fose plenamente funcional. Ademais, os datos apuntaban a unha maior vitalidade do galego nos ámbitos rurais e menos dinámicos economicamente, mentres que nas zonas urbanas e nas clases sociais máis altas predominaba o castelán como lingua principal.

O CCG analizou tamén as percepcións e opinións da cidadanía sobre o galego<sup>2</sup> en *As linguas a debate: inquérito sobre opinións, actitudes e expec-*

---

<sup>1</sup> [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2011\\_O-idioma-galego-na-sociedade.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2011_O-idioma-galego-na-sociedade.pdf)

<sup>2</sup> [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2012\\_As-linguas-a-debate-Inquerito-sobre-opinions-actitudes-e-expectativas-da-sociedade-galega.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2012_As-linguas-a-debate-Inquerito-sobre-opinions-actitudes-e-expectativas-da-sociedade-galega.pdf)

.....

*tativas da sociedade galega*. Este traballo constatou unha valoración xeralmente positiva da lingua como elemento cultural, incluso entre os sectores que non a usan de forma habitual. Porén, tamén se detectaron prexuízos históricos, como a percepción da inutilidade do galego en contextos profesionais e técnicos e actitudes negativas vinculadas a unha suposta imposición do seu uso. A investigación puxo de manifesto a importancia da ausencia de conflito como un valor amplamente aceptado pola sociedade, mais subliñou a necesidade de superar as barreiras sociais e culturais que dificultaban a expansión do galego en determinados ámbitos.

En *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*<sup>3</sup> destacábase que, a pesar de amosar unha actitude favorable cara ao galego, os mozos e mozas percibían a lingua como pouco útil para a súa vida profesional e social. Este estudo evidenciou unha limitada transmisión interxeracional do galego e unha percepción de insuficiente competencia na lingua, mesmo entre aqueles que a estudaran no sistema educativo. Ademais, identificáronse dinámicas de autoestigmatización, especialmente no medio urbano, onde o galego se asociaba con usos informais ou identidades periféricas.

Ademais destes traballos, o CCG promoveu a elaboración doutras investigacións, como *Recursos e novas metodoloxías para as aulas de lingua galega e literatura*<sup>4</sup>, *Da fonte máis fonda. Historia do vocabulario e outros escritos sobre o idioma galego*<sup>5</sup>, *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*<sup>6</sup>, *O valor económico do galego*<sup>7</sup>, *A produción en lingua galega no ámbito cultural*<sup>8</sup>, entre moitos outros traballos publicados nos que a lingua se utiliza como unha variable transversal de análise. Os resultados destes infor-

---

<sup>3</sup> [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2017\\_Practicas-e-actitudes-linguisticas-da-mocidade-en-Galicia.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2017_Practicas-e-actitudes-linguisticas-da-mocidade-en-Galicia.pdf)

<sup>4</sup> [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2024\\_Recursos-e-novas-metodoloxias-para-as-aulas-de-Lingua-Galega-e-Literatura.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2024_Recursos-e-novas-metodoloxias-para-as-aulas-de-Lingua-Galega-e-Literatura.pdf)

<sup>5</sup> [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2021\\_Da-fonte-mais-fonda.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2021_Da-fonte-mais-fonda.pdf)

<sup>6</sup> [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2022\\_Lingua-patrimonio-e-coñecemento-tradicional.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2022_Lingua-patrimonio-e-coñecemento-tradicional.pdf)

<sup>7</sup> [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2023\\_O-valor-economico-do-galego-dt.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2023_O-valor-economico-do-galego-dt.pdf)

<sup>8</sup> [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2024\\_A-produccion-en-lingua-galega-no-ambito-cultural.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2024_A-produccion-en-lingua-galega-no-ambito-cultural.pdf)

mes e monografías estableceron un marco de referencia para o coñecemento da situación do galego, mais tamén deixaron entrever contradicións e desafíos que cómpre abordar. Este informe parte destas análises previas co obxectivo de matizar e actualizar os seus achados, explorando en maior profundidade os usos e competencias da lingua galega na sociedade contemporánea.

Para a elaboración do presente informe tomouse como fonte os ficheiros de microdatos da Enquisa de Características Esenciais da Poboación e Vivendas (ECEPV), elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE). Este módulo ofrece información detallada sobre a competencia nas linguas cooficiais de España e a frecuencia de uso. A ECEPV é un estudo que complementa o Censo de Poboación e Vivendas cunha periodicidade quinquenal. Este instrumento proporciona información detallada sobre a estrutura da poboación e dos fogares en España, abarcando aspectos como a composición demográfica, niveis educativos e ocupacións, entre moitos outros. Os datos que se analizan no presente traballo proveñen da edición de 2021, a última dispoñible.

Entre o amplo abano de indicadores que a ECEPV recolle para a descrición da poboación, seleccionáronse os relativos ás competencias lingüísticas autoavaliadas de cada comunidade autónoma nas respectivas linguas cooficiais, para analizar as capacidades para entender, ler, falar e escribir. Para a expresión do nivel de competencia a enquisa empregou categorías de resposta nominal ("nada", "con dificultade" e "ben"). A análise do peso porcentual de cada unha destas categorías pode tamén ser complementada coa atención a un valor numérico ou índice, que sintetiza o grao no que se dispón de cada capacidade. Neste caso, tomando o "nada" como 0, o "con dificultade" como 1 e o "ben" como 2, de xeito tal que para cada segmento disporase dun valor entre o 0 e o 2 que pode facilitar a comparación entre os diversos segmentos, polo que se incorpora nas táboas de cruzamentos do presente informe.

Para coñecer a frecuencia coa que as persoas utilizan a lingua propia, a ECEPV inclúe na súa enquisa tres contextos cotiáns: en familia, con amizades e no traballo ou escola. Para cuantificar esa frecuencia a persoas enquisadas poden escoller entre as seguintes respostas nominais: "nunca", "ás veces", "frecuentemente" e "sempre". Un estudo conxunto do uso da segunda lingua oficial neses tres contextos permite cuantificar a frecuencia



do emprego dese idioma propio para a análise comparada. Para sintetizar esa información, nalgúns casos observáronse as respostas nominais en cada contexto como valores numéricos dunha escala do 0 ao 3 para que, ao sumar os recollidos nos tres ámbitos, se estableza un valor resumo, un índice sintético entre o 0 e o 9 no que o 0 significa "non o utiliza nunca", mentres que de 1 a 3 expresan unha frecuencia baixa, de 4 a 6 unha frecuencia media e de 7 a 9 unha frecuencia alta.

Tamén se tomaron as variables socio demográficas que habitualmente máis se empregan como variables de segmentación e que resultaron significativas nas probas de khi-cadrado, como son o hábitat de residencia, o sexo, a idade, o nivel de estudos e o nivel de ingresos, as cales xunto co estudo por comunidade autónoma permiten unha análise axeitada da información segmentada. No caso da análise dos usos, tamén se tomaron como variables independentes a lingua inicial e as propias competencias lingüísticas.

A segmentación en función do tamaño do hábitat distingue á poboación segundo resida en municipios de ata 50.000 habitantes, de 50.001 a 100.000 habitantes e de máis de 100.000 habitantes. Con esta clasificación no caso de Galicia a meirande parte dos municipios figuran na categoría máis baixa, de ata 50.000 habitantes, salvo as sete cidades, que se sitúan nas restantes, segundo corresponda ao seu volume demográfico (Ferrol, Santiago, Lugo e Pontevedra na categoría de 50.000 a 100.000 habitantes e A Coruña, Ourense e Vigo na de máis de 100.000 habitantes).

O tamaño da mostra da ECEPV é de 172.444 vivendas de todo o territorio español, nas que residen 424.493 persoas, froito dunha mostraxe aleatoria estratificada de vivendas principais, no caso de municipios de máis de 50.000 habitantes e capitais de provincia, e unha mostraxe bietápica estratificada no resto dos municipios, sendo as unidades de primeira etapa as seccións do censo e as unidades de segunda etapa as vivendas familiares principais. A recollida de información realizouse entre os días 29 de marzo de 2021 e 15 de febreiro de 2022.

Como se indicou, este informe céntrase en submostras territoriais que corresponden ás persoas residentes nas comunidades autónomas con lingua cooficial. Partindo do número de casos dispoñibles de cada territorio e coas debidas elevacións estatísticas, a información extraída describe

ás poboacións desas mesmas comunidades, como reflicte a seguinte táboa:

<b>Comunidades autónomas con lingua cooficial</b>		
	Nº rexistros enquisa	Poboación descrita
I. Baleares	12.061	1.190.523
Cataluña	49.120	7.466.727
C. Valenciana	34.885	4.947.527
Galicia	22.728	2.638.532
C.F. Navarra	10.087	638.140
País Vasco	17.676	2.122.265
<b>Total</b>	<b>146.577</b>	<b>19.003.714</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

No caso da poboación da Comunidade Foral de Navarra cómpre advertir que só determinados municipios contan oficialmente co éuscaro como lingua cooficial e non o total do territorio. Tendo en conta que os datos das táboas que se analizan neste informe se calculan sobre o total da poboación de cada comunidade autónoma, a comparación do nivel de competencia e uso da segunda lingua na Comunidade Foral de Navarra está en boa medida condicionada por esta situación, pois nas restantes comunidades as respectivas linguas cooficiais son coñecidas e empregadas, en maior ou menor medida, na totalidade do seu territorio.

Este informe estrutúrase en catro capítulos principais. Despois desta introdución, onde se presentan os antecedentes, o contexto metodolóxico do estudo, a fonte de datos empregada, os criterios de análise e a definición dos indicadores utilizados, o segundo capítulo céntrase nas competencias lingüísticas da poboación, analizando como estas varían segundo factores demográficos, sociolóxicos e xeográficos. O terceiro capítulo aborda os usos da lingua, examinando os contextos nos que se emprega o galego e as restantes linguas cooficiais e as dinámicas sociais que condicionan a súa presenza. Finalmente, o informe conclúe cunha reflexión sobre os principais achados.

## 2. Competencias lingüísticas

Neste apartado préstase atención aos aspectos relacionados coas competencias lingüísticas daquelas persoas que viven en comunidades autónomas de España que contan con lingua cooficial, co obxectivo de analizar as súas capacidades nese segundo idioma.

Na primeira parte móstrase unha visión panorámica do nivel xeral de competencia neses territorios, a través das catro capacidades básicas: entender, ler, falar e escribir. Na segunda parte, esténdense esa análise mediante a realización dun cruzamento das variables tamaño de hábitat, sexo, idade, nivel de estudos e nivel de ingresos dos residentes desas comunidades, para indagar sobre cal sería a súa influencia no grao de competencia lingüística. Introdúcese tamén o cálculo conxunto das capacidades expresadas polas persoas entrevistadas, o cal permite computar a través dun índice sintético o seu nivel de competencia na lingua cooficial da comunidade autónoma correspondente.

### 2.1. Panorámica de competencias lingüísticas nas linguas cooficiais

Para a análise do nivel de competencias da poboación na lingua propia da súa comunidade autónoma préstase atención ao grao no que cada persoa pode entender, ler, falar e escribir nesa lingua. As categorías de resposta para expresar esas capacidades son de tipo nominal: "nada", "con dificultade" ou "ben".

**Competencias na lingua cooficial por tipo**

	Nada	Con dificultade	Ben
Entende			
I. Baleares	12,2	13,3	74,5
Cataluña	4,1	9,2	86,8
C. Valenciana	14,5	15,3	70,2
Galicia	1,5	5,8	92,7
C. F. Navarra	75,3	5,7	19
País Vasco	29,6	20,4	49,9
Le			
I. Baleares	19,2	16,3	64,5
Cataluña	9,4	12,2	78,4
C. Valenciana	23,4	19	57,5
Galicia	5,3	11,1	83,6
C. F. Navarra	77,2	5,9	16,9
País Vasco	35,9	18,3	45,8
Fala			



I. Baleares	22,1	18,4	59,5
Cataluña	10,4	14,6	75
C. Valenciana	26,6	21,8	51,6
Galicia	4,8	12,2	83,1
C. F. Navarra	76,5	6,6	17
País Vasco	34,9	21	44,1
Escribe			
I. Baleares	30,9	19,5	49,7
Cataluña	17,8	17,7	64,5
C. Valenciana	35	23,6	41,4
Galicia	9,2	17,6	73,3
C. F. Navarra	78,4	6,4	15,2
País Vasco	39,9	19,3	40,9

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Unha primeira análise das competencias na lingua propia da comunidade é sobre a porcentaxe de persoas que xulgan cun "ben" cada unha das catro capacidades avaliadas. A táboa anterior recolle os valores correspondentes e permite comprobar que Galicia é a comunidade na que maior porcentaxe de poboación se amosa competente no uso da súa lingua cooficial: entende ben o galego o 92,7%, leno ben o 83,6%, fálao ben o 83,1% e escribo ben o 73,3%. A certa distancia sitúase en segunda posición Cataluña: entenden o catalán o 86,8% das persoas que residen nesa comunidade, 5,9 puntos menos que o galego en Galicia, leno o 78,4%, 5,3 puntos menos, fálanlo o 75%, 8 puntos menos e escribendo o 64,5%, 8,8 puntos menos.

A terceira comunidade cuxa poboación se declara máis competente na súa lingua cooficial é a das Illas Baleares, onde entenden o catalán o 74,5% dos habitantes, leno o 64,5%, fálanlo o 59,5% e escribendo o 49,7%). A cuarta posición -de maior a menor competencia cualificada cun "ben"- corresponde á Comunidade Valenciana, na que entenden o valenciano o 70,2% dos/as residentes, leno o 57,5%, fálanlo o 51,6% e escribendo o 41,4%. En quinto lugar sitúase o País Vasco, onde entende o éuscaro o 49,9% da poboación residente, leo o 45,8%, fálao o 44,1% e escribo o 40,9%. Neste caso cabe apuntar ademais que a porcentaxe dos que optan pola opción "nada" ronda ou supera o 30% nas catro competencias avaliadas.

Os resultados recollidos en Navarra son claramente os máis baixos da comparativa: entenden o éuscaro o 19%, len nesa lingua o 16,9%, fálanla o 17% e escriben nela o 15,2%, ao tempo que máis do 75% opta pola opción "nada" nas catro competencias avaliadas.



.....

Ao considerar de forma conxunta o nivel expresado polos/as entrevistados/as en cada unha das catro capacidades observadas, pódese calcular o seu nivel de competencia na respectiva lingua cooficial do seu territorio, outorgando valores numéricos do 0 a 2 correspondentes ás respostas nominais ("nada" 0, "con dificultade" 1 e "ben" 2) declaradas en cada unha das catro competencias, de xeito tal que se obtén un índice sintético, desta volta do 0 ao 8. Así, os que sinalaron un "nada" nas catro competencias figurarían baixo o epígrafe "non declara", ao indicar non ter ningún tipo de competencia nin na comprensión, nin na lectura, nin na expresión oral nin na escrita. Aos que no conxunto dos catro indicadores obtivesen un valor entre o 1 e o 2 atribuiríanselle unhas competencias baixas no seu respectivo idioma cooficial; aos que sumasen entre 3 e 4 puntos unhas competencias medias-baixas; os que obtivesen entre 5 e 6 puntos contarían cun nivel de competencias medias altas; e finalmente, os que acadasen entre o 7 e o 8 desfrutarían dunhas competencias altas.

A táboa seguinte pon de manifesto que, de forma coherente coa análise das competencias particulares (comprensión, lectura, fala e escritura), Galicia é a comunidade cuxa poboación residente dispón de maior nivel de competencias na lingua cooficial (ten competencias altas o 78,7% e competencias medias-altas o 12,7%). En termos de media aritmética deste índice, o nivel de competencias en galego da poboación da comunidade cífrase en 7,12 puntos, o valor máis alto da táboa comparativa e único que supera o 7 nesta escala do 0 ao 8. Cataluña ocupa a segunda praza pois conta con competencias altas o 71,3% e medias-altas o 9,8%, acadando o seu índice sintético o 6,63.

A distancia de Galicia e Cataluña, sitúanse en terceira posición as Illas Baleares (competencias altas do 55,7% e medias-altas do 12,1% e un índice de 5,64 puntos) e en cuarta a Comunidade Valenciana (competencias altas do 47,7% e medias-altas o 14,5, acadando 5,21 puntos no índice sintético).

Nun terceiro chanzo dentro do nivel de competencias medias da poboación atópase en quinto lugar o País Vasco, no que contan con competencias altas en éuscaro o 41,8% e medias-altas o 7,7% da poboación -o 28,8% non declara competencia algunha nesta lingua-, dando lugar a un índice de 4,40 puntos).

Os valores máis baixos corresponden á Comunidade Foral de Navarra (só teñen competencias altas o 15,8% e medias-altas o 2,5%, cun índice de 1,61 puntos), se ben hai que ter en conta que estes datos están condicionados polo feito descrito de que o éuscaro non é lingua cooficial en todo o seu territorio, senón só nunha parte dos seus municipios.

#### Competencias xerais na lingua cooficial

	Non declara	Baixas	Medias-baixas	Medias-altas	Altas	Índice (0-8)
I. Baleares	11,5	8,8	11,9	12,1	55,7	5,64
Cataluña	3,8	5,2	9,8	9,8	71,3	6,63
C. Valenciana	14,1	10	13,6	14,5	47,7	5,21
Galicia	1,4	2,5	6,8	10,5	78,7	7,12
C. F. Navarra	75,1	1,8	4,8	2,5	15,8	1,61
País Vasco	28,8	7,6	14,1	7,7	41,8	4,40

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

A continuación analízase con máis detemento o nivel de competencias declarado, ao fío dunha segmentación dos datos que permitirá comprobar a existencia de importantes diferenzas en cada unha das catro capacidades de uso da lingua propia e da variable sobre competencia xeral para usala, en función do hábitat de residencia, o sexo, a idade, o nivel formativo ou o nivel económico.

### 2. 1 Análise por tamaño de hábitat

A táboa de segmentación por tamaño de municipio amosa unha porcentaxe de resposta positiva, a que cualifica cun "ben" a capacidade analizada, que en todas as comunidades autónomas con lingua cooficial rexistra o seu valor máis alto nos municipios máis pequenos (de menos de 50.000 habitantes). Ademais, no caso de Galicia e no do País Vasco a porcentaxe desa resposta positiva nas catro competencias observadas é maior canto menor é o volume demográfico do hábitat.

Na capacidade para entender o idioma, a porcentaxe de quen afirma comprender ben o galego é a máis elevada nos tres hábitats, pasando do 88,8% dos municipios de máis de 100.000 habitantes ao 94,7% dos de menos de 50.000. Esta tendencia tamén se aprecia en Cataluña cunha capacidade de entender ben o catalán que vai dende o 84,4% das cidades ao

89,1% nos concellos de menos de 50.000 habitantes. Esta progresión na capacidade de entender ben o idioma cooficial é moito máis acentuada no País Vasco (do 39,2% ao 58,9%).

Como xa se apuntou, nas demais comunidades autónomas a porcentaxe de persoas que entenden ben a súa lingua cooficial rexistra os seus valores máis altos tamén nos municipios de menos de 50.000 habitantes, chegando ao 77,9% nas Illas Baleares, ao 73,7% na Comunidade Valenciana e ao 20,9% na Comunidade Foral de Navarra, pero nestes casos non se da unha relación lineal en función do tamaño de hábitat, pois é nos concellos semiurbanos onde se rexistras as porcentaxes máis baixas nesta capacidade.

Respecto ao índice que sintetiza a capacidade de comprensión da lingua cooficial por tamaños de hábitat os valores máis elevados corresponden a Galicia (do 1,86 das cidades máis grandes ao 1,94 dos municipios de menos de 50.000 habitantes). Só Cataluña presenta tamén índices por riba do 1,8 nos tres tamaños de hábitat, mentres que na Comunidade Foral de Navarra non chegan ao 0,5.

**Coñecemento da lingua cooficial por tamaño de municipio<sup>9</sup>: Entende**

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	De 50.000 hab. o menos	10,4	11,6	77,9	1,67
	De 50.001 a 100.000 hab.	22,1	16,4	61,6	1,4
	Máis de 100.000 hab.	12,4	15,2	72,4	1,6
	Total	12,2	13,3	74,5	1,62
Cataluña	De 50.000 hab. o menos	3,7	7,2	89,1	1,85
	De 50.001 a 100.000 hab.	4,1	9,8	86,2	1,82
	Máis de 100.000 hab.	4,5	11,2	84,4	1,8
	Total	4,1	9,2	86,8	1,83
C. Valenciana	De 50.000 hab. o menos	13,1	13,2	73,7	1,61
	De 50.001 a 100.000 hab.	21,2	18,3	60,5	1,39
	Máis de 100.000 hab.	13,8	17,7	68,5	1,55
	Total	14,5	15,3	70,2	1,56
Galicia	De 50.000 hab. o menos	1	4,3	94,7	1,94
	De 50.001 a 100.000 hab.	2,4	7,9	89,7	1,87
	Máis de 100.000 hab.	2,5	8,7	88,8	1,86
	Total	1,5	5,8	92,7	1,91
C. F. Navarra	De 50.000 hab. o menos	73,8	5,3	20,9	0,47
	De 50.001 a 100.000 hab.	0	0	0	.
	Máis de 100.000 hab.	78,8	6,6	14,6	0,36

<sup>9</sup> Tamaño de municipio segundo padrón a 1 de xaneiro de 2021

	Total	75,3	5,7	19	0,44
País Vasco	De 50.000 hab. o menos	23,7	17,4	58,9	1,35
	De 50.001 a 100.000 hab.	33,2	25,6	41,2	1,08
	Máis de 100.000 hab.	37	23,8	39,2	1,02
	Total	29,6	20,4	49,9	1,2

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

A capacidade para ler ben a lingua cooficial do territorio volve a encontrar en Galicia os seus valores máis elevados, de novo máis altos canto menor é o tamaño de hábitat, pasando do 79,8% das cidades de máis de 100.000 habitantes ao 85,4% dos municipios de menos de 50.000 habitantes. Esta relación inversamente proporcional entre porcentaxe de persoas competentes na lectura da lingua cooficial e o tamaño de hábitat do seu municipio tamén se repite en Cataluña (do 75,7% ao 81,1%, respectivamente) e no País Vasco (do 37,2% do hábitat máis populoso ao 53,1% do menor). Como na capacidade de comprensión, nesta competencia Cataluña volve a ser a segunda comunidade mellor situada, por detrás de Galicia. Tamén nas demais comunidades autónomas son os municipios de menos de 50.000 habitantes os que rexistran a maior porcentaxe de resposta positiva ("ben"): 69% nas Illas Baleares, 60,4% na Comunidade Valenciana e 18,5% na Comunidade Foral de Navarra.

Como resumo destes datos obsérvase que, en capacidade para ler a lingua cooficial, os valores máis elevados do índice na escala do 0 ao 2 volven a corresponder a Galicia (do 1,73 do segmento de máis de 100.000 habitantes ao 1,81 dos municipios de menos de 50.000) e Cataluña, de novo, é a segunda mellor posicionada (1,66 e 1,72, respectivamente).

#### Coñecemento da lingua cooficial por tamaño de municipio: Le

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	De 50.000 hab. o menos	16,5	14,5	69	1,52
	De 50.001 a 100.000 hab.	31,9	17	51,1	1,19
	Máis de 100.000 hab.	20,3	18,9	60,8	1,41
	Total	19,2	16,3	64,5	1,45
Cataluña	De 50.000 hab. o menos	8,8	10,1	81,1	1,72
	De 50.001 a 100.000 hab.	10,2	12,8	77	1,67
	Máis de 100.000 hab.	10	14,3	75,7	1,66
	Total	9,4	12,2	78,4	1,69
C. Valenciana	De 50.000 hab. o menos	22	17,6	60,4	1,38
	De 50.001 a 100.000 hab.	30,8	20,4	48,8	1,18
	Máis de 100.000 hab.	22,5	21	56,5	1,34



	Total	23,4	19	57,5	1,34
Galicia	De 50.000 hab. o menos	4,5	10,1	85,4	1,81
	De 50.001 a 100.000 hab.	6	11,9	82,1	1,76
	Máis de 100.000 hab.	6,9	13,3	79,8	1,73
	Total	5,3	11,1	83,6	1,78
C. F. Navarra	De 50.000 hab. o menos	75,6	5,9	18,5	0,43
	De 50.001 a 100.000 hab.	0	0	0	.
	Máis de 100.000 hab.	80,7	6,1	13,2	0,33
	Total	77,2	5,9	16,9	0,4
País Vasco	De 50.000 hab. o menos	30,1	16,8	53,1	1,23
	De 50.001 a 100.000 hab.	40,7	21,1	38,2	0,98
	Máis de 100.000 hab.	43	19,9	37,2	0,94
	Total	35,9	18,3	45,8	1,1

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

O esquema das dúas anteriores capacidades repítese respecto da capacidade para falar a lingua propia, de novo é Galicia a que presenta os mellores datos, coas maiores porcentaxes de quen fala ben a lingua cooficial en comparación coas demais comunidades autónomas, con valores máis altos canto menor é o tamaño de hábitat do municipio (do 74,4% das cidades de máis de 100.000 habitantes ao 87,2% dos municipios de ata 50.000). Como no caso anterior, esa relación inversamente proporcional entre porcentaxe de resposta positiva e tamaño da poboación repítese en Cataluña, a segunda comunidade con maiores valores (que pasan do 70,5% do maior tamaño de hábitat ao 79,8% do menor) e no País Vasco se ben con porcentaxes moito máis baixos e maiores diferenzas entre estratos poboacionais (do 33,1% ao 53,4%). Nas demais comunidades autónomas non se observa unha relación lineal pero tamén nelas se rexistra a maior porcentaxe de resposta positiva nos municipios máis pequenos, de non máis de 50.000 habitantes (66,5% no caso das Illas Baleares, 57,8% no da Comunidade Valenciana e 19% no da Comunidade Foral de Navarra) fronte a cifras notablemente inferiores nos outros dous tramos de poboación e especialmente no de 50.001 a 100.000 habitantes .

Os índices na escala do 0 ao 2 reflicten este mesmo esquema, con valores que en Galicia crecen do 1,67 das cidades de máis de 100.000 habitantes ao 1,84 dos municipios de non máis de 50.000, que no caso de Cataluña, unha vez máis a segunda mellor situada, van do 1,58 ao 1,71, respectivamente, e no País Vasco do 0,90 ao 1,25.



**Coñecemento da lingua cooficial por tamaño de municipio: Fala**

		Nada	Con Dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	De 50.000 hab. o menos	18,7	14,8	66,5	1,48
	De 50.001 a 100.000 hab.	34,2	22,9	42,8	1,09
	Máis de 100.000 hab.	24,4	22,8	52,8	1,28
	Total	22,1	18,4	59,5	1,37
Cataluña	De 50.000 hab. o menos	8,5	11,7	79,8	1,71
	De 50.001 a 100.000 hab.	12,2	15,9	71,9	1,6
	Máis de 100.000 hab.	12,1	17,4	70,5	1,58
	Total	10,4	14,6	75	1,65
C. Valenciana	De 50.000 hab. o menos	23,8	18,4	57,8	1,34
	De 50.001 a 100.000 hab.	34,9	23	42	1,07
	Máis de 100.000 hab.	27,7	27,4	44,9	1,17
	Total	26,6	21,8	51,6	1,25
Galicia	De 50.000 hab. o menos	3,4	9,4	87,2	1,84
	De 50.001 a 100.000 hab.	6,8	14,3	78,9	1,72
	Máis de 100.000 hab.	7,3	18,3	74,4	1,67
	Total	4,8	12,2	83,1	1,78
C. F. Navarra	De 50.000 hab. o menos	74,8	6,2	19	0,44
	De 50.001 a 100.000 hab.	0	0	0	.
	Máis de 100.000 hab.	80,2	7,5	12,3	0,32
	Total	76,5	6,6	17	0,41
País Vasco	De 50.000 hab. o menos	28,2	18,5	53,4	1,25
	De 50.001 a 100.000 hab.	40,8	24,5	34,7	0,94
	Máis de 100.000 hab.	43,1	23,8	33,1	0,9
	Total	34,9	21	44,1	1,09

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

En canto á capacidade para escribir na lingua cooficial, a comunidade autónoma na que a poboación residente amosa maior capacidade é de novo Galicia, e unha vez máis con valores máis elevados canto menor é o tamaño de hábitat (do 67,2% do tramo máis alto chégase ao 75,9% do máis baixo). Esta tendencia é tamén clara na segunda comunidade mellor situada, Cataluña (do 60,3% ao 68,8%) e no País Vasco, cuxa diferenza é de novo máis notable (do 32,2% ao 48,2%). Ao igual que nas anteriores capacidades, nas outras tres comunidades autónomas analizadas a porcentaxe de quen afirma escribir ben a lingua propia do seu territorio rexistra tamén o dato máis alto nos municipios de menos de 50.000 habitantes (56,1% nas Illas Baleares, 45,9% na Comunidade Valenciana e 16,6% na Comunidade Foral de Navarra), e o menos elevado nos de tamaño intermedio.

Os valores do índice de 0 ao 2 achegan os datos máis altos en Galicia (do 1,55 no tramo de maior tamaño poboacional ao 1,68 do de menor) seguidos dos correspondentes a Cataluña (do 1,40 ao 1,53, respectivamente).

**Coñecemento da lingua cooficial por tamaño de municipio: Escribe**

		Nada	Con Dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Balears	De 50.000 hab. o menos	26,6	17,3	56,1	1,3
	De 50.001 a 100.000 hab.	42,7	19,9	37,4	0,95
	Máis de 100.000 hab.	34,6	22,8	42,6	1,08
	Total	30,9	19,5	49,7	1,19
Cataluña	De 50.000 hab. o menos	15,4	15,8	68,8	1,53
	De 50.001 a 100.000 hab.	19,5	18,5	62	1,42
	Máis de 100.000 hab.	20	19,7	60,3	1,4
	Total	17,8	17,7	64,5	1,47
C. Valenciana	De 50.000 hab. o menos	32	22,1	45,9	1,14
	De 50.001 a 100.000 hab.	41,6	23,8	34,6	0,93
	Máis de 100.000 hab.	37	26,4	36,6	1,0
	Total	35	23,6	41,4	1,06
Galicia	De 50.000 hab. o menos	7,8	16,4	75,9	1,68
	De 50.001 a 100.000 hab.	10,7	17,4	71,9	1,61
	Máis de 100.000 hab.	12,1	20,7	67,2	1,55
	Total	9,2	17,6	73,3	1,64
C. F. Navarra	De 50.000 hab. o menos	76,9	6,5	16,6	0,4
	De 50.001 a 100.000 hab.	0	0	0	.
	Máis de 100.000 hab.	81,9	6,1	12	0,3
	Total	78,4	6,4	15,2	0,37
País Vasco	De 50.000 hab. o menos	33,7	18,1	48,2	1,15
	De 50.001 a 100.000 hab.	45	22,1	32,9	0,88
	Máis de 100.000 hab.	47,4	20,3	32,2	0,85
	Total	39,9	19,3	40,9	1,01

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Tras a análise de cada capacidade por separado, a seguinte táboa reflicte o nivel de competencia global na lingua cooficial de cada comunidade autónoma con lingua propia ademais do castelán.

Como cabía esperar, á vista do comportamento por tamaño de municipio de cada unha das catro capacidades observadas para o cálculo do nivel de competencia, Galicia amosa maiores porcentaxes agregadas de poboación con competencias medias-altas e altas canto menor é o volume demográfico do seu hábitat de residencia (pasando do 84,7% do tramo de máis de 100.000 habitantes ao 91,4% do tramo de menos de 50.000). Tras ela, sitúase Cataluña, tamén con maiores porcentaxes de competencias

medias-altas e altas canto máis pequeno é o tamaño de hábitat (no seu caso do 78,4% ao 84%). Esa tendencia inversamente proporcional entre competencia e tamaño municipal descrita en Galicia e Cataluña repítese dun xeito aínda máis acentuado no País Vasco (pasando no seu caso do 39,4% do tamaño de hábitat máis grande ao 58% do máis pequeno). Nas demais comunidades autónomas a relación entre ambas variables non é lineal pero igualmente rexistran no ámbito máis rural a maior porcentaxe agregada de quen conta con competencias medias-altas ou altas para o uso da súa lingua cooficial (72,6% nas Illas Baleares, 65,9% na Comunidade Valenciana e 20,2% na Comunidade Foral de Navarra).

#### Competencias na lingua cooficial por tamaño de municipio

		Non declara	Baixas	Medias- baixas	Medias- altas	Altas	Índice (0-8)
I. Baleares	De 50.000 hab. o menos	9,8	7,3	10,3	10,8	61,8	5,97
	De 50.001 a 100.000 hab.	21,5	11	13,9	11,4	42,2	4,62
	Máis de 100.000 hab.	11,6	10,4	13,9	14,4	49,7	5,37
	Total	11,5	8,8	11,9	12,1	55,7	5,64
Cataluña	De 50.000 hab. o menos	3,4	4,2	8,4	8,2	75,8	6,83
	De 50.001 a 100.000 hab.	3,9	6,3	9,9	11,5	68,5	6,51
	Máis de 100.000 hab.	4,2	6,1	11,3	11,2	67,2	6,44
	Total	3,8	5,2	9,8	9,8	71,3	6,63
C. Valenciana	De 50.000 hab. o menos	12,7	8,9	12,6	13,3	52,6	5,47
	De 50.001 a 100.000 hab.	20,6	11,9	14,5	13,1	39,8	4,57
	Máis de 100.000 hab.	13,6	11	15,2	17,4	42,8	5,06
	Total	14,1	10	13,6	14,5	47,7	5,21
Galicia	De 50.000 hab. o menos	0,9	1,9	5,7	9,7	81,7	7,26
	De 50.001 a 100.000 hab.	2,3	3,3	8	9,9	76,5	6,97
	Máis de 100.000 hab.	2,4	3,8	9,1	12,7	72	6,82
	Total	1,4	2,5	6,8	10,5	78,7	7,12
C. F. Navarra	De 50.000 hab. o menos	73,6	1,6	4,6	2,8	17,4	1,74
	De 50.001 a 100.000 hab.	0	0	0	0	0	.
	Máis de 100.000 hab.	78,6	2,2	5,3	1,8	12,2	1,31
	Total	75,1	1,8	4,8	2,5	15,8	1,61
País Vasco	De 50.000 hab. o menos	23	6,8	12,2	8,1	49,9	4,98
	De 50.001 a 100.000 hab.	32,5	9,3	16,7	8	33,5	3,87
	Máis de 100.000 hab.	36	8,4	16,2	7,2	32,2	3,71
	Total	28,8	7,6	14,1	7,7	41,8	4,4

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Como xa se indicou, estas porcentaxes tamén dan lugar ao seu correspondente índice sintético, desta volta do 0 ao 8, onde o 0 se corresponde con aqueles que non declararon competencia algunha nin na comprensión,



nin na lectura, nin na expresión oral nin na escrita, e o 8 con aqueles que declararon competencias alta nas catro capacidades.

Este índice mostra como o segmento dos concellos galegos de menos de 50.000 habitantes é o único no que se acadou un valor de 7 (7,26) situándose preto do 7 tamén os residentes nos concellos galegos do seguinte tramo poboacional (6,97), xa cun 6,83 situaríanse os residentes nos concellos cataláns de menos de 50.000 habitantes.

Por outro lado, pódese comprobar como a fenda entre hábitats é máis profunda nunhas comunidades que noutras, pois mentres que en Galicia e Cataluña a diferenza máxima entre hábitats achégase as 4 décimas, en Euskadi e Illas Baleares ronda os 1,3 puntos de diferenza.

## 2.2 Análise por sexo

Nas seis comunidades analizadas as diferenzas entre homes e mulleres son mínimas nos niveis de competencia en comprensión, lectura, fala e escritura na lingua cooficial. En todo caso, pódese apuntar que se rexistran capacidades declaradas lixeiramente superiores entre os homes en todas as comunidades salvo no País Vasco, onde a escasa diferenza se inclina a prol das mulleres. Isto obsérvase tanto nas porcentaxes de mención de cada unha das respostas nominais ("nada", "con dificultade" ou "ben"), onde as diferenzas rexistradas na categoría "ben" non chegan en ningún caso aos tres puntos porcentuais de diverxencia, como nos índices que sintetizan esas respostas (valores entre o 0 e o 2) onde a diferenza é sempre inferior a unha décima. As seguintes táboas mostran os datos recollidos nas catro capacidades segundo sexo.

**Coñecemento da lingua cooficial por sexo: Entende**

		Nada	Con Dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Home	12	12,2	75,9	1,64
	Muller	12,4	14,5	73,2	1,61
	Total	12,2	13,3	74,5	1,62
Cataluña	Home	3,8	9,2	87	1,83
	Muller	4,3	9,2	86,5	1,82
	Total	4,1	9,2	86,8	1,83
C. Valenciana	Home	13,9	15	71,1	1,57
	Muller	15,1	15,6	69,3	1,54
	Total	14,5	15,3	70,2	1,56
Galicia	Home	1,6	5,6	92,8	1,91
	Muller	1,4	6	92,5	1,91

	Total	1,5	5,8	92,7	1,91
C. F. Navarra	Home	74,3	5,6	20,1	0,46
	Muller	76,3	5,8	17,9	0,42
	Total	75,3	5,7	19	0,44
País Vasco	Home	29,1	21,2	49,7	1,21
	Muller	30,1	19,7	50,2	1,20
	Total	29,6	20,4	49,9	1,20

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

#### Coñecemento da lingua cooficial por sexo: Le

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Home	18,9	15,7	65,4	1,47
	Muller	19,6	16,9	63,5	1,44
	Total	19,2	16,3	64,5	1,45
Cataluña	Home	8,8	12,2	79	1,7
	Muller	10,1	12,2	77,8	1,68
	Total	9,4	12,2	78,4	1,69
C. Valenciana	Home	22	19,2	58,8	1,37
	Muller	24,8	18,9	56,3	1,31
	Total	23,4	19	57,5	1,34
Galicia	Home	4,9	10,1	85	1,8
	Muller	5,6	12	82,4	1,77
	Total	5,3	11,1	83,6	1,78
C. F. Navarra	Home	76,3	5,9	17,8	0,42
	Muller	78,1	6	16	0,38
	Total	77,2	5,9	16,9	0,4
País Vasco	Home	35,3	19,2	45,5	1,1
	Muller	36,5	17,4	46,1	1,1
	Total	35,9	18,3	45,8	1,1

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

#### Coñecemento da lingua cooficial por sexo: Fala

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Home	20,7	19,2	60,1	1,39
	Muller	23,5	17,6	58,9	1,35
	Total	22,1	18,4	59,5	1,37
Cataluña	Home	9,7	15	75,4	1,66
	Muller	11,1	14,2	74,7	1,64
	Total	10,4	14,6	75	1,65
C. Valenciana	Home	24,8	22,4	52,8	1,28
	Muller	28,4	21,2	50,4	1,22
	Total	26,6	21,8	51,6	1,25
Galicia	Home	4,6	11,2	84,1	1,8
	Muller	4,9	13	82,1	1,77
	Total	4,8	12,2	83,1	1,78
C. F. Navarra	Home	75,5	6,4	18	0,43



	Muller	77,4	6,7	15,9	0,39
	Total	76,5	6,6	17	0,41
País Vasco	Home	34,6	21,9	43,6	1,09
	Muller	35,3	20,1	44,6	1,09
	Total	34,9	21	44,1	1,09

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

#### Coñecemento da lingua cooficial por sexo: Escribe

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Home	30,8	18,5	50,7	1,2
	Muller	31	20,4	48,6	1,18
	Total	30,9	19,5	49,7	1,19
Cataluña	Home	16,9	18,4	64,7	1,48
	Muller	18,6	17,1	64,3	1,46
	Total	17,8	17,7	64,5	1,47
C. Valenciana	Home	33,3	24,7	42,1	1,09
	Muller	36,6	22,6	40,8	1,04
	Total	35	23,6	41,4	1,06
Galicia	Home	8,2	16,4	75,3	1,67
	Muller	10	18,6	71,4	1,61
	Total	9,2	17,6	73,3	1,64
C. F. Navarra	Home	77,7	6,4	15,9	0,38
	Muller	79,1	6,3	14,5	0,35
	Total	78,4	6,4	15,2	0,37
País Vasco	Home	39,7	19,9	40,3	1,01
	Muller	40,1	18,6	41,3	1,01
	Total	39,9	19,3	40,9	1,01

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Algo similar acontece cando se analiza a variable creada dende a expresión conxunta destas capacidades que describe a competencia global nas respectivas linguas cooficiais. Nesta variable, e como consecuencia da acumulación das diferenzas das catro capacidades, as diverxencias son lixeiramente superiores e si se atopan variacións por encima dos tres puntos porcentuais entre sexos (e por riba dunha décima se se emprega o índice sintético que neste caso vai de 0 a 8). Así, no caso galego e atendendo unicamente aos que declaran competencias altas a diferenza é de 3,2 puntos porcentuais a favor dos homes (80,4% vs. 77,2%) sendo está a maior diferenza rexistrada nas comunidades autónomas analizadas. Con todo, ao empregar o índice sintético que permite unha comparación en conxunto

das competencias declaradas as diferenzas en Galicia entre homes e mulleres son de 0,12 puntos, mentres que na Comunidade Valenciana é de 0,19 e na Comunidade Foral de Navarra de 0,15. Por último cabe apuntar que Euskadi é a única comunidade na que se recolle unha maior porcentaxe de competencias altas entre as mulleres (42,1%) que entre os homes (41,4%).

#### Competencias na lingua cooficial por sexo

		Non declara	Baixas	Medias-Baixas	Medias-altas	Altas	Índice (0-8)
I. Balears	Home	11,3	8,1	12,2	11,6	56,9	5,7
	Muller	11,7	9,5	11,6	12,7	54,6	5,58
	Total	11,5	8,8	11,9	12,1	55,7	5,64
Cataluña	Home	3,5	4,8	9,8	10	71,8	6,67
	Muller	4,1	5,6	9,7	9,7	70,9	6,59
	Total	3,8	5,2	9,8	9,8	71,3	6,63
C. Valenciana	Home	13,6	8,9	13,9	14,4	49,2	5,31
	Muller	14,6	11,1	13,4	14,6	46,3	5,12
	Total	14,1	10	13,6	14,5	47,7	5,21
Galicia	Home	1,5	2,3	6,3	9,5	80,4	7,18
	Muller	1,4	2,7	7,4	11,4	77,2	7,06
	Total	1,4	2,5	6,8	10,5	78,7	7,12
C. F. Navarra	Home	74,2	1,8	4,7	2,6	16,7	1,68
	Muller	76	1,8	4,9	2,5	14,8	1,53
	Total	75,1	1,8	4,8	2,5	15,8	1,61
País Vasco	Home	28,3	7,7	14,9	7,7	41,4	4,4
	Muller	29,3	7,4	13,4	7,8	42,1	4,4
	Total	28,8	7,6	14,1	7,7	41,8	4,4

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

### 2.3 Análise por idade

A segmentación por idades si mostra variación e diferenzas moi salientables tanto entre os diferentes tramos, como entre as diversas comunidades analizadas.

Galicia é a autonomía na que maior porcentaxe de poboación residente de máis de 20 anos afirma entender ben a lingua cooficial (porcentaxes entre o 93,2% e o 94,3% nas tres cohortes de 20 anos ou máis). Non acontece o mesmo no tramo máis novo, o dos menores de 20 anos, no que a porcentaxe de persoas que entenden ben o galego baixa ata o 86%, o que a sitúa por detrás de Cataluña (91,2%). Nesta comunidade, de feito, as per-

soas menores de 20 anos son as que en maior medida manifestan entender ben o catalán (porcentaxe que rexistra o seu valor máis baixo na cohorte máis vella, de 60 anos en adiante). Con esas cifras Cataluña acada a mellor posición da táboa entre os menores de 20, pero nas tres cohortes restantes sitúase en segundo lugar por detrás de Galicia.

Tamén contrariamente ao que acontece en Galicia, as Illas Baleares presentan unha relación inversamente proporcional entre idade e capacidade para comprender ben o catalán (a porcentaxe de persoas que o entenden ben vai do 70% da cohorte máis vella ao 84,1% da máis nova).

Na Comunidade Valenciana a relación non é lineal pero igualmente amosa o valor máis baixo na cohorte máis vella, cun 64,5% que entende ben o valenciano, mentres que os datos máis altos corresponden as dúas máis novas, con porcentaxes entre o 72,7% e o 76,2%.

No País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra a capacidade para entender a lingua cooficial é tamén maior canto máis nova é a poboación, de feito a porcentaxe de quen entende ben o éuscaro vai do 27,5% da cohorte de 60 anos en adiante ao 83,1% da menor de 20 no caso do País Vasco e do 10,8% ao 32% no da Comunidade Foral de Navarra. Nestas dúas comunidades cómpre sinalar a importancia porcentual da poboación sen capacidade de comprensión da segunda lingua oficial, que no País Vasco acada o 52,8% entre as persoas de 60 anos ou máis e na Comunidade Foral de Navarra o 84,1% (en clara contraposición cos respectivos 4,4% e 62,8% das que aínda non chegaron aos 20).

#### Coñecemento da lingua cooficial por idade: Entende

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Menos de 20 anos	5,7	10,2	84,1	1,78
	De 20 a 39 anos	10,4	12,7	76,8	1,66
	De 40 a 59 anos	14,5	15	70,5	1,56
	60 anos o máis	16,1	14	70	1,54
	Total	12,2	13,3	74,5	1,62
Cataluña	Menos de 20 anos	2,4	6,4	91,2	1,89
	De 20 a 39 anos	4,4	9,9	85,8	1,81
	De 40 a 59 anos	4	9,6	86,4	1,82
	60 anos o máis	5,1	10,2	84,8	1,8
	Total	4,1	9,2	86,8	1,83
C. Valenciana	Menos de 20 anos	10	17,2	72,7	1,63
	De 20 a 39 anos	11	12,8	76,2	1,65
	De 40 a 59 anos	15,1	15,7	69,1	1,54
	60 anos o máis	19,9	15,6	64,5	1,45

	Total	14,5	15,3	70,2	1,56
Galicia	Menos de 20 anos	2,8	11,1	86	1,83
	De 20 a 39 anos	1,3	4,6	94,1	1,93
	De 40 a 59 anos	1,1	4,6	94,3	1,93
	60 anos o máis	1,5	5,3	93,2	1,92
	Total	1,5	5,8	92,7	1,91
C. F. Navarra	Menos de 20 anos	62,8	5,2	32	0,69
	De 20 a 39 anos	70,3	5,5	24,2	0,54
	De 40 a 59 anos	79,3	6,7	14	0,35
	60 anos o máis	84,1	5,1	10,8	0,27
	Total	75,3	5,7	19	0,44
País Vasco	Menos de 20 anos	4,4	12,5	83,1	1,79
	De 20 a 39 anos	17,9	15,5	66,6	1,49
	De 40 a 59 anos	28,9	28,5	42,6	1,14
	60 anos o máis	52,8	19,8	27,5	0,75
	Total	29,6	20,4	49,9	1,2

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Cabe destacar que Galicia é a única comunidade autónoma na que os niveis de competencia dos menores de 20 anos á hora de entender, falar e ler o idioma propio é sempre máis baixo que nos dos restantes tramos de idade, mentres que nas outras comunidades esa cohorte adoita situarse como un dos segmentos con maiores competencias. Estes datos poden estar indicando que mentres noutros territorios obsérvase unha recuperación de competencias no idioma propio da comunidade entre a xeración mais nova, en Galicia estas están mingando.

De feito, os datos mostran que entre as cohortes de máis de 20 anos os galegos son os que presentan porcentaxes máis elevadas de competencias altas, mentres que entre os máis novos son os cataláns os que se sitúan en primeira posición. Dun xeito semellante, tamén no caso da capacidade para ler pódese afirmar que Galicia é a comunidade con maiores capacidades de lectura na lingua propia entre a poboación de 20 anos en adiante, pero non así entre os menores de 20, onde de novo se ve superada por Cataluña.

Máis polo miúdo, a porcentaxe de residentes en Galicia que afirman ler ben en galego acada o 90,8% na cohorte de 20 a 39 anos, o 90,2% na de 40 a 59 pero baixa o 78,1% na de 60 en adiante. Con estes datos mantén a primeira posición fronte a Cataluña, onde a porcentaxe de residentes que len ben en catalán se sitúa no 82,7% entre as persoas de 20 a 39 anos, no

81,3% entre as de 40 a 59 e no 71,6% entre as que teñen 60 ou máis. Porén, no tramo de menos de 20 anos a porcentaxe de residentes en Galicia que len ben o galego fica no 71,9%, mentres que en Cataluña len ben o catalán o 77,1%.

En canto ás demais comunidades, tanto as Illas Baleares como a Comunidade Valenciana obteñen os mellores resultados nas dúas cohortes máis novas e as máis baixas na de maiores de 60 anos. O País Vasco e a Comunidade Foral de Navarra amosan de novo unha relación lineal con porcentaxes máis altas de poboación que le ben a súa lingua cooficial canto máis nova é esta (do 22,1% ao 69,4% no primeiro caso e do 8,8% ao 25,4% no segundo).

#### Coñecemento da lingua cooficial por idade: Le

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Menos de 20 anos	16,8	13,6	69,6	1,53
	De 20 a 39 anos	12,9	16,1	71	1,58
	De 40 a 59 anos	20,7	15	64,4	1,44
	60 anos ou máis	26,6	20,5	52,9	1,26
	Total	19,2	16,3	64,5	1,45
Cataluña	Menos de 20 anos	13,5	9,4	77,1	1,64
	De 20 a 39 anos	6,6	10,7	82,7	1,76
	De 40 a 59 anos	6,8	11,9	81,3	1,74
	60 anos o máis	12,3	16,1	71,6	1,59
	Total	9,4	12,2	78,4	1,69
C. Valenciana	Menos de 20 anos	20,2	19	60,8	1,41
	De 20 a 39 anos	15,6	13,7	70,7	1,55
	De 40 a 59 anos	22,2	18,9	58,9	1,37
	60 anos o máis	33,8	23,8	42,4	1,09
	Total	23,4	19	57,5	1,34
Galicia	Menos de 20 anos	14,8	13,3	71,9	1,57
	De 20 a 39 anos	2,9	6,3	90,8	1,88
	De 40 a 59 anos	2,4	7,4	90,2	1,88
	60 anos o máis	5,3	16,6	78,1	1,73
	Total	5,3	11,1	83,6	1,78
C. F. Navarra	Menos de 20 anos	68	6,6	25,4	0,57
	De 20 a 39 anos	71	5	24	0,53
	De 40 a 59 anos	80	6,7	13,3	0,33
	60 anos o máis	85,8	5,4	8,8	0,23
	Total	77,2	5,9	16,9	0,4
País Vasco	Menos de 20 anos	16,3	14,3	69,4	1,53
	De 20 a 39 anos	20,7	13,3	66	1,45
	De 40 a 59 anos	33	24,4	42,6	1,1
	60 anos o máis	60,5	17,4	22,1	0,62
	Total	35,9	18,3	45,8	1,1

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Respecto da capacidade para falar ben a lingua cooficial repítense as tendencias observadas en canto a comprensión, pois de novo é Galicia a que presenta os mellores datos da táboa pero só nas tres cohortes de 20 anos en adiante, mentres que na máis nova rexistra o seu peor valor e fica por detrás de Cataluña.

A porcentaxe de residentes en Galicia que afirma falar ben o galego supera con claridade o 80% nas tres cohortes de 20 anos en adiante (con valores entre o 84,5% e o 86,6%), porén, non pasa do 70,8% entre os menores de 20 anos. Mentres, a porcentaxe de persoas que falan ben o catalán medra conforme descende a idade dos enquisados, con índices que van do 67,7% das persoas de 60 anos ou máis ao 85% das que teñen menos de 20.

Como na variable anterior, tamén no caso da capacidade para falar ben a lingua cooficial da comunidade, as Illas Baleares e a Comunidade Valenciana obteñen os seus mellores datos nos dous tramos de idade de menos de 40 anos (cos respectivos 70,5%-62,8% e 58,7%-60,3%). O País Vasco e a Comunidade Foral de Navarra seguen a amosar unha maior porcentaxe de poboación ben capacitada para falar o idioma cooficial canto máis novos son os enquisados (con porcentaxes entre o 24,7% e o 75,5% e entre o 9,4% e o 28,6%, respectivamente).

#### Coñecemento da lingua cooficial por idade: Fala

		Nada	Con Dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Menos de 20 anos	9,1	20,4	70,5	1,61
	De 20 a 39 anos	18,2	19	62,8	1,45
	De 40 a 59 anos	27,4	18,5	54,2	1,27
	60 anos o máis	29,3	15,9	54,7	1,25
	Total	22,1	18,4	59,5	1,37
Cataluña	Menos de 20 anos	4,1	10,9	85	1,81
	De 20 a 39 anos	9,9	12,9	77,2	1,67
	De 40 a 59 anos	10	16,8	73,1	1,63
	60 anos o máis	16,3	16,1	67,7	1,51
	Total	10,4	14,6	75	1,65
C. Valenciana	Menos de 20 anos	14,9	26,4	58,7	1,44
	De 20 a 39 anos	19,7	20	60,3	1,41
	De 40 a 59 anos	29,8	23,1	47,1	1,17
	60 anos o máis	36,9	18,5	44,6	1,08
	Total	26,6	21,8	51,6	1,25
Galicia	Menos de 20 anos	7,6	21,7	70,8	1,63
	De 20 a 39 anos	4,9	8,5	86,6	1,82
	De 40 a 59 anos	4,1	11,4	84,5	1,8
	60 anos o máis	4,1	10,8	85,1	1,81
	Total	4,8	12,2	83,1	1,78



C. F. Navarra	Menos de 20 anos	63,4	8,1	28,6	0,65
	De 20 a 39 anos	71,2	6,4	22,4	0,51
	De 40 a 59 anos	81,1	6,6	12,3	0,31
	60 anos o máis	85,1	5,5	9,4	0,24
	Total	76,5	6,6	17	0,41
País Vasco	Menos de 20 anos	5,8	18,7	75,5	1,7
	De 20 a 39 anos	22,3	17	60,7	1,38
	De 40 a 59 anos	35,8	29,3	34,9	0,99
	60 anos o máis	59,2	16,1	24,7	0,65
	Total	34,9	21	44,1	1,09

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Finalmente, tamén na capacidade para escribir na lingua propia se repite o esquema polo cal Galicia é a comunidade con maior porcentaxe de poboación capacitada dende os 20 anos en adiante, pero por detrás de Cataluña entre os máis novos.

A porcentaxe de residentes en Galicia que afirman poder escribir ben en galego acada ou supera o 80% nas dúas cohortes de idade intermedias: o 85,7% na de 20 a 39 anos e o 80,9% na de 40 a 59. O valor máis baixo obteno entre as persoas de 60 anos ou máis (61,1%), pois entre os máis novos poden escribir ben en galego o 67,3%. Con estes datos, sitúase en primeira posición respecto das demais comunidades autónomas nas cohortes de máis de 20 anos, mentres que entre os menores desa idade, onde a cifra dos que declaran escribir ben en galego é do 67,3%, fica por detrás de Cataluña (72,3%). Estes datos tamén mostran como nas dúas capacidades onde pode ter unha maior influencia a existencia dunha ensinanza regrada, ler e escribir, son as únicas nas que en Galicia os menores de 20 anos mostran un maior nivel de competencia que os maiores de 60.

Polo demais, a porcentaxe dos que manifestan escribir ben en catalán acada o seu valor máis alto na poboación de 20 a 39 anos (75,2%) e o máis baixo na de 60 ou máis (67%). Pola súa parte, a porcentaxe de residentes nas Illas Baleares que poden escribir ben nese idioma é maior canto menor é a súa idade (pasando do 29,8% da cohorte máis vella ao 62,9% da máis nova). Na Comunidade Valenciana as porcentaxes máis elevadas atópanse nas dúas cohortes máis novas (54,2% e 57,2%), que contrastan cos valores máis baixos das dúas máis vellas (38,9% e 22,2%). O País Vasco e a Comunidade Foral de Navarra volven a presentar porcentaxes de resposta positiva máis altas canto máis nova é a poboación (do

17,9% dos máis vellos ao 65,9% dos máis novos no primeiro caso e do 6,8% ao 24% no segundo).

Compróbase polo tanto como en todas as comunidades analizadas o nivel de competencia na escrita é máis baixo entre os maiores de 60 anos, situación que cabía esperar dada a importancia da ensinanza regrada para esta capacidade e a recente implantación do ensino das linguas cooficiais no estado español.

#### Coñecemento da lingua cooficial por idade: Escribe

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Balears	Menos de 20 anos	17,6	19,5	62,9	1,45
	De 20 a 39 anos	22,6	16,8	60,6	1,38
	De 40 a 59 anos	35	17,8	47,2	1,12
	60 anos o máis	45,3	24,9	29,8	0,85
	Total	30,9	19,5	49,7	1,19
Cataluña	Menos de 20 anos	13,8	13,9	72,3	1,58
	De 20 a 39 anos	13,5	11,3	75,2	1,62
	De 40 a 59 anos	15,1	17,9	67	1,52
	60 anos o máis	28,1	26,5	45,4	1,17
	Total	17,8	17,7	64,5	1,47
C. Valenciana	Menos de 20 anos	21,5	24,4	54,2	1,33
	De 20 a 39 anos	22,4	20,5	57,2	1,35
	De 40 a 59 anos	37,2	23,9	38,9	1,02
	60 anos o máis	52,3	25,5	22,2	0,7
	Total	35	23,6	41,4	1,06
Galicia	Menos de 20 anos	15,4	17,4	67,3	1,52
	De 20 a 39 anos	6,3	8,1	85,7	1,79
	De 40 a 59 anos	6,1	13,1	80,9	1,75
	60 anos o máis	11,1	27,8	61,1	1,5
	Total	9,2	17,6	73,3	1,64
C. F. Navarra	Menos de 20 anos	67,8	8,2	24	0,56
	De 20 a 39 anos	71,7	5,6	22,7	0,51
	De 40 a 59 anos	82,1	6,4	11,5	0,29
	60 anos o máis	87,6	5,6	6,8	0,19
	Total	78,4	6,4	15,2	0,37
País Vasco	Menos de 20 anos	16,5	17,6	65,9	1,49
	De 20 a 39 anos	23,9	14,8	61,3	1,37
	De 40 a 59 anos	37,9	26,1	36	0,98
	60 anos o máis	66,2	16	17,9	0,52
	Total	39,9	19,3	40,9	1,01

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

A síntese destas catro variables nun indicador que dea conta do nivel de competencia xeral da poboación residente no uso da lingua cooficial -que,

.....

como xa se viu, clasifica as competencias en baixas, medias-baixas, medias-altas ou altas- reflicte, de xeito coherente co xa analizado, que esa maior competencia no uso do galego non é homoxénea por idades, pois destaca nas cohortes de poboación de 20 anos ou máis, mentres o segmento máis novo amosa un nivel de competencia non tan elevado que en termos comparados se sitúa por detrás de Cataluña nese tramo de idade no uso do catalán.

Como se pode observar na seguinte táboa, a porcentaxe de poboación cunha competencia media-alta ou alta no uso do galego acada o 92% nas dúas cohortes de idade intermedias e fica preto, no 89,3%, na máis vella, pero entre os menores de 20 anos baixa ata o 78,6%. No caso de Cataluña, os valores máis altos desa porcentaxe agregada de persoas con competencias medias-altas ou altas atópanse nas tres cohortes máis novas (na orde do 83%), mentres se sitúa no 75,4% na de 60 anos en adiante. Con estes datos, Galicia é a comunidade con maiores porcentaxes de poboación con competencias medias-altas ou altas nas tres cohortes de 20 anos en adiante (con entre 5 e 10 puntos porcentuais de vantaxe en relación a Cataluña que se sitúa en segundo lugar), pero na de menos de 20 fica por detrás de Cataluña (a case 5 puntos).

A táboa permite observar tamén unha maior porcentaxe agregada de competencias medias-altas e altas no idioma cooficial correspondente canto menor é a idade da poboación. No caso das Illas Baleares (do 60,4% dos máis vellos ao 76,6% dos máis novos), do País Vasco (do 26,9% ao 76%) e da Comunidade Foral de Navarra (do 10,6% ao 28,4%). Na Comunidade Valenciana os valores máis altos corresponden ás dúas cohortes de menos de 40 anos (67,2% e 72,3%) e o máis baixo á de 60 ou máis (50,9%).

Polo tanto, estes datos mostran que mentres noutras comunidades autónomas percíbese unha recuperación de competencias no idioma propio entre a xeración mais nova, en Galicia están minguando, xa que se ben o nivel de competencia dos menores de 20 anos aínda é elevado, o certo é que se trata da única comunidade na que neste tramo de idade se rexistra o nivel máis baixo dentro das distintas cohortes de idade.



### Competencias na lingua cooficial por idade

		Non declara	Bai- xas	Medias- Baixas	Medias- altas	Altas	Índice (0-8)
I. Baleares	Menos de 20 anos	5,2	5	13,1	10,3	66,3	6,38
	De 20 a 39 anos	9,2	6,9	11,7	8,5	63,6	6,07
	De 40 a 59 anos	13,9	10,5	10,9	11,7	53	5,39
	60 anos o más	15,6	11,4	12,5	18,5	42	4,9
	Total	11,5	8,8	11,9	12,1	55,7	5,64
Cataluña	Menos de 20 anos	2,3	3,2	11	8,1	75,4	6,92
	De 20 a 39 anos	4	4,7	7,7	6,4	77,2	6,87
	De 40 a 59 anos	3,8	4,6	9,1	10	72,7	6,72
	60 anos o más	4,8	8,1	11,7	14,3	61,1	6,08
	Total	3,8	5,2	9,8	9,8	71,3	6,63
C. Valenciana	Menos de 20 anos	9,9	5,7	17,2	11,4	55,8	5,8
	De 20 a 39 anos	10,6	7,1	9,5	11,7	61	5,96
	De 40 a 59 anos	14,7	10,9	13,1	15,4	45,9	5,1
	60 anos o más	19,5	14,3	15,3	17,9	33	4,31
	Total	14,1	10	13,6	14,5	47,7	5,21
Galicia	Menos de 20 anos	2,6	5,8	13	10,9	67,7	6,55
	De 20 a 39 anos	1,3	2,3	4,4	4,7	87,3	7,42
	De 40 a 59 anos	1,1	1,6	5,1	8,1	84,2	7,36
	60 anos o más	1,3	2,1	7,3	16,1	73,2	6,96
	Total	1,4	2,5	6,8	10,5	78,7	7,12
C. F. Navarra	Menos de 20 anos	62,6	1,4	7,6	3,7	24,7	2,48
	De 20 a 39 anos	70,2	1,3	4,1	1,9	22,6	2,09
	De 40 a 59 anos	79	2	4,9	1,9	12,1	1,29
	60 anos o más	83,8	2,2	3,4	2,9	7,7	0,93
	Total	75,1	1,8	4,8	2,5	15,8	1,61
País Vasco	Menos de 20 anos	4,3	3,9	15,8	9,1	66,9	6,51
	De 20 a 39 anos	17,6	5	9,9	6,2	61,3	5,7
	De 40 a 59 anos	27,7	8,5	18,6	9,3	35,9	4,21
	60 anos o más	51,5	10,5	11,2	6,3	20,5	2,54
	Total	28,8	7,6	14,1	7,7	41,8	4,4

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

## 2.4 Análise por nivel de estudos

A porcentaxe de persoas residentes en Galicia que xulgan cun "ben" a súa capacidade para entender o galego é lixeiramente maior canto máis alto é o seu nivel de estudos, superando o 90% nos catro segmentos nos que se clasificou dito nivel (pasa do 92,% do nivel máis baixo ao 95,5% do máis alto). Cómpre apuntar, porén, que a categoría "non aplicable (menor de 16 anos)", que recolle ás persoas que por idade aínda non completaron a súa formación obrigatoria, presenta un valor significativamente inferior,

82,7%, o que redunda no xa comentado a propósito da segmentación por idades (unha menor competencia entre a xeración máis nova).

As diferenzas son notablemente maiores nas demais comunidades autónomas, constatándose maiores porcentaxes da resposta positiva (“ben”) canto maior é o nivel de estudos: en Cataluña pasan do 65% do nivel formativo máis baixo ao 92,3% do máis alto, nas Illas Baleares do 64,1% ao 77,3%, na Comunidade Valenciana do 56,3% ao 80,9%, no País Vasco do 20,4% ao 62,1% e na Comunidade Foral de Navarra do 8,1% ao 21,2%.

Con estas porcentaxes Galicia é a comunidade con maior capacitación da súa poboación residente en todos os niveis formativos para entender a súa lingua cooficial (aínda que con escasa vantaxe sobre Cataluña). Con todo, no segmento das persoas menores de 16, ás que non se atribúe nivel académico pois aínda se atopan en idade de formación obrigatoria, o 82,7% de persoas que entenden ben o galego fica por detrás do 90,1% das que entenden ben o catalán. É máis, nese segmento os datos rexistrados en Galicia son moi similares aos recollidos nas Illas Baleares (81,3%) e País Vasco (81,9%).

#### Coñecemento da lingua cooficial por nivel de estudos: Entende

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Educación primaria e inferior	21,8	14,1	64,1	1,42
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	12,3	13,1	74,6	1,62
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	12,4	14,1	73,5	1,61
	Educación superior	9,7	13	77,3	1,68
	Non aplicable (menor de 16 anos)	6,8	11,9	81,3	1,75
	Total	12,2	13,3	74,5	1,62
Cataluña	Educación primaria e inferior	13,3	21,6	65	1,52
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	3,7	10,5	85,8	1,82
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	2,5	6,3	91,2	1,89
	Educación superior	2	5,7	92,3	1,9
	Non aplicable (menor de 16 anos)	2,9	7	90,1	1,87
	Total	4,1	9,2	86,8	1,83
C. Valenciana	Educación primaria e inferior	26,5	17,2	56,3	1,3
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	16,7	16,8	66,5	1,5

## DOCUMENTOS DE TRABALLO



	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	11,5	13,6	75	1,64
	Educación superior	8,2	10,9	80,9	1,73
	Non aplicable (menor de 16 anos)	11,5	19,4	69,1	1,58
	Total	14,5	15,3	70,2	1,56
Galicia	Educación primaria e inferior	2,1	5,9	92	1,9
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	0,8	5,3	93,8	1,93
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	1,1	4,3	94,6	1,94
	Educación superior	1,2	3,3	95,5	1,94
	Non aplicable (menor de 16 anos)	3,6	13,6	82,7	1,79
	Total	1,5	5,8	92,7	1,91
C. F. Navarra	Educación primaria e inferior	89,5	2,4	8,1	0,19
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	83,5	4,4	12,1	0,29
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	72,7	6,5	20,8	0,48
	Educación superior	70,6	8,2	21,2	0,51
	Non aplicable (menor de 16 anos)	63,3	5,4	31,4	0,68
	Total	75,3	5,7	19	0,44
País Vasco	Educación primaria e inferior	67,4	12,2	20,4	0,53
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	45,6	22,6	31,9	0,86
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	24,1	24,5	51,3	1,27
	Educación superior	16,3	21,6	62,1	1,46
	Non aplicable (menor de 16 anos)	4,3	13,7	81,9	1,78
	Total	29,6	20,4	49,9	1,2

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Na capacidade para ler en galego, a relación directamente proporcional entre competencia e nivel académico é considerablemente máis forte que na capacidade para entender, con porcentaxes de resposta positiva ("ben") que medran do 73,2% do segmento co menor nivel formativo ao 92,6% do máis alto. Esa tendencia repítese nas demais comunidades autónomas, en Cataluña con valores que se sitúan entre o 45% do nivel formativo máis baixo e o 90,7% do máis alto; nas Illas Baleares entre o 38,9% e o 75,5%; na Comunidade Valenciana entre o 31% e o 75,7%; no País Vasco entre o 15,6% e o 61,6%; e na Comunidade Foral de Navarra entre o 6,2% e o 21,1%.

Con estes valores Galicia mantén a súa primeira posición na comparativa coas demais comunidades autónomas con lingua cooficial en todos os niveis educativos (se ben por escasa marxe de vantaxe con Cataluña nos dous segmentos de maior nivel formativo). Pero tamén aquí hai que prestar atención ao segmento da poboación menor de 16 anos (que aínda non rematou os seus estudos) que reflicten en Galicia unha competencia moi inferior á do resto dos niveis formativos da poboación galega (declaran ler ben o galego só o 64,8% deste segmento), de xeito que fica por detrás dos niveis de competencia declarados polos cataláns dese segmento (72,1%) e con cifras moi similares ás rexistradas entre os baleares e os vascos.

**Coñecemento da lingua cooficial por nivel de estudos: Le**

		Nada	Con difi- cultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Educación primaria e inferior	35,9	25,1	38,9	1,03
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	19,3	18,3	62,3	1,43
	2ª etapa Educ. secundaria e				
	Educ. postsecundaria non superior	16,1	13,2	70,7	1,55
	Educación superior	11,9	12,5	75,5	1,64
	Non aplicable (menor de 16 anos)	21	16	63	1,42
	Total	19,2	16,3	64,5	1,45
Cataluña	Educación primaria e inferior	27,6	27,4	45	1,17
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	7,3	15,1	77,6	1,7
	2ª etapa Educ. secundaria e				
	postsecundaria non superior	3,7	8,5	87,8	1,84
	Educación superior	3,4	6	90,7	1,87
	Non aplicable (menor de 16 anos)	17,1	10,8	72,1	1,55
	Total	9,4	12,2	78,4	1,69
C. Valenciana	Educación primaria e inferior	43,5	25,5	31	0,87
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	26,7	20,7	52,6	1,26
	2ª etapa Educ. secundaria e				
	postsecundaria non superior	16,9	16,5	66,6	1,5
	Educación superior	11,1	13,2	75,7	1,65
	Non aplicable (menor de 16 anos)	24,2	21,2	54,6	1,3
	Total	23,4	19	57,5	1,34

DOCUMENTOS DE TRABALLO



Galicia	Educación primaria e inferior	7,2	19,5	73,2	1,66
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	2,8	10	87,2	1,84
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	2,2	6,9	90,9	1,89
	Educación superior	2,1	5,2	92,6	1,91
	Non aplicable (menor de 16 anos)	18,9	16,3	64,8	1,46
	Total	5,3	11,1	83,6	1,78
	<hr/>				
C. F. Navarra	Educación primaria e inferior	90,1	3,7	6,2	0,16
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	84,8	4,2	11	0,26
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	73,8	6,5	19,7	0,46
	Educación superior	71,3	7,6	21,1	0,5
	Non aplicable (menor de 16 anos)	69,9	7,2	22,9	0,53
	Total	77,2	5,9	16,9	0,4
	<hr/>				
País Vasco	Educación primaria e inferior	73,2	11,2	15,6	0,42
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	52,9	17,5	29,5	0,77
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	28,5	22	49,5	1,21
	Educación superior	19	19,3	61,6	1,43
	Non aplicable (menor de 16 anos)	19,7	16	64,3	1,45
	Total	35,9	18,3	45,8	1,1

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Como no caso da competencia para entender, os datos que teñen que ver con falar a lingua propia da comunidade, volven mostrar en Galicia escasas diferenzas porcentuais entre os distintos niveis de estudo, de non máis de 2,5 puntos entre o valor máis elevado e o máis baixo. Con todo, cabe sinalar que neste caso a porcentaxe de poboación que considera que fala ben o galego é menor no nivel máis alto de estudos (84,2%) que no máis baixo (86,7%), unha tendencia que só se rexistra en Galicia, pois nas restantes comunidade autónomas con lingua cooficial a autopercepción da capacidade para falala incrementase a media que o fai o nivel de estudos.



En todo caso, Galicia mantense tamén nesta capacidade como a comunidade autónoma con maior competencia en todos os niveis educativos, aínda que por moi escasa marxe sobre Cataluña, sobre todo nos dous máis altos (diferenzas inferiores aos 4 puntos). Pero de novo hai que falar dunha notable excepción no segmento dos menores de 16 anos. Nese caso, a porcentaxe de residentes en Galicia que falan ben o galego non pasa do 65,1%, polo que só neste segmento a comunidade galega ocupa a terceira posición, situándose por detrás de Cataluña, onde afirman falar ben o catalán o 82,7% das persoas dese treito, e do País Vasco (73,2%).

No caso de Cataluña compróbase como a autopercepción de falar ben o catalán é claramente maior canto maior é o nivel formativo da poboación (un 44,3% en educación primaria e un 83,3% en estudos superiores). Algo similar acontece no País Vasco, onde estas porcentaxes pasan do 19,1% ao 54,7%. Esta tendencia repítese nos restantes territorios analizados, con incrementos non tan intensos (ao redor dos 10-15 puntos porcentuais).

#### Coñecemento da lingua cooficial por nivel de estudos: Fala

		Nada	Con dificultade	Ben	índice (0-2)
I. Baleares	Educación primaria e inferior	37,7	14,8	47,5	1,1
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	22,7	20,6	56,7	1,34
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	22,4	18,2	59,4	1,37
	Educación superior	19,4	15,2	65,4	1,46
	Non aplicable (menor de 16 anos)	11	21,5	67,5	1,57
	Total	22,1	18,4	59,5	1,37
Cataluña	Educación primaria e inferior	32	23,7	44,3	1,12
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	10,5	18,7	70,8	1,6
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	6,4	11,8	81,8	1,75
	Educación superior	6,9	9,9	83,3	1,76
	Non aplicable (menor de 16 anos)	5	12,4	82,7	1,78
	Total	10,4	14,6	75	1,65
C. Valenciana	Educación primaria e inferior	43,8	17	39,2	0,95
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	31,8	21,7	46,5	1,15
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	23,2	22,4	54,4	1,31
	Educación superior	17,9	19,6	62,6	1,45

DOCUMENTOS DE TRABAJO



	Non aplicable (menor de 16 anos)	16,6	28,9	54,5	1,38
	Total	26,6	21,8	51,6	1,25
Galicia	Educación primaria e inferior	4,2	9,2	86,7	1,83
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	3,7	10,8	85,5	1,82
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	4,1	10,8	85	1,81
	Educación superior	5	10,8	84,2	1,79
	Non aplicable (menor de 16 anos)	9,5	25,4	65,1	1,56
	Total	4,8	12,2	83,1	1,78
C. F. Navarra	Educación primaria e inferior	89,7	2,9	7,4	0,18
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	84,4	4,5	11,1	0,27
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	74,1	7,2	18,7	0,45
	Educación superior	72,5	8,8	18,7	0,46
	Non aplicable (menor de 16 anos)	64	8,3	27,7	0,64
	Total	76,5	6,6	17	0,41
País Vasco	Educación primaria e inferior	71,1	9,8	19,1	0,48
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	52,1	19,5	28,3	0,76
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	30,9	24,6	44,5	1,14
	Educación superior	21,4	23,8	54,7	1,33
	Non aplicable (menor de 16 anos)	6,1	20,7	73,2	1,67
	Total	34,9	21	44,1	1,09

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Como cabía esperar, dada a importancia da formación regrada na capacidade para escribir ben unha lingua, en Galicia as diferenzas entre segmentos volven a incrementarse substancialmente na análise da capacidade para escribir ben en galego, do 57,8% do nivel académico máis baixo ao 82% dos dous niveis máis altos. Algo similar acontece en Cataluña onde as porcentaxes pasan do 44,3% ao 83,3%. Con estes datos, Galicia é a comunidade con mellores resultados no que atinxe a escribir ben a lingua cooficial, seguida por Cataluña nos tres primeiros chanzos da escala formativa, pero xa non entre os enquisados con estudos superiores. Ademais, de novo cómpre prestar atención á excepción que supoñen os menores de 16 anos,

que aínda non remataron a formación obrigatoria. Dese colectivo, en Galicia só consideran que escriben ben o galego o 60%, fronte ao 66,3% de Cataluña ou o 60,7% do País Vasco.

Nesta capacidade de escribir ben a lingua cooficial as demais comunidades autónomas seguen a amosar unha maior capacitación canto maior é o nivel académico da poboación (con porcentaxes entre o 21,8% do nivel máis baixo e o 63% do máis alto nas Illas Baleares; do 17,5% ao 57,5% na Comunidade Valenciana; do 12,3% ao 55,2% no País Vasco; e do 4,6% ao 18,7% na Comunidade Foral de Navarra).

**Coñecemento da lingua cooficial por nivel de estudos: Escribe**

		Nada	Con Dificul- tade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Educación primaria e inferior	53,5	24,7	21,8	0,68
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	33,2	22,4	44,4	1,11
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	28,1	16,9	54,9	1,27
	Educación superior	24	13	63	1,39
	Non aplicable (menor de 16 anos)	21,9	22,9	55,2	1,33
	Total	30,9	19,5	49,7	1,19
	Cataluña	Educación primaria e inferior	48,1	27,6	24,4
1ª etapa de Educ. secundaria e similar		18,6	24,4	57	1,38
2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior		10	14,1	75,8	1,66
Educación superior		9,6	10,5	79,9	1,7
Non aplicable (menor de 16 anos)		17,5	16,2	66,3	1,49
Total		17,8	17,7	64,5	1,47
C. Valenciana		Educación primaria e inferior	58,8	23,7	17,5
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	41,3	24,5	34,2	0,93
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	29,3	23,5	47,2	1,18
	Educación superior	22,1	20,4	57,5	1,35
	Non aplicable (menor de 16 anos)	25,1	26,3	48,6	1,24
	Total	35	23,6	41,4	1,06

DOCUMENTOS DE TRABALLO



Galicia	Educación primaria e inferior	12,4	29,8	57,8	1,45
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	6,7	16,4	76,9	1,7
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	6,1	11,6	82,2	1,76
	Educación superior	6,5	11,5	82	1,75
	Non aplicable (menor de 16 anos)	19,6	20,4	60	1,4
	Total	9,2	17,6	73,3	1,64
	<hr/>				
C. F. Navarra	Educación primaria e inferior	91,4	4	4,6	0,13
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	86,2	4,1	9,6	0,23
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	75,1	6,7	18,2	0,43
	Educación superior	73,3	8	18,7	0,45
	Non aplicable (menor de 16 anos)	69,6	8,8	21,6	0,52
	Total	78,4	6,4	15,2	0,37
	<hr/>				
País Vasco	Educación primaria e inferior	75,9	11,7	12,3	0,36
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	57,6	17,2	25,2	0,68
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	33,9	22,1	43,9	1,1
	Educación superior	23,5	21,3	55,2	1,32
	Non aplicable (menor de 16 anos)	19,8	19,6	60,7	1,41
	Total	39,9	19,3	40,9	1,01

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Disto extráese que en Galicia as competencias para entender e para falar galego non amosan grandes diferenzas en función do nivel de estudos pero si o fan as relativas a ler e escribir. Cando se combinan esas catro capacidades no indicador xeral de competencia obtense que a porcentaxe de persoas cunha competencia xeral media-alta ou alta é maior canto maior é o nivel formativo, pasando do 87,6% do nivel máis baixo ao 93,1% do máis alto. Deste xeito, Galicia mantén nos catro niveis de estudos a primeira posición coa poboación con máis competencia para o uso da lingua propia,

seguida de Cataluña, na que os índices porcentuais pasan do 51,2% do nivel académico máis baixo ao 90,4% do máis alto, se ben cunha escasa vantaxe nos dous niveis máis altos, de menos de 4 puntos en cada caso.

Pero esta variable tamén reflicte o observado nas catro táboas anteriores, é dicir, que en Galicia a porcentaxe de persoas con competencias medias-altas ou altas que aínda non remataron o período de formación obrigatoria, os menores de 16 anos, non pasa do 73,2%, o que a sitúa por detrás de Cataluña (80%) e cuns porcentaxes moi similares aos rexistrados para ese segmento entre baleares e valencianos.

Nas restantes comunidades autónomas tamén se rexistra esa relación entre o incremento do nivel de estudos e o aumento das competencias autopercibidas no uso das respectivas linguas cooficiais, se ben dun xeito máis intenso do que se recolle entre os enquisados galegos.

#### Competencias na lingua cooficial por nivel de estudos

		Non declarada	Baixas	Medias-baixas	Medias-altas	Altas	Índice (0-8)
I. Baleares	Educación primaria e inferior	21	13,9	14,4	19,3	31,4	4,23
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	11,7	8,9	13,5	12	53,8	5,51
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	11,2	8,8	9,1	11,3	59,6	5,8
	Educación superior	9,5	7,1	9	8,7	65,6	6,16
	Non aplicable (menor de 16 anos)	6,2	6,3	15,8	12,4	59,3	6,06
	Total	11,5	8,8	11,9	12,1	55,7	5,64
Cataluña	Educación primaria e inferior	12,7	16,4	19,6	14,8	36,5	4,58
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	3,3	4,9	11,5	12,3	68	6,51
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	2,3	2,6	6,3	7,4	81,3	7,14
	Educación superior	1,9	3,4	4,4	7,3	83,1	7,24
	Non aplicable (menor de 16 anos)	2,7	4	13,2	9,9	70,1	6,69
	Total	3,8	5,2	9,8	9,8	71,3	6,63
C. Valenciana	Educación primaria e inferior	25,9	15,7	16,4	16,6	25,5	3,71
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	16,4	12,1	14,1	15	42,4	4,83

DOCUMENTOS DE TRABAJO



	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	11	8,5	11,7	14,9	53,8	5,62
	Educación superior	7,8	6,9	8,7	13,4	63,1	6,17
	Non aplicable (menor de 16 anos)	11,4	6,7	19,7	12,2	50,1	5,49
	Total	14,1	10	13,6	14,5	47,7	5,21
Galicia	Educación primaria e inferior	1,9	2,2	8,3	17	70,6	6,84
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	0,8	2,1	5,3	9,4	82,5	7,29
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	1	1,6	5,1	7	85,4	7,39
	Educación superior	1,2	1,7	4	7,8	85,3	7,4
	Non aplicable (menor de 16 anos)	3,4	7,5	16	12,8	60,4	6,21
	Total	1,4	2,5	6,8	10,5	78,7	7,12
C. F. Navarra	Educación primaria e inferior	89,2	1,2	1,8	2,3	5,6	0,66
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	83,3	1,7	3,1	1,6	10,3	1,05
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	72,5	2	4,6	2,4	18,5	1,82
	Educación superior	70,4	2,2	6	2,5	19	1,92
	Non aplicable (menor de 16 anos)	63,1	1,5	8,6	4,3	22,4	2,37
	Total	75,1	1,8	4,8	2,5	15,8	1,61
País Vasco	Educación primaria e inferior	66,1	7,4	6,7	5,3	14,6	1,8
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	44,1	10,7	12,9	5,4	26,8	3,07
	2ª etapa Educ. secundaria e postsecundaria non superior	23,4	7,9	15,8	8,8	44,2	4,72
	Educación superior	15,7	6,1	14,4	8,4	55,5	5,53
	Non aplicable (menor de 16 anos)	4,3	4,8	18,6	10,3	62	6,3
	Total	28,8	7,6	14,1	7,7	41,8	4,4

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE



## 2.5 Análise por nivel de ingresos

A análise das competencias na lingua cooficial en función do nivel de ingresos amosa no caso de Galicia unha disparidade respecto das demais comunidades autónomas. Nas catro competencias analizadas individualmente e na variable que as compendia para describir o nivel de competencia xeral, todas as comunidades presentan mellores datos canto maior é o nivel económico, pero no caso de Galicia isto só se cumpre na capacidade para ler e para escribir, mentres que nas de entender e falar non é no segmento de maior nivel de ingresos onde se rexistra o maior nivel de competencia. Se ben as diferenzas porcentuais cos demais tramos son reducidas, o certo é que son suficientes para afirmar que en Galicia non se constata esa maior competencia na lingua cooficial nos niveis económicos máis altos, unha cuestión que si se evidencia con claridade nos restantes territorios analizados.

En Galicia a porcentaxe de persoas con competencias para entender ben o galego achega a súa porcentaxe menos elevada no segmento de menor nivel económico, é dicir, menos de 1.000 euros mensuais como total de ingresos do fogar (88,9%). Este índice incrementase ata o 92,5 % no seguinte tramo e nos de máis de 1500 euros oscila entre o 93,6% e o 94,3%. En todo caso, en termos comparados Galicia presenta as maiores porcentaxes na categoría de resposta “Ben” en todos os segmentos desta variable, seguida unha vez máis por Cataluña, onde se aprecia con claridade unha maior capacidade para entender ben o catalán canto maior é o nivel de ingresos do fogar, a porcentaxe de persoas que o entenden ben pasa do 77,3% do tramo económico máis baixo a valores na orde do 93% nos dous tramos máis elevados, nos que a vantaxe de Galicia respecto desta comunidade é moi reducida (non pasa dos 1,1 puntos).

Nas Illas Baleares non se produce a mesma relación lineal pero igualmente se observa a menor porcentaxe de persoas con competencias para entender ben o catalán no nivel económico máis baixo (63,9%) e as máis elevadas nos dous niveis máis altos (80,2% e 82,2%). En cambio, na Comunidade Valenciana a relación si é lineal, correspondendo maior competencia para entender ben a lingua propia canto maior é o nivel de ingresos (do 61% ao 79,3%), igual que no País Vasco (do 32,9% ao 63,5%) e na Comunidade Foral de Navarra (do 9,4% ao 24,2%).

**Coñecemento da lingua cooficial por nivel de ingresos mensuais netos no fogar: Entende**

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Balears	Menos de 1.000 €	20	16,1	63,9	1,44
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	12	15,7	72,2	1,6
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	14	14,6	71,4	1,57
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	11,3	15,9	72,8	1,61
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	9,6	10,3	80,2	1,71
	3.000€ o más	9	8,8	82,2	1,73
	Total	12,2	13,3	74,5	1,62
Cataluña	Menos de 1.000 €	8,1	14,6	77,3	1,69
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	5,3	13,2	81,5	1,76
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	4,3	10,8	84,9	1,81
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	3,5	8,3	88,2	1,85
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	1,9	5	93,2	1,91
	3.000€ o más	2,3	4,9	92,8	1,9
	Total	4,1	9,2	86,8	1,83
C. Valenciana	Menos de 1.000 €	22	16,9	61	1,39
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	17,6	18	64,4	1,47
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	13,2	15,6	71,3	1,58
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	10,5	15,1	74,4	1,64
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	10,2	12,3	77,5	1,67
	3.000€ o más	9,3	11,4	79,3	1,7
	Total	14,5	15,3	70,2	1,56
Galicia	Menos de 1.000 €	2,5	8,6	88,9	1,86
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	1,6	5,9	92,5	1,91
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	1,1	5,2	93,6	1,93
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	1,5	4,4	94,2	1,93
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	1	4,8	94,3	1,93
	3.000€ o más	1,3	5,3	93,5	1,92
	Total	1,5	5,8	92,7	1,91
C. F. Navarra	Menos de 1.000 €	86,4	4,2	9,4	0,23
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	82	5,1	12,9	0,31
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	77,7	4,7	17,6	0,4
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	74,2	6	19,8	0,46
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	69,5	7,1	23,4	0,54
	3.000€ o más	69,4	6,3	24,2	0,55
	Total	75,3	5,7	19	0,44
País Vasco	Menos de 1.000 €	47,1	20,1	32,9	0,86
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	39,9	22,6	37,5	0,98
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	33,1	20,6	46,2	1,13
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	29,3	22,4	48,3	1,19
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	23,3	20,4	56,3	1,33
	3.000€ o más	18,4	18,1	63,5	1,45
	Total	29,6	20,4	49,9	1,2

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE



Na competencia para ler na lingua cooficial a análise revela unha maior capacidade canto maior é o nivel académico, tanto na comunidade galega como nas demais comunidades autónomas. No caso de Galicia, a porcentaxe de persoas que len ben en galego pasa do 76,7% do tramo económico máis baixo ao 87,2% do máis elevado. Con estes valores é, en todos os segmentos do cruce, a comunidade cunha poboación máis competente na lectura da súa lingua cooficial. A segunda volve a ser Cataluña, con porcentaxes entre o 65,9% e o 86,5% (nos dous niveis económicos máis altos, de 2.500 euros mensuais en adiante, fica a só 2 décimas dos valores rexistrados en Galicia).

En canto ás demais comunidades autónomas, a tendencia é a mesma que en Galicia e Cataluña, pero con valores máis baixos: do 53,6% no nivel económico máis baixo ao 73,7% do máis alto nas Illas Baleares; do 45,1% ao 69,3% na Comunidade Valenciana; do 30,7% ao 58,8% no País Vasco; e do 8,4% ao 21,9% na Comunidade Foral de Navarra.

**Coñecemento da lingua cooficial por nivel de ingresos mensuais netos no fogar: Le**

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Menos de 1.000 €	30,4	16	53,6	1,23
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	21,8	19,9	58,3	1,36
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	19,3	17,6	63,1	1,44
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	17,7	18,6	63,6	1,46
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	16,4	14,1	69,5	1,53
	3.000€ o más	14,2	12,1	73,7	1,6
	Total	19,2	16,3	64,5	1,45
Cataluña	Menos de 1.000 €	16,7	17,4	65,9	1,49
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	12	16,8	71,2	1,59
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	9,6	13,4	77	1,67
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	7,7	11,9	80,4	1,73
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	6,2	8,4	85,4	1,79
	3.000€ o más	6,3	7,3	86,5	1,8
	Total	9,4	12,2	78,4	1,69
C. Valenciana	Menos de 1.000 €	32,9	22	45,1	1,12
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	27,5	21,1	51,5	1,24
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	23,2	18,2	58,6	1,35
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	19	19,2	61,7	1,43
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	16,5	16,2	67,3	1,51
	3.000€ o más	15,5	15,3	69,3	1,54
	Total	23,4	19	57,5	1,34
Galicia	Menos de 1.000 €	6,6	16,7	76,7	1,7
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	5,1	12,7	82,2	1,77
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	4,5	10,4	85,1	1,81
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	5,3	8,5	86,1	1,81

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

	De 2.500€ a menos de 3.000 €	5,2	8,4	86,4	1,81
	3.000€ o más	5	7,9	87,2	1,82
	Total	5,3	11,1	83,6	1,78
C. F. Navarra	Menos de 1.000 €	87,5	4,1	8,4	0,21
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	83,5	5,2	11,3	0,28
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	79,3	4,6	16,1	0,37
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	76,7	6,3	17	0,4
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	71,3	8,3	20,3	0,49
	3.000€ o más	71,6	6,4	21,9	0,5
	Total	77,2	5,9	16,9	0,4
País Vasco	Menos de 1.000 €	53,6	15,7	30,7	0,77
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	46,8	19,8	33,4	0,87
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	39,3	18,5	42,2	1,03
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	36,7	19	44,3	1,08
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	28,7	19,8	51,5	1,23
	3.000€ o más	24,1	17,1	58,8	1,35
	Total	35,9	18,3	45,8	1,1

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Na capacidade da poboación de Galicia para falar en galego atópanse de novo os trazos xa descritos respecto da capacidade para entender, coa porcentaxe menos elevada de persoas que poden falar ben o galego no segmento de menor nivel adquisitivo (79%) e porcentaxes superiores pero pouco dispares entre si nos demais niveis (valores entre o 82,1% e o 85,1%). Deste xeito, non se pode afirmar unha maior capacidade para falar galego canto maior é o nivel de ingresos, senón unicamente unha capacidade lixeiramente inferior entre as persoas en cuxos fogares entran mensualmente menos de 1.000 euros. En Cataluña, a porcentaxe de persoas que poden falar ben o catalán pasan do 63% do nivel económico máis baixo ao 84,8% do máis alto.

Deste xeito, Galicia segue a ser a comunidade autónoma con mellores datos pero non na totalidade dos niveis económicos, pois aínda que por moi pouca marxe, fica por detrás de Cataluña no nivel máis alto, de 3.000 euros ou máis, cunha porcentaxe de persoas que falan ben o galego do 82,1%, fronte ao 84,8% das que falan ben o catalán.

As Illas Baleares non amosan unha relación lineal, pero tamén recollen as porcentaxes máis altas nos dous segmentos de maior nivel de ingresos (67,3% e 66,4%) e as máis baixas no máis baixo (51,3%).

A tendencia si é lineal, indicando unha maior capacidade para falar ben a lingua propia canto maior é o nivel económico, no caso da Comunidade Valenciana (con porcentaxes entre o 42,4% e o 60,2%), no País Vasco (do 29,1% ao 57%) e na Comunidade Foral de Navarra (do 8,6% ao 21,8%).

**Coñecemento da lingua cooficial por nivel de ingresos mensuais netos no fogar: Fala**

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Menos de 1.000 €	31,9	16,8	51,3	1,19
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	24,8	19	56,2	1,31
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	23,5	19,9	56,6	1,33
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	21,9	21,7	56,4	1,34
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	17,2	15,5	67,3	1,5
	3.000€ o más	16,9	16,7	66,4	1,49
	Total	22,1	18,4	59,5	1,37
Cataluña	Menos de 1.000 €	17,7	19,3	63	1,45
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	14,1	18,9	67	1,53
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	11,3	17,3	71,4	1,6
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	9,8	13,8	76,4	1,67
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	5,7	10,9	83,3	1,78
	3.000€ o más	6	9,2	84,8	1,79
	Total	10,4	14,6	75	1,65
C. Valenciana	Menos de 1.000 €	36	21,6	42,4	1,06
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	31,2	21,6	47,2	1,16
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	26,7	21,4	51,9	1,25
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	21,3	23,5	55,2	1,34
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	20,2	21,1	58,7	1,38
	3.000€ o más	18,2	21,7	60,2	1,42
	Total	26,6	21,8	51,6	1,25
Galicia	Menos de 1.000 €	5,8	15,1	79	1,73
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	5,3	10,9	83,8	1,79
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	4,1	11	84,9	1,81
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	4,1	10,8	85,1	1,81
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	4,2	11,9	83,8	1,8
	3.000€ o más	4,7	13,2	82,1	1,77
	Total	4,8	12,2	83,1	1,78
C. F. Navarra	Menos de 1.000 €	87,3	4,2	8,6	0,21
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	83,2	5,3	11,6	0,28
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	78,8	5	16,1	0,37
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	74,8	7,5	17,6	0,43
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	70,3	9,5	20,1	0,5
	3.000€ o más	71,2	7	21,8	0,51
	Total	76,5	6,6	17	0,41
País Vasco	Menos de 1.000 €	51,5	19,5	29,1	0,78
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	45,9	20,8	33,3	0,87
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	38,4	22	39,6	1,01
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	35,4	22,1	42,5	1,07



De 2.500€ a menos de 3.000 €	28,3	22,5	49,2	1,21
3.000€ o más	23,3	19,7	57	1,34
Total	34,9	21	44,1	1,09

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

A táboa de segmentación amosa de novo unha relación directamente proporcional, esta vez entre nivel académico e competencia para escribir na lingua cooficial en todas as comunidades autónomas con lingua propia, e de novo corresponden a Galicia os valores máis altos de cada segmento. Neste caso, a porcentaxe de poboación que pode escribir ben en galego pasa do 64,9% do segmento con menor nivel adquisitivo ao 76,5% do máis alto. En Cataluña as porcentaxes de resposta positiva van do 50,5% ao 75,8%. Como nas táboas anteriores, nos dous segmentos de maior nivel de ingresos os valores obtidos nesa comunidade achéganse moito aos de Galicia.

Nas Illas Baleares as persoas que poden escribir ben na súa lingua cooficial sitúanse entre o 40,6% do nivel de ingresos máis baixo e o 58,4% do máis alto; na Comunidade Valenciana entre o 30,3% e o 51,1%; no País Vasco entre o 26,2% e o 53,4%; e na Comunidade Foral de Navarra entre o 7,7% e o 20,3%.

**Coñecemento da lingua cooficial por nivel de ingresos mensuais netos no fogar: Escribe**

		Nada	Con dificultade	Ben	Índice (0-2)
I. Baleares	Menos de 1.000 €	40,9	18,4	40,6	1
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	35,7	20,2	44,1	1,08
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	31,8	21,6	46,6	1,15
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	28,7	23,8	47,4	1,19
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	25,4	17,5	57	1,32
	3.000€ o más	25,9	15,6	58,4	1,32
	Total	30,9	19,5	49,7	1,19
Cataluña	Menos de 1.000 €	27,6	21,9	50,5	1,23
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	23,5	21,5	55	1,31
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	18,9	19,6	61,4	1,43
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	16,4	17,2	66,4	1,5
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	11,5	15,6	72,9	1,61
	3.000€ o más	11,5	12,7	75,8	1,64
	Total	17,8	17,7	64,5	1,47
C. Valenciana	Menos de 1.000 €	46,5	23,3	30,3	0,84
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	40,2	23,5	36,3	0,96
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	33,9	23,4	42,6	1,09

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

	De 2.000€ a menos de 2.500 €	29,6	24,8	45,6	1,16
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	26,6	23,6	49,8	1,23
	3.000€ o más	25,5	23,4	51,1	1,26
	Total	35	23,6	41,4	1,06
Galicia	Menos de 1.000 €	11,7	23,4	64,9	1,53
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	9,6	18,6	71,8	1,62
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	8,3	16,6	75,1	1,67
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	8,2	14,9	76,9	1,69
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	8	15,1	77	1,69
	3.000€ o más	8,3	15,2	76,5	1,68
	Total	9,2	17,6	73,3	1,64
C. F. Navarra	Menos de 1.000 €	89	3,3	7,7	0,19
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	85,3	4,6	10,1	0,25
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	80,1	5,6	14,2	0,34
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	77,3	7,7	15	0,38
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	73	8,8	18,2	0,45
	3.000€ o más	72,8	7	20,3	0,48
	Total	78,4	6,4	15,2	0,37
País Vasco	Menos de 1.000 €	57	16,8	26,2	0,69
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	51,7	19,3	29	0,77
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	43	19,8	37,1	0,94
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	40,5	19,9	39,6	0,99
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	33	20,9	46,1	1,13
	3.000€ o más	27,9	18,7	53,4	1,26
	Total	39,9	19,3	40,9	1,01

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

En Galicia a porcentaxe de persoas con competencias medias-altas ou altas no uso do galego rexistra o seu valor menos elevado, 85,4%, no segmento de menor nivel de ingresos, menos de 1.000 euros, mentres que no tramo de entre 1.000 e menos de 1.500 euros sitúase no 89%. Nos catro niveis restantes obtén porcentaxes na orde do 90%. Con estes valores Galicia é a comunidade con maior porcentaxe de persoas con capacidades medias-altas ou altas para utilizar a lingua propia, superando en todos os segmentos a Cataluña, a segunda mellor situada nesta comparativa, se ben con vantaxes de entre 11 e 15 puntos nos tres niveis de ingresos máis baixos e con menos de 3 puntos nos dous máis altos. Na comunidade catalá é mais clara a relación entre ingresos e competencias na lingua cooficial pois a porcentaxe agregada das dúas categorías de maior nivel de competencia aumenta co nivel de ingresos dende o 70,3% do máis baixo ao 88,6% do máis alto.

Tamén as demais comunidades autónomas presentan maiores porcentaxes de resposta agregada positiva canto maior é o nivel económico da poboación: nas Illas Baleares entre o 57,9% do nivel máis baixo e o 75,1% do máis alto; na Comunidade Valenciana con valores entre o 51,1% e o 73%; no País Vasco entre o 33,2% e o 62,5%; e na Comunidade Foral de Navarra entre o 9,2% e o 23,1%.

**Competencias na lingua cooficial por nivel de ingresos mensuais netos no fogar**

		Non de- clara	Baixas	Medias- baixas	Medias- altas	Altas	Índice (0-8)
I. Baleares	Menos de 1.000 €	18,3	12,7	11,1	12,9	44,9	4,86
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	11,1	12	13,5	13,2	50,1	5,36
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	13,6	7,7	12	13,6	53,1	5,49
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	10,8	8,8	13,4	13,9	53,2	5,61
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	8,7	6,7	11,6	9,7	63,3	6,05
	3.000€ o más	8,8	6,2	9,9	9,8	65,3	6,15
	Total	11,5	8,8	11,9	12,1	55,7	5,64
	Cataluña	Menos de 1.000 €	7,8	8,6	13,4	11,9	58,4
De 1.000€ a menos de 1.500 €		4,9	7,7	12,5	11,9	62,9	6,2
De 1.500€ a menos de 2.000 €		4	5,3	11,8	10,4	68,5	6,51
De 2.000€ a menos de 2.500 €		3,3	4,7	8,8	10,1	73,1	6,74
De 2.500€ a menos de 3.000 €		1,8	2,8	7,5	7,8	80,1	7,1
3.000€ o más		2,1	3,1	6,1	7,7	80,9	7,14
Total		3,8	5,2	9,8	9,8	71,3	6,63
C. Valenciana		Menos de 1.000 €	21,5	12	15,4	15	36,1
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	17,1	11,4	15,7	13,3	42,6	4,83
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	13	11	12,7	14,7	48,6	5,27
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	10,3	8,9	14	14,3	52,5	5,56
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	10	7,9	11	15	56,2	5,8
	3.000€ o más	9,1	6,9	11,1	15,2	57,7	5,91
	Total	14,1	10	13,6	14,5	47,7	5,21
	Galicia	Menos de 1.000 €	2,3	2,9	9,4	13,8	71,6
De 1.000€ a menos de 1.500 €		1,5	2,8	6,7	10,8	78,2	7,09
De 1.500€ a menos de 2.000 €		1,1	2,2	6,2	10	80,5	7,21

## DOCUMENTOS DE TRABAJO



	De 2.000€ a menos de 2.500 €	1,3	2,2	6	9	81,5	7,23
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	0,9	2,7	5,8	9,1	81,5	7,23
	3.000€ o más	1,3	2,4	6,4	9,1	80,8	7,2
	Total	1,4	2,5	6,8	10,5	78,7	7,12
C. F. Navarra	Menos de 1.000 €	86,2	1,8	2,8	1,2	8	0,84
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	81,7	2	3,9	2	10,4	1,12
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	77,5	1,9	3	2,4	15,1	1,48
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	73,8	1,9	5,4	2,7	16,2	1,66
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	69,4	1,3	6,8	4	18,5	1,98
	3.000€ o más	69,3	1,7	5,8	2,5	20,7	2,03
	Total	75,1	1,8	4,8	2,5	15,8	1,61
País Vasco	Menos de 1.000 €	45,4	8,5	12,9	6,6	26,6	3,1
	De 1.000€ a menos de 1.500 €	38,8	9,3	14,4	7,2	30,3	3,49
	De 1.500€ a menos de 2.000 €	32,1	7,9	13,8	8,3	38	4,11
	De 2.000€ a menos de 2.500 €	28,7	8,1	15,5	7,2	40,5	4,33
	De 2.500€ a menos de 3.000 €	22,2	7	15,2	8,8	46,9	4,9
	3.000€ o más	18,1	6,1	13,3	7,9	54,6	5,39
	Total	28,8	7,6	14,1	7,7	41,8	4,4

Fonte: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

### 3. Usos lingüísticos

Este apartado aborda a frecuencia do uso da lingua cooficial por parte das persoas que residen en comunidades autónomas que contan cunha lingua propia, concretamente as Illas Baleares, Cataluña, Comunidade Valenciana, Galicia, Comunidade Foral de Navarra e País Vasco.

A primeira parte amosa unha perspectiva xeral da utilización da lingua cooficial deses territorios en tres ámbitos habituais concretos: a familia, as amizades e o traballo ou a escola. Na segunda parte, ampliase esta análise coa incorporación de sete variables: tamaño de hábitat, sexo, idade, nivel de estudos, nivel de ingresos, grao de competencia e lingua inicial dos residentes desas comunidades, de xeito que a través do seu cruzamento cos tres contextos descritos se poda comprobar a súa influencia

na frecuencia do uso dos idiomas cooficiais. Neste capítulo tamén se mostran resultados unificados, a través da creación dunha variable que agrupa a frecuencia xeral de emprego da lingua propia nos tres círculos sociais analizados, o que facilita a comparación dos datos entre comunidades autónomas por cada unha das variables.

### 3.1. Panorámica dos usos lingüísticos nas linguas cooficiais

En Galicia, empregan frecuentemente ou sempre o galego na familia o 56,6%<sup>10</sup> da poboación, coas amizades o 54,5% e no traballo ou centro educativo o 51,9%. Con estes valores, é a única comunidade cun menor uso frecuente no traballo ou escola que coa familia ou amizades, mentres que nos demais territorios con lingua cooficial é máis frecuente o uso no ámbito laboral ou académico. En todo caso, en Galicia o uso da lingua propia no traballo ou a escola (51,8%) sitúaa por detrás de Cataluña (60,5%), aínda que por diante das demais comunidades autónomas: 44% nas Illas Baleares, 33,4% no País Vasco, 30,1% na Comunidade Valenciana e 11,9% na Comunidade Foral de Navarra. Con todo, tanto no contexto familiar como no das amizades, Galicia ocupa a primeira posición (56,6% e 54,5%, respectivamente), en clara vantaxe coa segunda mellor situada, Cataluña, cos respectivos 49,5% e 54,3%. Nas demais comunidades autónomas o uso frecuente da lingua cooficial na familia e con amizades acada as respectivas porcentaxes de 38,9% e 40,5% nas Illas Baleares, o 28,3% e o 28,2% na Comunidade Valenciana, ou o 26,3% e o 26,8% no País Vasco.

Outro aspecto que cómpre destacar é a diferenza observada entre o contexto máis formal, o laboral ou académico, e o máis informal, o familiar. A diferenza máis salientable ten lugar en Cataluña (11 puntos máis na porcentaxe relativa ao traballo ou a escola que no contexto familiar). Séguena o País Vasco (7,1), as Illas Baleares (5,1) e, con diferenzas mínimas inferiores aos 2 puntos, a Comunidade Valenciana (1,8) e a Comunidade Foral de Navarra (1,7). En Galicia a diferenza entre o uso no traballo ou centro académico e a familia sitúase en 4,8 puntos, pero neste caso en favor do uso no contexto familiar, xusto o contrario do que sucede nos demais

---

<sup>10</sup> As sumas das categorías poden amosar diferenzas dunha décima debido a que as frecuencias están redondeadas.



territorios con lingua cooficial nos que é máis frecuente o seu emprego no ámbito laboral ou académico que no familiar ou con amizades.

**Frecuencia de uso da lingua cooficial por ámbito**

	Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre
<i>En familia</i>				
I. Baleares	46,9	14,2	11,6	27,3
Cataluña	32,3	18,2	15,6	33,9
C. Valenciana	55,4	16,3	10,0	18,4
Galicia	18,3	25,0	21,8	34,8
C. F. Navarra	81,4	8,5	5,6	4,5
País Vasco	53,7	20,0	13,7	12,6
<i>Con amizades</i>				
I. Baleares	37,3	22,2	21,9	18,6
Cataluña	22,4	23,3	28,1	26,2
C. Valenciana	50,2	21,6	14,9	13,4
Galicia	17,3	28,2	25,9	28,6
C. F. Navarra	79,9	9,5	7,1	3,5
País Vasco	49,7	23,5	17,3	9,5
<i>No traballo ou na escola</i>				
I. Baleares	33,7	22,3	25,3	18,7
Cataluña	21,0	18,6	32,6	27,9
C. Valenciana	46,6	23,3	17,6	12,5
Galicia	20,1	28,1	27,5	24,3
C. F. Navarra	81,4	6,8	5,6	6,3
País Vasco	50,2	16,3	18,6	14,8

Fuente: Elaboración propia a partir de la Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Un estudo conxunto do uso da lingua cooficial neses tres contextos (con familia, amizades e no traballo ou centro educativo) permite cuantificar a frecuencia de uso desa lingua para a análise comparada. Para iso, pódense observar as respostas nominais en cada contexto ("nunca", "ás veces", "frecuentemente" e "sempre") como valores numéricos dunha escala do 0 ao 3 para que, ao sumar os recollidos nos tres ámbitos, se estableza un valor resumo, un índice sintético entre o 0 e o 9 no que o 0 significa "non o utiliza nunca", mentres que os valores 1 a 3 expresan unha frecuencia baixa, os de 4 a 6 unha frecuencia media e os de 7 a 9 unha frecuencia alta. A seguinte táboa expresa, polo tanto, a frecuencia xeral de uso da lingua propia de cada comunidade autónoma a partir da súa utilización nos tres contextos máis cotiáns. Preséntase tanto a porcentaxe da poboación en cada nivel nominal coma o índice sintético, do 0 ao 9.



### Frecuencia de uso xeral da lingua cooficial

	Nunca	Baixa	Media	Elevada	Índice (0-9)
I. Baleares	28,0	26,3	20,8	25,0	3,70
Cataluña	15,0	23,3	28,6	33,2	4,76
C. Valenciana	39,2	28,2	16,6	16,1	2,79
Galicia	9,5	29,2	30,7	30,6	4,95
C. F. Navarra	77,4	9,0	8,5	5,1	1,04
País Vasco	41,0	24,4	21,6	13,0	2,70

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Á vista dos valores da táboa, Galicia e Cataluña son as comunidades con maior frecuencia de uso das súas linguas propias, pois rexistran as maiores porcentaxes nas categorías máis positivas, as que expresan unha frecuencia media e elevada (30,7% e 30,6% respectivamente no caso galego e 28,6% e 33,2% no catalán), a terceira posición corresponderíalle ás Illas Baleares (20,8 e 25%, respectivamente), a cuarta á Comunidade Foral de Navarra (16,6% e 16,1%) e a quinta ao País Vasco (21,6% e 13%). Nesta última comunidade a porcentaxe de poboación que non utiliza nunca o éuscaro acadada o 41% mentres que na Comunidade Valenciana un 39,2% non utiliza nunca o valenciano, porcentaxes que contrastan co valor máis baixo da táboa, que lle corresponde a Galicia, onde un 9,5% das persoas enquisadas indica que non emprega nunca o galego en ningún dos ámbitos analizados. O índice sintético, do 0 ao 9, reflicte esta situación, cos valores máis elevados en Galicia (4,95) e Cataluña (4,76), seguidas por debaixo do 4 polas Illas Baleares (3,70). Nos demais casos, os valores indican claramente unha frecuencia baixa (por debaixo do 3): a Comunidade Valenciana (2,79), o País Vasco (2,70) e a Comunidade Foral de Navarra (1,04).

Nas seguintes páxinas analízanse máis de vagar a frecuencia de uso das linguas cooficiais nos tres ámbitos analizados e coas debidas segmentacións (por tamaño do municipio, sexo, idade, nivel de estudos, nivel de ingresos, nivel de competencia para o uso da lingua cooficial e lingua inicial).

### 3.1. Análise por tamaño de hábitat

En Galicia a porcentaxe de persoas que empregan o galego frecuentemente ou sempre é maior canto menor é o tamaño de poboación do seu municipio de residencia, con valores que pasan do 34,6% das cidades máis grandes (máis de 100.000 habitantes), ao 67,5% dos municipios máis pequenos (menos e 50.000 habitantes). Isto evidencia que a frecuencia coa que se usa o galego para falar coa familia é maior canto menor é o volume demográfico do municipio de residencia. Esta tendencia apréciase tamén na Comunidade Valenciana, xa que usan o valenciano en familia o 14,9% das persoas que residen en municipios de máis de 100.000 habitantes, porcentaxe que se reduce conforme o fai o tamaño poboacional ata o 38,1% dos municipios de menos de 50.000 habitantes. O mesmo sucede no País Vasco, onde se pasa do 13,4% dos municipios máis grandes ao 37,2% dos máis pequenos. En Cataluña e as Illas Baleares a maior frecuencia de uso na familia das súas linguas cooficiais rexístrase tamén no treito máis baixo da clasificación por tamaño de municipios: 57,4% e 48,5%, respectivamente, pero é mais alta nas cidades que nos concellos que se sitúan no treito intermedio: 39,5% no caso de Cataluña e 17,7% no das Illas Baleares,

En termos comparados, Galicia é a comunidade con maior frecuencia de uso da lingua cooficial coa familia nos dous treitos máis baixos do tamaño de municipio: 67,5% no máis baixo e 44,3% no intermedio, valores cos que supera en 10,1 e en 4,8 puntos a Cataluña, a segunda mellor situada. Nos municipios de máis de 100.000 habitantes, fica nun 34,6%, 9,7 puntos por detrás dos datos rexistrados nas cidades de Cataluña.

En todas as comunidades autónomas a porcentaxe de persoas que non empregan nunca coa familia a lingua propia acada os seus valores máis altos nos dous hábitats máis elevados e o máis baixo no de menos de 50.000 habitantes. No caso de Galicia pode comprobarse que a porcentaxe de persoas residentes en concellos de menos de 50.000 habitantes que nunca falan galego no ámbito familiar é do 12,5%, índice que se duplica nos dous tamaños de maior poboación (25,5% e 29,9% respectivamente).



**Frecuencia de uso da lingua cooficial coa familia por tamaño de municipio**

		Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	De 50.000 hab. ou menos	38,6	12,9	12,1	36,4	1,46
	De 50.001 a 100.000 hab.	68,3	14,1	7,5	10,2	0,60
	Máis de 100.000 hab.	54,6	16,1	11,9	17,3	0,92
	Total	46,9	14,2	11,6	27,3	1,19
Cataluña	De 50.000 hab. ou menos	26,5	16,0	15,3	42,1	1,73
	De 50.001 a 100.000 hab.	38,9	21,6	15,9	23,6	1,24
	Máis de 100.000 hab.	37,0	19,7	15,9	27,4	1,34
	Total	32,3	18,2	15,6	33,9	1,51
C. Valenciana	De 50.000 hab. ou menos	47,7	14,2	12,2	26,0	1,16
	De 50.001 a 100.000 hab.	65,8	14,5	8,3	11,3	0,65
	Máis de 100.000 hab.	64,1	21,0	6,8	8,0	0,59
	Total	55,4	16,3	10,0	18,4	0,91
Galicia	De 50.000 hab. ou menos	12,5	20,0	22,6	44,8	2,00
	De 50.001 a 100.000 hab.	25,5	30,2	23,8	20,5	1,39
	Máis de 100.000 hab.	29,9	35,5	18,7	15,8	1,20
	Total	18,3	25,0	21,8	34,8	1,73
C. F. Navarra	De 50.000 hab. ou menos	79,5	8,6	6,5	5,4	0,38
	De 50.001 a 100.000 hab.	0,0	0,0	0,0	0,0	.
	Máis de 100.000 hab.	85,8	8,2	3,6	2,4	0,23
	Total	81,4	8,5	5,6	4,5	0,33
País Vasco	De 50.000 hab. ou menos	43,6	19,2	18,5	18,7	1,12
	De 50.001 a 100.000 hab.	63,5	21,2	10,6	4,8	0,57
	Máis de 100.000 hab.	65,8	20,8	7,7	5,7	0,53
	Total	53,7	20,0	13,7	12,6	0,85

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

A maior frecuencia de uso do galego, o valenciano e o éuscaro canto menor é o tamaño do municipio de residencia vólvese observar no caso da utilización con amizades. En Galicia usan "frecuentemente" ou "sempre" o galego o 32,3% das persoas que residen en municipios de máis de 100.000 habitantes, valor que se eleva conforme se reduce o tamaño de hábitat ata

chegar ao 65,4% dos municipios de menos de 50.000. Na Comunidade Valenciana a porcentaxe agregada desas dúas respostas máis positivas -frecuentemente e sempre- pasa do 14,9% dos municipios máis grandes ao 38,1% dos máis pequenos, e no País Vasco do 13,4% ao 37,2%.

Como no ámbito da familia, o uso frecuente ou constante coas amizades en Cataluña e as Illas Baleares acada a súa maior porcentaxe de afirmación nos municipios de menos de 50.000 habitantes e a menor nos de 50.000 a 100.000: un 62,3% fronte a un 44,3% no caso de Cataluña e un 49,9% fronte a un 20,1% no balear.

As persoas que non usan nunca a lingua cooficial, neste caso coas amizades, volve rexistrar as maiores porcentaxes nos municipios de 50.000 habitantes en adiante en todas as comunidades da táboa. En Galicia esa resposta é máis habitual canto maior é o tamaño de hábitat, xa que pasa do 11,5% dos municipios de menos de 50.000 habitantes ao 29,3% dos que teñen máis de 100.000. Como referencia de comparación cabe citar os datos achegados pola Comunidade Valenciana e o País Vasco. Na primeira desas comunidades o 42,7% das persoas que residen no segmento de menor tamaño de hábitat non falan nunca a lingua propia coas amizades, valor que se eleva entre 16 e 18 puntos nos dous hábitats maiores. No País Vasco a porcentaxe das persoas que nunca falan éuscaro coas amizades pasa do 40,1% no hábitat máis pequeno ao 61,2% no de maior tamaño.

**Frecuencia de uso da lingua cooficial coas amizades por tamaño de municipio**

		Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	De 50.000 hab. ou menos	30,0	20,2	23,7	26,2	1,46
	De 50.001 a 100.000 hab.	56,3	23,7	12,9	7,2	0,71
	Máis de 100.000 hab.	43,9	25,1	21,3	9,7	0,97
	Total	37,3	22,2	21,9	18,6	1,22
Cataluña	De 50.000 hab. ou menos	17,5	20,3	27,8	34,5	1,79
	De 50.001 a 100.000 hab.	28,0	27,7	27,5	16,9	1,33
	Máis de 100.000 hab.	26,4	25,5	28,7	19,4	1,41
	Total	22,4	23,3	28,1	26,2	1,58
C. Valenciana	De 50.000 hab. ou menos	42,7	19,4	18,9	19,0	1,14



	De 50.001 a 100.000 hab.	60,7	19,8	11,5	7,9	0,67
	Máis de 100.000 hab.	58,6	26,4	9,2	5,8	0,62
	Total	50,2	21,6	14,9	13,4	0,91
Galicia	De 50.000 hab. ou menos	11,5	23,1	27,8	37,6	1,92
	De 50.001 a 100.000 hab.	23,3	34,9	26,8	14,9	1,33
	Máis de 100.000 hab.	29,3	38,4	20,2	12,2	1,15
	Total	17,3	28,2	25,9	28,6	1,66
C. F. Navarra	De 50.000 hab. ou menos	78,2	9,5	7,9	4,4	0,38
	De 50.001 a 100.000 hab.	0,0	0,0	0,0	0,0	
	Máis de 100.000 hab.	83,7	9,6	5,2	1,5	0,24
	Total	79,9	9,5	7,1	3,5	0,34
País Vasco	De 50.000 hab. ou menos	40,1	22,3	23,2	14,4	1,12
	De 50.001 a 100.000 hab.	59,0	25,6	11,7	3,7	0,60
	Máis de 100.000 hab.	61,2	24,8	10,2	3,8	0,57
	Total	49,7	23,5	17,3	9,5	0,87

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

O uso do galego no traballo ou na escola frecuentemente ou sempre obtén máis respostas afirmativas canto menor é o tamaño do municipio de residencia e pasa do 34,7% da poboación dos concellos máis grandes ao 59,9% da que reside nos máis pequenos. Esta tendencia repítese no caso da Comunidade Valenciana ( como xa ocorría nas dúas segmentacións anteriores, que pasaba do 20,4% nos de maior tamaño ao 37,5% dos de menor), pero non no do País Vasco, onde a porcentaxe máis alta volve corresponder ao segmento dos municipios máis pequenos (41,3%), pero esta vez fronte a valores idénticos dos dous segmentos restantes (24,4%). En Cataluña e nas Illas Baleares compróbase tamén unha maior afirmación dun uso frecuente ou constante da lingua propia nos municipios máis pequenos e unha menor no treito intermedio do cruzamento: 66,1% fronte a 54,2% en Cataluña e 52,1% fronte a 25,7% nas Illas Baleares.

**Frecuencia de uso da lingua cooficial no traballo ou na escola por tamaño de municipio**

		Nunca	Ás veces	Frecuente- mente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	De 50.000 hab. ou menos	28,2	19,7	27,7	24,4	1,48
	De 50.001 a 100.000 hab.	49,3	25,0	17,1	8,7	0,85
	Máis de 100.000 hab.	38,3	25,7	23,7	12,3	1,10
	Total	33,7	22,3	25,3	18,7	1,29
Cataluña	De 50.000 hab. ou menos	18,1	15,8	31,5	34,5	1,82
	De 50.001 a 100.000 hab.	23,9	21,9	33,5	20,7	1,51
	Máis de 100.000 hab.	23,3	20,8	33,5	22,4	1,55
	Total	21,0	18,6	32,6	27,9	1,67
C. Valenciana	De 50.000 hab. ou menos	40,9	21,6	20,7	16,8	1,13
	De 50.001 a 100.000 hab.	55,1	22,2	14,4	8,3	0,76
	Máis de 100.000 hab.	52,7	27,0	13,5	6,9	0,75
	Total	46,6	23,3	17,6	12,5	0,96
Galicia	De 50.000 hab. ou menos	16,9	23,2	28,4	31,5	1,74
	De 50.001 a 100.000 hab.	23,0	32,8	30,9	13,4	1,35
	Máis de 100.000 hab.	27,0	38,3	23,5	11,2	1,19
	Total	20,1	28,1	27,5	24,3	1,56
C. F. Navarra	De 50.000 hab. ou menos	79,8	6,9	6,5	6,9	0,40
	De 50.001 a 100.000 hab.	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Máis de 100.000 hab.	85,0	6,6	3,5	4,9	0,28
	Total	81,4	6,8	5,6	6,3	0,37
País Vasco	De 50.000 hab. ou menos	42,8	15,9	22,4	18,9	1,17
	De 50.001 a 100.000 hab.	56,3	19,4	14,3	10,1	0,78
	Máis de 100.000 hab.	59,2	16,4	14,2	10,2	0,75
	Total	50,2	16,3	18,6	14,8	0,98

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

.....

Á vista dos datos, nos tres segmentos da análise por tamaño de municipio a maior porcentaxe de resposta positiva agregada ("frecuentemente" e "sempre") correspóndelle a Cataluña, mentres que Galicia se mantén na segunda posición nos dous treitos máis baixos e na terceira nas cidades de máis de 100.000 habitantes, superada tamén polas Illas Baleares.

A porcentaxe de residentes en Galicia que nunca fala o galego no traballo ou no centro educativo increméntase cando aumenta o tamaño do hábitat, xa que pasa do 16,9% do hábitat máis baixo ao 27% do máis alto. En todo caso, con estes datos Galicia é a comunidade coas porcentaxes máis reducidas de residentes que non falan a lingua cooficial no ámbito profesional ou de estudos nos tres tamaños poboacionais. Porén, séguese constatando que nos tres hábitats o uso do galego neste eido é menor que no da familia e no das amizades.

A partir do emprego da lingua cooficial nos tres contextos máis cotiáns pódese clasificar a poboación en función da frecuencia xeral coa que utiliza esa lingua. No caso de Galicia a porcentaxe que amosa una frecuencia elevada de uso do galego é maior canto menor é o volume demográfico do municipio de residencia: pasa do 40,1% dos municipios máis grandes ao 71,4% dos máis pequenos. A mesma tendencia obsérvase na Comunidade Valenciana (do 19,9% ao 42,3%) e no País Vasco (do 22% ao 45,4%), mentres en Cataluña e as Illas Baleares a porcentaxe máis alta corresponde ao treito máis baixo, de menos de 50.000 habitantes, (68,9% e 53,7% respectivamente) e a máis baixa ao intermedio, de 50.000 a 100.000 habitantes (55,5% fronte a 24,6%).

Os datos de Galicia sitúana como a comunidade na que maior porcentaxe de poboación amosa unha frecuencia elevada de uso do galego, nos municipios de menos de 50.000 habitantes (2,5 puntos máis que Cataluña), pero nos dous treitos de máis de 50.000 habitantes fica en segunda posición, por detrás da comunidade catalá, a 3,3 puntos no treito de poboación intermedio e increméntase ata os 15,7 puntos nas cidades.

O índice na escala do 0 ao 9, que recolle as porcentaxes correspondentes, non só á frecuencia máis alta senón ás tres categorías restantes da clasificación, amosa en Galicia valores entre os 3,55 puntos dos municipios



máis grandes e os 5,66 dos máis pequenos. En Cataluña os valores dese índice sitúanse entre o 4,08 dos municipios de tamaño intermedio e o 5,35 dos máis pequenos.

Se se presta atención á resposta máis negativa, é dicir, a que sinala que non se usa o galego en ningún contexto, vólvense atopar en Galicia os valores máis baixos en calquera dos tres tamaños de hábitat: entre o 6,4% do segmento máis rural e o 15,8% das cidades de maior tamaño. En Cataluña esas porcentaxes son lixeiramente superiores: entre o 12,2% do menor tamaño de hábitat e o 18,2% do tamaño intermedio. Os principais contrastes establécense no País Vasco que rexistra porcentaxes que van dende o 33,2% do segmento máis baixo ao 48,1% do intermedio, e na Comunidade Valenciana, con valores que se sitúan entre o 33,2% no menor tamaño poboacional e o 48,1% do intermedio.

#### Frecuencia de uso da lingua cooficial por tamaño de municipio

		Nunca	Baixa	Media	Elevada	Índice (0-9)
I. Balears	De 50.000 hab. ou menos	22,8	21,7	21,7	33,9	4,41
	De 50.001 a 100.000 hab.	44,1	31,3	15,9	8,7	2,16
	Máis de 100.000 hab.	32,0	32,2	20,6	15,2	2,99
	Total	28,0	26,3	20,8	25,0	3,70
Cataluña	De 50.000 hab. ou menos	12,2	18,8	27,7	41,3	5,35
	De 50.001 a 100.000 hab.	18,2	28,1	30,6	23,1	4,08
	Máis de 100.000 hab.	17,3	26,9	29,0	26,8	4,30
	Total	15,0	23,3	28,6	33,2	4,76
C. Valenciana	De 50.000 hab. ou menos	33,8	24,0	19,3	22,9	3,44
	De 50.001 a 100.000 hab.	48,9	27,8	13,5	9,9	2,08
	Máis de 100.000 hab.	44,2	35,9	13,2	6,7	1,95
	Total	39,2	28,2	16,6	16,1	2,79
Galicia	De 50.000 hab. ou menos	6,4	22,2	31,7	39,7	5,66
	De 50.001 a 100.000 hab.	13,1	36,4	32,6	17,9	4,07
	Máis de 100.000 hab.	15,8	44,0	26,9	13,3	3,55
	Total	9,5	29,2	30,7	30,6	4,95



C. F. Navarra	De 50.000 hab. ou menos	75,7	8,9	9,3	6,2	1,17
	De 50.001 a 100.000 hab.	0,0	0,0	0,0	0,0	
	Máis de 100.000 hab.	81,2	9,2	6,8	2,8	0,75
	Total	77,4	9,0	8,5	5,1	1,04
País Vasco	De 50.000 hab. ou menos	33,2	21,4	26,4	19,0	3,42
	De 50.001 a 100.000 hab.	48,1	28,8	17,3	5,7	1,95
	Máis de 100.000 hab.	50,4	27,6	15,9	6,2	1,85
	Total	41,0	24,4	21,6	13,0	2,70

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

### 3.2. Análise por sexo

A segmentación por sexo pon de manifesto que apenas se constatan diferenzas porcentuais salientables entre homes e mulleres na frecuencia coa que utilizan a lingua propia en familia, con amizades ou no traballo ou escola. As diverxencias máis elevadas prodúcense en Galicia, onde a porcentaxe de homes que usan frecuentemente ou sempre o galego coa familia é 3,2 puntos superior á das mulleres (58,3% fronte a 55,1%), diferenza que se sitúa nos 4,1 puntos no uso con amizades e nos 5 puntos no traballo ou escola. No resto dos territorios analizados estas diferenzas son menores e non sempre a favor dos homes.

Isto ten o seu reflexo na variable creada a partir das frecuencias de utilización expresadas neses tres contextos, que clasifica a frecuencia xeral de uso da lingua cooficial en "non a usa nunca", "frecuencia baixa", "frecuencia media" e "frecuencia elevada". Nela pódese comprobar que a frecuencia elevada no emprego xeral do galego é 4,1 puntos superior entre os homes que entre as mulleres, diferenza entre sexos que nas demais comunidades autónomas non chega aos 0,5 puntos.

En todo caso, e pese a tratarse de diferenzas porcentuais pouco significativas, os datos de Galicia superan aos de Cataluña no uso do idioma en familia por parte dos varóns -non así no das mulleres-, e en ambos xéneros no que atinxe á utilización con amizades. Porén, fica en segunda posición

en ambos no seu uso no traballo ou na escola, onde se rexistran porcentaxes máis elevadas de emprego do catalán que do galego.

As táboas seguintes mostran os resultados de frecuencia de uso da lingua cooficial por sexo e desagregados polos tres contextos analizados e cada comunidade autónoma.

#### Frecuencia de uso da lingua cooficial coa familia por sexo

		Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Home	46,2	14,9	12,0	26,9	1,20
	Muller	47,7	13,4	11,2	27,7	1,19
	Total	46,9	14,2	11,6	27,3	1,19
Cataluña	Home	32,7	18,0	15,3	33,9	1,50
	Muller	31,9	18,4	15,9	33,8	1,52
	Total	32,3	18,2	15,6	33,9	1,51
C. Valenciana	Home	55,1	16,3	10,5	18,1	0,92
	Muller	55,6	16,3	9,5	18,6	0,91
	Total	55,4	16,3	10,0	18,4	0,91
Galicia	Home	17,7	24,1	22,2	36,0	1,77
	Muller	19,0	25,9	21,5	33,6	1,70
	Total	18,3	25,0	21,8	34,8	1,73
C. F. Navarra	Home	80,6	8,7	6,0	4,7	0,35
	Muller	82,2	8,2	5,3	4,3	0,32
	Total	81,4	8,5	5,6	4,5	0,33
País Vasco	Home	54,1	19,6	13,4	12,8	0,85
	Muller	53,3	20,3	14,0	12,4	0,85
	Total	53,7	20,0	13,7	12,6	0,85

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

#### Frecuencia de uso da lingua cooficial coas amizades por sexo

		Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Home	36,4	22,7	22,2	18,7	1,23
	Muller	38,1	21,7	21,6	18,6	1,21
	Total	37,3	22,2	21,9	18,6	1,22
Cataluña	Home	21,6	23,9	28,2	26,2	1,59
	Muller	23,1	22,7	28,1	26,1	1,57
	Total	22,4	23,3	28,1	26,2	1,58
C. Valenciana	Home	49,1	22,0	15,5	13,4	0,93
	Muller	51,2	21,2	14,3	13,3	0,90
	Total	50,2	21,6	14,9	13,4	0,91
Galicia	Home	15,7	27,6	26,8	29,9	1,71
	Muller	18,8	28,8	25,0	27,4	1,61
	Total	17,3	28,2	25,9	28,6	1,66



C. F. Navarra	Home	79,0	10,0	7,5	3,5	0,36
	Muller	80,8	9,1	6,6	3,5	0,33
	Total	79,9	9,5	7,1	3,5	0,34
País Vasco	Home	49,4	24,0	17,0	9,6	0,87
	Muller	50,1	23,0	17,5	9,4	0,86
	Total	49,7	23,5	17,3	9,5	0,87

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

### Frecuencia de uso da lingua cooficial no traballo ou na escola por sexo

		Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Home	32,4	23,3	26,1	18,2	1,30
	Muller	35,0	21,3	24,5	19,2	1,28
	Total	33,7	22,3	25,3	18,7	1,29
Cataluña	Home	19,7	19,9	33,2	27,2	1,68
	Muller	22,2	17,4	32,0	28,5	1,67
	Total	21,0	18,6	32,6	27,9	1,67
C. Valenciana	Home	45,0	24,0	18,3	12,6	0,99
	Muller	48,0	22,7	16,8	12,4	0,94
	Total	46,6	23,3	17,6	12,5	0,96
Galicia	Home	17,0	28,0	28,8	26,2	1,64
	Muller	22,9	28,1	26,3	22,6	1,49
	Total	20,1	28,1	27,5	24,3	1,56
C. F. Navarra	Home	80,6	7,3	6,1	5,9	0,37
	Muller	82,1	6,3	5,0	6,6	0,36
	Total	81,4	6,8	5,6	6,3	0,37
País Vasco	Home	49,8	17,5	18,8	14,0	0,97
	Muller	50,6	15,2	18,5	15,7	0,99
	Total	50,2	16,3	18,6	14,8	0,98

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

### 3.3. Análise por idade

Mentres en Galicia o emprego da lingua propia nos tres eidos de uso cotián é máis habitual canto maior é a idade da poboación, así como na variable sobre frecuencia xeral de uso, non sucede o mesmo no País Vasco e Navarra onde a utilización é maior canto máis nova é a cohorte de idade. Nas tres comunidades autónomas restantes o uso das súas linguas propias

destaca ou ben no tramo de idade máis novo, de menos de 20 anos, ou ben no maior, de 60 anos en adiante, en función do contexto do que se trate.

A taxa de persoas que usan na comunidade galega a lingua propia no contexto familiar, ben frecuentemente ou ben sempre, é máis elevada canto maior é a idade da poboación, con porcentaxes agregadas que pasan do 35,4% dos menores de 20 anos ao 69,8% dos que teñen 60 ou máis. Con estes valores, configúrase como a comunidade na que maior índice de persoas de 20 anos en adiante utilizan a lingua propia coa familia. Porén, na cohorte máis nova, de menos de 20 anos, Galicia cun 35,4% fica por detrás de Cataluña (54,2%), as Illas Baleares (39,9%) e o País Vasco (37,1%).

Respecto ao uso do éuscaro, a súa utilización é maior canto menor é a idade da poboación, así no País Vasco a porcentaxe de persoas que o fan coa familia de forma frecuente ou sempre pasa do 20,7% da cohorte máis vella ao 37,1% da máis nova, mentres que na Comunidade Foral de Navarra, onde só é lingua oficial nunha parte do territorio, as porcentaxes pasan do 7,5% das persoas que teñen 60 anos ou máis ao 13,5% das menores de 20.

En Cataluña, o tramo de idade máis novo é o que máis utiliza o idioma propio coa familia, seguido de preto polo máis vello (54,2% e 52,7%, fronte a valores na orde do 46% das cohortes intermedias), mentres que nas Illas Baleares é o tramo de maior idade o que máis o emprega (44,7%, fronte a porcentaxes entre o 36% e o 40% das demais).

En Galicia, o 12,3% das persoas que nunca utilizan o galego en familia corresponde ao segmento máis vello, unha porcentaxe que aumenta ata o 29,7% nos menores de 20 anos. Con estes datos, a comunidade galega presenta as porcentaxes máis baixas de resposta na categoría “nunca” entre as persoas maiores de 20 anos, ao contrario do que sucede en Cataluña, onde atinxe a un 24,2% dos máis novos, fronte a valores entre o 33,6% e o 36,3% dos demais treitos de idade. As porcentaxes máis elevadas desta resposta negativa (“nunca”) son as observadas na Comunidade Valenciana (entre o 53,1% e o 57,1%), o País Vasco (entre o 35,3% do segmento máis novo e o 65,7% do máis vello) e Navarra (entre o 74,6% e o 86,7%).



### Frecuencia de uso da lingua cooficial coa familia por idade

		Nunca	Ás veces	Frecuente- mente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Menores de 20 anos	42,3	17,7	16,3	23,7	1,21
	De 20 a 39 anos	47,6	15,7	10,4	26,4	1,16
	De 40 a 59 anos	50,7	13,2	11,2	24,9	1,10
	60 anos ou máis	44,4	10,9	9,9	34,9	1,35
	Total	46,9	14,2	11,6	27,3	1,19
Cataluña	Menores de 20 anos	24,2	21,6	19,9	34,3	1,64
	De 20 a 39 anos	36,3	18,0	14,1	31,6	1,41
	De 40 a 59 anos	33,6	19,5	15,7	31,2	1,44
	60 anos ou máis	33,1	14,2	13,6	39,1	1,59
	Total	32,3	18,2	15,6	33,9	1,51
C. Valenciana	Menores de 20 anos	53,1	19,6	11,6	15,6	0,90
	De 20 a 39 anos	55,7	16,7	9,2	18,5	0,90
	De 40 a 59 anos	57,1	16,1	10,3	16,6	0,86
	60 anos ou máis	54,6	13,9	9,2	22,3	0,99
	Total	55,4	16,3	10,0	18,4	0,91
Galicia	Menores de 20 anos	29,7	34,9	16,8	18,5	1,24
	De 20 a 39 anos	21,4	25,9	19,7	33,1	1,64
	De 40 a 59 anos	17,3	27,2	23,6	31,8	1,70
	60 anos ou máis	12,3	17,9	23,7	46,1	2,04
	Total	18,3	25,0	21,8	34,8	1,73
C. F. Navarra	Menores de 20 anos	74,6	12,0	8,1	5,4	0,44
	De 20 a 39 anos	78,5	9,6	6,5	5,5	0,39
	De 40 a 59 anos	83,3	7,7	5,4	3,6	0,29
	60 anos ou máis	86,7	5,9	3,4	4,1	0,25
	Total	81,4	8,5	5,6	4,5	0,33
País Vasco	Menores de 20 anos	35,3	27,7	17,3	19,8	1,22
	De 20 a 39 anos	49,4	21,2	16,1	13,3	0,93
	De 40 a 59 anos	55,2	20,9	13,2	10,6	0,79
	60 anos ou máis	65,7	13,7	10,5	10,1	0,65
	Total	53,7	20,0	13,7	12,6	0,85

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

O uso da lingua cooficial con amizades volve amosar en Galicia maiores porcentaxes de resposta agregada ("frecuentemente" ou "sempre") canto maior é a idade da poboación, con valores que nesta ocasión medran do 31,8% da cohorte máis nova ata o 69,1% da máis vella. Obsérvase ademais que se no emprego coa familia era a comunidade con maior porcentaxe de

.....

usuarios/as dende os 20 anos en adiante, no caso das amizades esa maior utilización só ten lugar nas dúas cohortes de 40 anos en adiante. Na comparativa coas demais comunidades autónomas, no tramo de idade de menos de 20 anos Galicia (31,8%) fica por detrás de Cataluña (64,6%), as Illas Baleares (45,5%) e o País Vasco (43,6%), e na de 20 a 39 anos Galicia (49,3%) sitúase tamén por detrás de Cataluña (52,8%). Estes datos están a indicar con claridade un problema no uso social do galego na cohorte máis nova, que ademais vai na tendencia contraria aos procesos que se están producindo no resto de territorios do estado con lingua cooficial.

Ao igual que o que acontecía no uso das linguas cooficiais coa familia, no uso con amizades a porcentaxe de persoas que falan éuscaro no País Vasco ou na Comunidade Foral de Navarra experimenta a tendencia contraria á de Galicia, con valores máis altos canto máis nova é a poboación. Así, no caso do País Vasco, pasan do 18,5% no tramo de maior idade ao 43,6% no máis novo e do 7,1% ao 16,5% na Comunidade Foral de Navarra.

En Cataluña a porcentaxe máis elevada de poboación que utiliza o catalán con amizades é a dos menores de 20 anos (64,8%, fronte a valores na orde do 50%-53% nas demais cohortes). Na Comunidade Valenciana son, en cambio, as persoas de 60 anos ou máis as que máis utilizan o idioma propio na súa relación con amizades (31,7%) aínda que con moi pouca diferenza porcentual coas demais cohortes (valores entre o 26% e o 27,9%).

Unha de cada tres persoas que viven en Galicia e que son menores de 20 anos declara que nunca usa o galego coas amizades. A porcentaxe de persoas que nunca empregan o galego coas amizades é maior canto máis novas son, con valores que pasan do 10,4% das que teñen 60 anos ou máis ao 32,8% dos menores de 20. Ao igual ca no uso coa familia, tamén neste caso é Galicia a que rexistra as porcentaxes máis baixas nesta resposta negativa, pero só nas cohortes de 20 anos en adiante, pois na dos menores de 20 é máis baixa a de Cataluña (11,7%), valor que se eleva coa idade, ata chegar ao 28% do treito máis alto. A maior frecuencia desta resposta negativa atópase de novo na Comunidade Valenciana, con valores entre o 46,8% das persoas máis novas e o 52,9% das que teñen entre 40 e 59 anos, e no País Vasco, onde se rexistran porcentaxes entre o 21,4% do segmento máis novo e o 66,3% do máis vello, á marxe da Comunidade Foral de Navarra, cuxos datos responden ao feito de que só unha parte do seu territorio ten dúas linguas oficiais.



### Frecuencia de uso da lingua cooficial coas amizades por idade

		Nunca	Ás veces	Frecuente- mente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Menores de 20 anos	26,1	28,4	26,3	19,2	1,39
	De 20 a 39 anos	35,2	26,0	22,6	16,1	1,20
	De 40 a 59 anos	43,4	20,4	20,9	15,2	1,08
	60 anos ou máis	39,5	15,4	19,0	26,1	1,32
	Total	37,3	22,2	21,9	18,6	1,22
Cataluña	Menores de 20 anos	11,7	23,6	34,1	30,6	1,84
	De 20 a 39 anos	22,5	24,7	28,7	24,2	1,54
	De 40 a 59 anos	24,4	25,6	27,3	22,6	1,48
	60 anos ou máis	28,0	18,8	24,1	29,0	1,54
	Total	22,4	23,3	28,1	26,2	1,58
C. Valenciana	Menores de 20 anos	46,8	25,3	16,7	11,3	0,92
	De 20 a 39 anos	48,6	23,8	14,3	13,3	0,92
	De 40 a 59 anos	52,9	21,1	15,0	11,0	0,84
	60 anos ou máis	50,6	17,7	13,9	17,8	0,99
	Total	50,2	21,6	14,9	13,4	0,91
Galicia	Menores de 20 anos	32,8	35,4	18,1	13,8	1,13
	De 20 a 39 anos	20,3	30,4	23,9	25,3	1,54
	De 40 a 59 anos	15,3	31,5	28,1	25,2	1,63
	60 anos ou máis	10,4	20,5	28,4	40,8	1,99
	Total	17,3	28,2	25,9	28,6	1,66
C. F. Navarra	Menores de 20 anos	68,9	14,6	11,4	5,1	0,53
	De 20 a 39 anos	75,9	11,0	8,6	4,5	0,42
	De 40 a 59 anos	83,8	8,2	6,0	2,0	0,26
	60 anos ou máis	86,8	6,1	3,8	3,2	0,23
	Total	79,9	9,5	7,1	3,5	0,34
País Vasco	Menores de 20 anos	21,4	35,0	26,4	17,2	1,39
	De 20 a 39 anos	39,5	28,1	21,2	11,2	1,04
	De 40 a 59 anos	56,0	22,2	15,2	6,7	0,73
	60 anos ou máis	66,3	15,1	11,6	6,9	0,59
	Total	49,7	23,5	17,3	9,5	0,87

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE



.....

No que se refire ao uso da lingua propia no traballo ou na escola, Galicia presenta maior porcentaxe de persoas que o empregan frecuentemente ou sempre canto maior é a idade: pásase do 47,1% rexistrado entre os menores de 20 anos ao 54,3% dos que teñen 60 ou máis. Con estes valores, preséntase como a comunidade con maior volume de falantes da lingua propia na cohorte máis vella, de 60 anos ou máis (54,3%), 8 puntos máis que Cataluña, a segunda mellor situada. A cohorte máis nova, de menos de 20 anos, é a que evidencia unha peor situación relativa, pois o 47,1% de falantes en galego no traballo ou no centro de estudos fica moi por detrás do 84,8% de Cataluña, o 80,1% do País Vasco, o 71,2% das Illas Baleares e mesmo ao 48,2% da Comunidade Valenciana. Nas tres cohortes restantes Galicia sitúase por detrás de Cataluña, da que a separan entre 8 e 11,1 puntos porcentuais, segundo o segmento.

No uso da lingua propia no eido laboral ou académico vólvense observar maiores porcentaxes de falantes canto menor é a idade no País Vasco (do 14,4% do treito de maior idade ao 80,1% do de menor) e en Navarra (do 5,3% ao 28,6%). Neste caso tamén se repite este parámetro nas demais comunidades autónomas: en Cataluña do 46,3% ao 84,8%, nas Illas Baleares do 34,4% ao 71,2% e na Comunidade Valenciana do 24,8% ao 48,2%) É dicir, de novo pode comprobarse que en Galicia se está a producir a tendencia contraria ao que acontece no resto das comunidades analizadas.

A resposta relativa ao feito de non usar nunca o galego no traballo nin no centro educativo, rexistra porcentaxes de entre o 13,2% das persoas máis novas e o 28,5% das maiores. Deste xeito acádanse as porcentaxes máis baixas só nas cohortes de 20 anos en adiante, pois na das persoas máis novas rexistra menor porcentaxe Cataluña (5%), valor que se incrementa coa idade ata o 37% nas que teñen 60 anos ou máis. Neste indicador tamén o País Vasco presenta mellores datos que Galicia entre os menores de 20 anos (7,7%), porcentaxe que se eleva ao 39,4% no seguinte treito de idade e segue medrando ata o 76,2% nas persoas que teñen 60 anos ou máis. Á marxe do caso da Comunidade Foral de Navarra, outra comunidade destacada pola súa elevada porcentaxe de persoas que non usan nunca a lingua cooficial no traballo ou na escola é a Comunidade Valenciana, con valores de entre o 21,6% dos máis novos e o 59,2% dos máis vellos.



### Frecuencia de uso da lingua cooficial no traballo ou na escola por idade

		Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Menores de 20 anos	11,5	17,3	39,9	31,4	1,91
	De 20 a 39 anos	29,9	28,8	25,3	16,0	1,28
	De 40 a 59 anos	39,1	22,9	23,4	14,5	1,13
	60 anos ou máis	47,9	17,8	16,3	18,0	1,05
	Total	33,7	22,3	25,3	18,7	1,29
Cataluña	Menores de 20 anos	5,0	10,2	41,1	43,7	2,23
	De 20 a 39 anos	18,2	20,8	35,5	25,6	1,69
	De 40 a 59 anos	19,9	23,6	33,2	23,3	1,60
	60 anos ou máis	37,0	16,7	22,6	23,7	1,33
	Total	21,0	18,6	32,6	27,9	1,67
C. Valenciana	Menores de 20 anos	21,6	30,3	30,6	17,5	1,44
	De 20 a 39 anos	44,8	26,9	16,6	11,6	0,95
	De 40 a 59 anos	51,7	22,9	15,9	9,6	0,83
	60 anos ou máis	59,2	16,0	11,4	13,4	0,79
	Total	46,6	23,3	17,6	12,5	0,96
Galicia	Menores de 20 anos	13,2	39,7	32,7	14,4	1,48
	De 20 a 39 anos	17,3	32,8	27,8	22,1	1,55
	De 40 a 59 anos	16,3	30,9	29,8	23,0	1,59
	60 anos ou máis	28,5	17,2	22,8	31,5	1,57
	Total	20,1	28,1	27,5	24,3	1,56
C. F. Navarra	Menores de 20 anos	65,6	5,7	11,0	17,6	0,81
	De 20 a 39 anos	78,4	10,0	6,5	5,1	0,38
	De 40 a 59 anos	85,6	7,3	4,2	2,9	0,24
	60 anos ou máis	90,5	4,2	2,4	2,9	0,18
	Total	81,4	6,8	5,6	6,3	0,37
País Vasco	Menores de 20 anos	7,7	12,2	37,3	42,8	2,15
	De 20 a 39 anos	39,4	23,9	23,0	13,6	1,11
	De 40 a 59 anos	55,6	20,4	15,6	8,4	0,77
	60 anos ou máis	76,2	9,3	8,1	6,4	0,45
	Total	50,2	16,3	18,6	14,8	0,98

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

A variable que describe a frecuencia xeral de uso da lingua cooficial presenta uns resultados que indican que se produce unha porcentaxe máis reducida de persoas que utilizan o galego canto menor é a súa idade. Así, os índices de resposta agregada de frecuencia media e frecuencia elevada van do 44,9% para menores de 20 anos ata o 71,7% das persoas que teñen 60

anos ou máis. Porén, no País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra presentan a tendencia contraria, con maior frecuencia media ou elevada de uso canto menor é a idade: no País Vasco rexístrase un 21,1% entre as persoas de máis idade e un 67,6% entre as máis novas e na Comunidade Foral de Navarra un 7,7% no primeiro caso e un 26,5% no segundo.

Tamén en claro contraste coa situación de Galicia, nas demais comunidades autónomas a maior frecuencia agregada ten lugar na cohorte de menos de 20 anos: 78,9% en Cataluña, 56,8% nas Illas Baleares e 39,1% na Comunidade Valenciana. Galicia só presenta os mellores datos nos dous treitos de 40 anos en adiante, superando a Cataluña en 3,8 puntos porcentuais no segmento de 40 a 59 anos e en 14,9 puntos no de 60 ou máis. No tramo de idade de 20 a 49 anos fica por detrás de Cataluña (57,3% fronte a 59,7%) e no de menos de 20 (44,9%) é superada por esta comunidade (78,7%) e polo País Vasco (67,6%) e as Illas Baleares (56,8%).

Estes datos están a indicar un uso do galego menor nas cohortes máis novas, especialmente entre os de menos de 20 anos, mentres que no resto dos territorios analizados rexístrase a tendencia contraria, cun maior uso da lingua propia xustamente entre as persoas de menor idade.

## Frecuencia de uso da lingua cooficial por idade

		Nunca	Baixa	Media	Elevada	Índice (0-9)
I. Baleares	Menores de 20 anos	10,1	33,0	29,0	27,8	4,51
	De 20 a 39 anos	25,1	30,9	20,8	23,1	3,63
	De 40 a 59 anos	34,5	25,4	17,2	22,9	3,32
	60 anos ou máis	36,1	16,7	19,3	27,9	3,71
	Total	28,0	26,3	20,8	25,0	3,70
Cataluña	Menores de 20 anos	3,4	17,9	40,1	38,6	5,71
	De 20 a 39 anos	13,7	26,7	28,1	31,6	4,64
	De 40 a 59 anos	16,2	26,9	26,0	30,8	4,52
	60 anos ou máis	23,7	19,5	23,4	33,4	4,46
	Total	15,0	23,3	28,6	33,2	4,76
C. Valenciana	Menores de 20 anos	19,2	41,8	24,0	15,1	3,26
	De 20 a 39 anos	37,8	31,1	14,9	16,2	2,78
	De 40 a 59 anos	44,9	25,6	15,0	14,6	2,54
	60 anos ou máis	47,4	19,3	14,8	18,5	2,77
	Total	39,2	28,2	16,6	16,1	2,79
Galicia	Menores de 20 anos	9,4	45,7	27,9	16,9	3,85
	De 20 a 39 anos	11,8	30,9	27,2	30,2	4,73
	De 40 a 59 anos	9,5	29,9	31,1	29,5	4,93
	60 anos ou máis	8,2	20,1	33,6	38,1	5,60
	Total	9,5	29,2	30,7	30,6	4,95
C. F. Navarra	Menores de 20 anos	63,9	9,6	17,6	8,8	1,77



	De 20 a 39 anos	73,4	11,6	9,1	5,9	1,19
	De 40 a 59 anos	81,6	8,6	6,2	3,6	0,80
	60 anos ou máis	85,6	6,7	4,1	3,5	0,66
	Total	77,4	9,0	8,5	5,1	1,04
País Vasco	Menores de 20 anos	6,7	25,7	43,2	24,4	4,76
	De 20 a 39 anos	30,8	31,0	23,6	14,5	3,08
	De 40 a 59 anos	46,3	26,5	16,7	10,6	2,29
	60 anos ou máis	61,9	16,9	13,1	8,1	1,69
	Total	41,0	24,4	21,6	13,0	2,70

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

### 3.4. Análise por nivel de estudos

A análise por nivel de estudos indica que en Galicia o uso do galego é máis frecuente canto menor é o nivel académico da poboación, o que se observa nos tres contextos máis cotiáns de relación (familia, amizades e lugar de traballo ou estudo). Con todo, nas cinco restantes comunidades autónomas con lingua cooficial, a tendencia é contraria (maior porcentaxe de usuarios/as canto maior é o nivel académico), polo que, unha vez máis, vólvese atopar unha tendencia inversa no uso do galego en relación co resto dos territorios do Estado con lingua cooficial.

O uso máis frecuente do galego coa familia é, polo tanto, máis habitual canto menor é o nivel de estudos da poboación, pasando do 44,9% das persoas con estudos superiores ao 77,2% das que só teñen educación primaria ou inferior. En todo caso, a porcentaxe máis baixa correspóndelle á poboación menor de 16 anos, que non figura en ningún nivel académico por non ter rematado o período de formación obrigatoria, dato que volve lembrar o menor uso do galego entre as persoas máis novas.

En contraposición coa tendencia observada en Galicia, en Cataluña, no País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra a porcentaxe de persoas que empregan a lingua propia coa familia é maior canto maior é o seu nivel formativo: en Cataluña pasan do 33,6% das persoas co nivel educativo máis baixo ao 60,3% das do máis alto, no País Vasco do 17,4% ao 32,6% e na Comunidade Foral de Navarra do 6% ao 12%. Nos dous últimos territorios, ademais, a porcentaxe máis alta de resposta positiva ("frecuentemente" e "sempre") rexistra o seu valor máis alto no segmento dos menores de 16 anos: 38% no primeiro caso e 14,2% no segundo. Nas Illas Baleares a tendencia non é lineal pero igualmente rexistra a maior porcentaxe

de persoas que utilizan frecuentemente ou sempre o catalán coa familia no segmento de maior nivel de estudos: 44,8%, fronte a valores entre o 36,3% e o 38,9% dos demais niveis. Na Comunidade Valenciana as diferenzas entre segmentos non acadan os 4 puntos porcentuais.

As porcentaxes obtidas en Galicia en cada un dos segmentos do cruzamento sitúana por diante das demais comunidades autónomas nos dous niveis formativos máis baixos (educación primaria ou inferior e primeira etapa de educación secundaria), pero non así nos tres restantes: na segunda etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior fica a só 1 décima de Cataluña (51,5% fronte a 51,6%), pero no nivel de estudos superiores sitúase a 15,5 puntos porcentuais e no de menores de 16 anos a 18,3 desta comunidade, a 5,5 puntos das Illas Baleares e a 3 do País Vasco.

A porcentaxe das persoas que nunca empregan o galego coa familia rexistra índices que oscilan entre o 9,7% das que se atopan no treito máis baixo do nivel formativo e o 24,6% do máis alto. Esta taxa incrementase ata o 29% entre as persoas que, por non ter aínda os 16 anos e polo tanto non ter rematado a educación obrigatoria, non figuran aínda en ningún nivel. En todo caso, Galicia é a comunidade coas porcentaxes máis baixas na categoría “nunca” salvo nese segmento, no que Cataluña rexistra unha porcentaxe lixeiramente inferior (23,8%).

#### Frecuencia de uso da lingua cooficial coa familia por nivel de estudos

		Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Educ. primaria e inferior	53,6	7,5	7,1	31,9	1,17
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	48,4	14,8	11,3	25,5	1,14
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	48,8	14,9	10,3	26,1	1,14
	Educación superior	41,9	13,4	12,8	32,0	1,35
	Non aplicable (menor de 16 anos)	41,5	18,1	17,1	23,3	1,22
	Total	46,9	14,2	11,6	27,3	1,19
Cataluña	Educ. primaria e inferior	52,1	14,3	8,8	24,8	1,06
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	37,6	19,5	13,8	29,1	1,34
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	28,9	19,4	16,6	35,0	1,58
	Educación superior	25,4	14,2	17,6	42,8	1,78

**DOCUMENTOS DE TRABALLO**



	Non aplicable (menor de 16 anos)	23,8	23,0	19,5	33,8	1,63
	Total	32,3	18,2	15,6	33,9	1,51
C. Valenciana	Educ. primaria e inferior	58,0	11,3	7,2	23,5	0,96
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	57,5	14,5	9,4	18,5	0,89
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	55,9	16,8	10,0	17,3	0,89
	Educación superior	51,8	18,5	11,5	18,2	0,96
	Non aplicable (menor de 16 anos)	52,3	21,0	11,9	14,8	0,89
	Total	55,4	16,3	10,0	18,4	0,91
	Galicia	Educ. primaria e inferior	9,7	13,1	20,9	56,3
1ª etapa de Educ. secundaria e similar		14,8	22,6	22,4	40,3	1,88
2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior		20,0	28,4	23,7	27,9	1,59
Educación superior		24,6	30,6	22,8	22,0	1,42
Non aplicable (menor de 16 anos)		29,0	36,1	16,8	18,1	1,24
Total		18,3	25,0	21,8	34,8	1,73
C. F. Navarra		Educ. primaria e inferior	90,8	3,2	2,1	4,0
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	86,6	5,5	3,5	4,4	0,26
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	78,7	11,3	5,6	4,4	0,36
	Educación superior	79,3	8,7	8,0	4,0	0,37
	Non aplicable (menor de 16 anos)	74,1	11,7	8,3	5,9	0,46
	Total	81,4	8,5	5,6	4,5	0,33
	País Vasco	Educ. primaria e inferior	75,1	7,5	6,1	11,3
1ª etapa de Educ. secundaria e similar		66,0	16,1	9,7	8,2	0,60
2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior		53,0	21,0	14,0	12,0	0,85
Educación superior		43,6	23,8	18,6	14,0	1,03
Non aplicable (menor de 16 anos)		33,3	28,7	18,0	19,9	1,25
Total		53,7	20,0	13,7	12,6	0,85

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

A situación descrita en relación co uso da lingua cooficial no contexto familiar repítese respecto a utilización desta coas amizades, pois de novo en

Galicia se recollen porcentaxes máis elevadas de persoas que usan o galego de forma frecuente ou sempre canto menor é o nivel de estudos: do 42,3% do máis alto chégase ao 76,1% do máis baixo e outra vez coa porcentaxe máis baixa no segmento dos menores de 16 anos. En contraste, en Cataluña, no País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra acontece o contrario, xa que se rexistran índices máis altos de resposta positiva canto maior é o nivel académico das persoas. Así, en Cataluña a porcentaxe das persoas que usan frecuentemente ou sempre o catalán con amizades medra dende o 32,5% do segmento de menor nivel de estudos ao 66,9% do máis alto, valores que pasan do 15,6% ao 32,1% no País Vasco e do 6% ao 11,7% na Comunidade Foral de Navarra. De novo, cómpre salientar que nas dúas últimas o valor máis alto corresponde ao segmento dos menores de 16 anos: 44,2% no País Vasco e 17,1% na Comunidade Foral de Navarra. Como no indicador anterior, tamén se observa nas Illas Baleares a maior porcentaxe agregada de resposta positiva no segmento de maior nivel formativo (46,3%, neste caso, fronte a valores entre o 37,4% e o 39,2% nos niveis inferiores). Na Comunidade Valenciana non se rexistran diferenzas salientables por nivel académico.

Na comparación do uso con amizades por niveis de estudos entre Galicia e as demais comunidades autónomas, a comunidade galega é a mellor situada nos tres niveis de formación non superior (con maior vantaxe canto menor é o nivel), pero no segmento de estudos superiores fica a 24,5 puntos porcentuais de Cataluña e a 3,9 puntos das Illas Baleares, e no segmento de menos de 16 anos a 32,1 puntos de Cataluña, a 14,7 das Illas Baleares e a 13 do País Vasco.

Se se atende agora á resposta máis negativa, a que sinala que nunca se emprega a lingua cooficial coas amizades, Galicia rexistra porcentaxes que crecen conforme aumenta o nivel académico, pasando do 8,5% do nivel máis baixo ao 21,2% do máis alto, pero amosa un valor moi destacado no segmento das persoas menores de 16 anos, onde acada o 34,3%. Deste xeito, Galicia é a comunidade autónoma con mellores datos nos dous niveis formativos máis baixos pero non nos demais, xa que nos dous niveis máis altos as porcentaxes rexistradas por Cataluña son menores: 18% e 14,1%, a 0,2 e 7,1 puntos dos respectivos valores galegos. Con todo, a diferenza máis grande prodúcese no segmento dos menores de 16 anos, onde o valor rexistrado por Galicia (34,3%) fica moi por riba do das Illas Baleares

(28,1%), do País Vasco (21,1%) e do de Cataluña (12,4%), o cal indica unha previsible peor situación no futuro inmediato no que atinxe ao uso do galego coas amizades entre os grupos de menor idade.

**Frecuencia de uso da lingua cooficial coas amizades por nivel de estudos**

		Nunca	Ás veces	Frecuente- mente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Educ. primaria e inferior	47,6	13,2	14,1	25,1	1,17
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	39,8	22,5	19,1	18,7	1,17
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	39,4	23,2	21,4	16,0	1,14
	Educación superior	30,7	23,1	28,1	18,2	1,34
	Non aplicable (menor de 16 anos)	28,1	26,0	26,8	19,1	1,37
	Total	37,3	22,2	21,9	18,6	1,22
	Cataluña	Educ. primaria e inferior	47,5	20,1	13,5	19,0
1ª etapa de Educ. secundaria e similar		28,4	25,7	23,3	22,6	1,40
2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior		18,0	25,6	30,0	26,4	1,65
Educación superior		14,1	19,0	36,3	30,6	1,83
Non aplicable (menor de 16 anos)		12,4	24,3	32,7	30,6	1,82
Total		22,4	23,3	28,1	26,2	1,58
C. Valenciana	Educ. primaria e inferior	56,6	13,4	10,9	19,1	0,92
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	53,3	19,4	13,3	14,0	0,88
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	48,9	23,2	15,6	12,2	0,91
	Educación superior	44,1	26,4	18,3	11,3	0,97
	Non aplicable (menor de 16 anos)	47,9	25,0	16,1	11,0	0,90
	Total	50,2	21,6	14,9	13,4	0,91
Galicia	Educ. primaria e inferior	8,5	15,3	25,5	50,7	2,18
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	13,2	26,2	26,7	33,8	1,81
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	18,2	32,3	28,2	21,2	1,52
	Educación superior	21,2	36,5	27,0	15,3	1,36
	Non aplicable (menor de 16 anos)	34,3	34,6	17,7	13,5	1,10
	Total	17,3	28,2	25,9	28,6	1,66
C. F. Navarra	Educ. primaria e inferior	90,7	3,3	2,5	3,5	0,19





	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	86,3	5,4	4,5	3,7	0,26
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	78,0	11,9	7,1	3,0	0,35
	Educación superior	77,0	11,3	9,1	2,6	0,37
	Non aplicable (menor de 16 anos)	69,3	13,6	11,8	5,4	0,53
	Total	79,9	9,5	7,1	3,5	0,34
País Vasco	Educ. primaria e inferior	74,6	9,8	7,7	8,0	0,49
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	65,3	16,3	12,2	6,2	0,59
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	48,9	25,7	16,8	8,7	0,85
	Educación superior	39,8	28,2	22,6	9,5	1,02
	Non aplicable (menor de 16 anos)	21,1	34,7	26,1	18,0	1,41
	Total	49,7	23,5	17,3	9,5	0,87

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

No uso da lingua cooficial no traballo ou no centro educativo unha vez máis Galicia amosa unha maior porcentaxe de persoas que a empregan frecuentemente ou sempre canto menor é o nivel de estudos: do 46,2% do nivel máis alto ao 60,3% do máis baixo. A tendencia contraria, que describe unha maior porcentaxe de resposta agregada positiva canto maior é o nivel académico, constatase nas cinco comunidades restantes: pasa do 27,7% do nivel máis baixo ao 71,3% do máis alto en Cataluña, do 30,8% ao 48,3% nas Illas Baleares, do 23,2% ao 31,2% na Comunidade Valenciana, do 11,5% ao 36,9% no País Vasco e do 4,5% ao 10,4% na Comunidade Foral de Navarra. Ademais, en todas elas, a diferenza de Galicia, recóllese a súa maior porcentaxe de resposta positiva no segmento dos menores de 16 anos: 84,9% en Cataluña, 83,7% no País Vasco, 71,3% nas Illas Baleares, 49,9% na Comunidade Valenciana e 30,3% na Comunidade Foral de Navarra, fronte ao 47,7% da comunidade galega.

Coas porcentaxes agregadas das respostas positivas -"frecuentemente" e "sempre"- obtidas por cada comunidade autónoma pode comprobarse que Galicia mantén a primeira posición nos dous niveis académicos máis baixos, mentres que nos estudos de segunda etapa de educación secundaria e na educación postsecundaria non superior fica nun segundo

chazo, a 14,6 puntos porcentuais do uso do catalán. Tamén, no segmento de persoas con estudos superiores está por detrás de Cataluña (a 25,1 puntos) e das Illas Baleares (a 2,1 puntos).

A porcentaxe de persoas que non usan nunca o galego no traballo ou no centro educativo sitúase no 20,8% e no 25,3% nos dous niveis académicos máis baixos, mentres que fica no 18,6% e no 19,6% nos dous máis altos. Entre os menores de 16 anos non falan nunca galego o 13,1%. Con estes valores, Galicia amosa mellor situación comparada coas demais comunidades autónomas nos dous treitos máis baixos do nivel formativo, ao presentar as porcentaxes de resposta máis baixas nestas categorías. Non ocorre o mesmo coas seguintes, onde as porcentaxes máis baixas son as que achega Cataluña : 15,4% e 13,3% nos dous niveis máis altos e 5,4% no segmento dos menores de 16 anos. En todo caso, con respecto ao uso da lingua cooficial entre as persoas de menos de 16 anos, o País Vasco e as Illas Baleares amosan tamén mellor situación que Galicia, con valores do 6,5% e o 12,3%, respectivamente.

#### Frecuencia de uso da lingua cooficial no traballo ou na escola por nivel de estudos

		Nunca	Ás veces	Frecuente-mente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Educ. primaria e inferior	53,6	15,5	12,5	18,4	0,96
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	38,9	23,5	22,1	15,6	1,14
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	34,1	26,3	25,2	14,4	1,20
	Educación superior	28,7	23,1	29,0	19,2	1,39
	Non aplicable (menor de 16 anos)	12,3	16,4	37,8	33,5	1,92
	Total	33,7	22,3	25,3	18,7	1,29
Cataluña	Educ. primaria e inferior	53,8	18,5	11,4	16,2	0,90
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	27,1	24,0	27,0	21,8	1,44
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	15,4	21,3	36,7	26,6	1,75
	Educación superior	13,3	15,4	40,4	30,9	1,89
	Non aplicable (menor de 16 anos)	5,4	9,7	39,9	45,0	2,25
	Total	21,0	18,6	32,6	27,9	1,67
C. Valenciana	Educ. primaria e inferior	63,3	13,5	8,7	14,5	0,74
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	55,2	19,5	13,2	12,1	0,82

**DOCUMENTOS DE TRABALLO**



	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	46,6	26,2	16,9	10,3	0,91
	Educación superior	40,4	28,4	21,5	9,8	1,01
	Non aplicable (menor de 16 anos)	20,7	29,4	31,1	18,8	1,48
	Total	46,6	23,3	17,6	12,5	0,96
Galicia	Educ. primaria e inferior	25,3	14,4	20,0	40,4	1,75
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	20,8	25,4	25,7	28,1	1,61
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	18,6	32,6	29,4	19,4	1,49
	Educación superior	19,6	34,2	32,5	13,7	1,40
	Non aplicable (menor de 16 anos)	13,1	39,2	33,8	13,9	1,48
	Total	20,1	28,1	27,5	24,3	1,56
C. F. Navarra	Educ. primaria e inferior	93,0	2,5	1,4	3,1	0,15
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	88,5	3,4	3,7	4,4	0,24
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	80,9	9,8	5,5	3,8	0,32
	Educación superior	79,6	10,0	5,7	4,7	0,35
	Non aplicable (menor de 16 anos)	64,7	5,0	11,6	18,7	0,84
	Total	81,4	6,8	5,6	6,3	0,37
País Vasco	Educ. primaria e inferior	82,7	5,8	5,5	6,1	0,35
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	69,7	11,8	11,1	7,4	0,56
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	50,4	21,7	18,1	9,8	0,87
	Educación superior	39,9	23,1	22,6	14,4	1,11
	Non aplicable (menor de 16 anos)	6,5	9,8	37,0	46,6	2,24
	Total	50,2	16,3	18,6	14,8	0,98

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

A táboa que sintetiza o emprego da lingua cooficial nos tres contextos máis cotiáns e que expresa a frecuencia xeral de uso por nivel de estudos, permite comprobar que a categoría de resposta máis positiva, "frecuencia elevada", presenta en Galicia maiores porcentaxes canto menor é o nivel formativo da poboación (do 19,9% do máis alto chégase ao 47,1% do máis baixo) e rexistra o valor máis baixo entre os menores de 16 anos (16,6%). En

Cataluña, en cambio, a tendencia é a contraria (do 19,5% do nivel máis baixo chégase ao 43% do máis alto) e nos demais territorios analizados os valores máis altos recóllense nos segmentos de maior nivel académico: 29,6% nas Illas Baleares, 15,9% na Comunidade Valenciana e 15,9% no País Vasco.

A porcentaxe de persoas que usan o galego cunha frecuencia elevada sitúa a Galicia en mellor posición que as demais comunidades autónomas entre a poboación dos dous segmentos de menor nivel académico, pero no da segunda etapa da educación secundaria e postsecundaria é superada por Cataluña en 8,7 puntos. No segmento de educación superior Galicia fica a 23,1 puntos porcentuais de Cataluña e a 9,7 puntos das Illas Baleares.

A frecuencia xeral de uso do galego amosa que a porcentaxe de persoas que non o falan nunca pasa do 6,6% do nivel formativo máis baixo ao 12,1% do máis alto, así como ao 9,6% dos menores de 16 anos. Mentres, Cataluña presenta a tendencia contraria, xa que o índice de persoas que non o falan nunca pasa do 40,7% do nivel académico máis baixo ao 9,3% do máis alto, cun 3,6% de menores de 16 anos que tampouco o falan nunca. Deste xeito, Galicia é a comunidade con menor porcentaxe de persoas que non falan nunca a lingua cooficial nos dous treitos académicos máis baixos, pero nos dous superiores recolle mellores resultados Cataluña. Máis significativa é a diferenza no grupo dos menores de 16 anos, no que Cataluña se sitúa 6 puntos por debaixo. O País Vasco presenta tamén mellor situación que Galicia nese segmento (6%).

#### Frecuencia de uso da lingua cooficial por nivel de estudos

		Nunca	Baixa	Media	Elevada	Índice (0-9)
I. Baleares	Educ. primaria e inferior	43,4	14,8	17,2	24,5	3,30
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	31,7	27,1	18,6	22,6	3,45
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	28,8	29,5	18,9	22,9	3,47
	Educación superior	24,1	24,2	22,1	29,6	4,08
	Non aplicable (menor de 16 anos)	11,2	30,6	30,0	28,3	4,52
	Total	28,0	26,3	20,8	25,0	3,70
Cataluña	Educ. primaria e inferior	40,7	23,8	15,9	19,5	3,00
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	19,1	28,9	25,1	26,9	4,18

## DOCUMENTOS DE TRABAJO

	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	10,7	25,0	30,3	34,0	4,97
	Educación superior	9,3	18,4	29,3	43,0	5,50
	Non aplicable (menor de 16 anos)	3,6	18,0	40,2	38,2	5,69
	Total	15,0	23,3	28,6	33,2	4,76
C. Valenciana	Educ. primaria e inferior	52,7	15,8	12,8	18,6	2,63
	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	46,2	23,6	13,9	16,2	2,59
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	39,6	29,2	15,8	15,4	2,71
	Educación superior	33,1	32,6	18,4	15,9	2,93
	Non aplicable (menor de 16 anos)	18,8	41,9	24,7	14,6	3,27
	Total	39,2	28,2	16,6	16,1	2,79
		Educ. primaria e inferior	6,6	15,2	31,1	47,1
Galicia	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	8,7	25,7	29,8	35,8	5,30
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	11,0	32,6	31,2	25,3	4,61
	Educación superior	12,1	35,6	32,4	19,9	4,19
	Non aplicable (menor de 16 anos)	9,6	45,5	28,3	16,6	3,83
	Total	9,5	29,2	30,7	30,6	4,95
		Educ. primaria e inferior	89,8	4,0	2,7	3,5
C. F. Navarra	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	85,1	5,3	5,2	4,4	0,75
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	75,0	12,4	8,5	4,1	1,03
	Educación superior	74,9	11,1	9,1	5,0	1,09
	Non aplicable (menor de 16 anos)	63,7	9,0	17,6	9,7	1,83
	Total	77,4	9,0	8,5	5,1	1,04
		Educ. primaria e inferior	72,4	10,1	9,3	8,2
País Vasco	1ª etapa de Educ. secundaria e similar	58,0	20,3	14,5	7,2	1,76
	2ª etapa de Educ. secundaria e Educ. postsecundaria non superior	39,9	29,0	19,9	11,1	2,58
	Educación superior	30,1	29,8	24,2	15,9	3,16
	Non aplicable (menor de 16 anos)	6,0	24,3	43,6	26,1	4,89
	Total	41,0	24,4	21,6	13,0	2,70

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE



### 3.5. Análise por nivel de ingresos

A análise por nivel de ingresos permite comprobar que en Galicia o segmento de poboación con maior nivel adquisitivo é o que en menor medida afirma que usa frecuentemente ou sempre o galego tanto coa familia como coas amizades ou no lugar de traballo ou estudo, mentres que nas demais comunidades autónomas acontece o contrario, xa que é nos dous niveis económicos máis altos onde se rexistran os índices de resposta positiva máis elevadas.

En Galicia a porcentaxe de persoas que falan en galego coa familia frecuentemente ou sempre rexistra valores na orde do 59% nos tres segmentos de menor nivel de ingresos mensuais da unidade familiar, é dicir, de ata 2.000 euros ao mes, pero esa porcentaxe vai caendo nos dous seguintes niveis ata atopar o seu valor máis baixo (47,6%) no segmento de 3.000 euros ou máis. Con todo, tanto en Cataluña como no País Vasco ou na Comunidade Foral de Navarra a porcentaxe de quen usa a súa lingua cooficial é maior canto maior é tamén o seu nivel de ingresos: pásase do 37,8% do máis baixo ao 62,4% do máis alto en Cataluña, do 17% ao 36,1% no País Vasco e do 6,5% ao 13,1% na Comunidade Foral de Navarra. Nas Illas Baleares e na Comunidade Valenciana a relación non é tan lineal pero igualmente se rexistran as porcentaxes máis altas da resposta agregada positiva nos dous niveis económicos máis elevados: 46,5%- 45,5% no primeiro caso e 31,6%-31% no segundo, fronte ás porcentaxes dos niveis máis baixos (32,8% e 25,3%, respectivamente).

Por segmentos, Galicia é a comunidade con maior porcentaxe de resposta positiva -"frecuentemente" e "sempre"- nos catro primeiros treitos económicos, pero nos dous máis altos fica por detrás de Cataluña: a 1,7 puntos no treito de 2.500 a menos de 3.000 euros e a 14,8 no de 3.000 euros ou máis.

A porcentaxe de residentes en Galicia que nunca empregan o galego para falar coa familia rexistra valores entre o 15,4% e o 19,2% nos 5 treitos máis baixos do cruzamento por nivel de ingresos, pero ascende ata o 24,2% no treito máis alto, de 3.000 euros en adiante. Cataluña amosa a tendencia contraria, con porcentaxes máis altas de persoas que nunca utilizan o catalán canto menor é o seu nivel adquisitivo, pasando do 40,9%

do nivel máis baixo ao 22,8% do máis alto. Deste xeito, Galicia é a comunidade con mellores datos nos cinco primeiros treitos, pero no máis alto fica por detrás de Cataluña, que mostra unha porcentaxe 1,4 puntos inferior á galega.

**Frecuencia de uso da lingua cooficial coa familia por nivel de ingresos mensuais netos no fogar**

		Nunca	Ás veces	Frecuente- mente	Sempre	Índice (0-3)
I. Balears	Menos de 1.000€	52,2	14,9	8,6	24,2	1,05
	De 1.000€ a menos de 1.500€	52,5	11,0	10,1	26,4	1,11
	De 1.500€ a menos de 2.000€	50,4	13,2	11,4	24,9	1,11
	De 2.000€ a menos de 2.500€	47,6	19,1	11,3	22,0	1,08
	De 2.500€ a menos de 3.000€	37,3	16,1	14,9	31,7	1,41
	3.000€ ou máis	42,1	12,4	12,8	32,7	1,36
	Total	46,9	14,2	11,6	27,3	1,19
Cataluña	Menos de 1.000€	40,9	21,3	10,9	26,9	1,24
	De 1.000€ a menos de 1.500€	38,2	19,5	14,9	27,3	1,31
	De 1.500€ a menos de 2.000€	37,1	19,2	13,9	29,8	1,36
	De 2.000€ a menos de 2.500€	33,0	18,2	15,6	33,2	1,49
	De 2.500€ a menos de 3.000€	26,0	18,1	18,2	37,8	1,68
	3.000€ ou máis	22,8	14,8	18,6	43,8	1,83
	Total	32,3	18,2	15,6	33,9	1,51
C. Valenciana	Menos de 1.000€	60,4	14,4	8,1	17,2	0,82
	De 1.000€ a menos de 1.500€	58,5	14,6	9,3	17,6	0,86
	De 1.500€ a menos de 2.000€	55,4	16,3	10,0	18,3	0,91
	De 2.000€ a menos de 2.500€	52,4	18,5	10,9	18,2	0,95
	De 2.500€ a menos de 3.000€	50,6	17,8	11,7	19,9	1,01
	3.000€ ou máis	51,0	18,0	11,1	19,9	1,00
	Total	55,4	16,3	10,0	18,4	0,91
Galicia	Menos de 1.000€	19,2	21,6	20,8	38,4	1,78
	De 1.000€ a menos de 1.500€	16,3	23,9	21,7	38,1	1,82
	De 1.500€ a menos de 2.000€	15,4	25,4	21,3	37,9	1,82
	De 2.000€ a menos de 2.500€	16,7	25,4	23,3	34,6	1,76

	De 2.500€ a menos de 3.000€	19,0	26,8	22,2	32,0	1,67
	3.000€ ou máis	24,2	28,2	22,2	25,4	1,49
	Total	18,3	25,0	21,8	34,8	1,73
C. F. Navarra	Menos de 1.000€	89,4	4,1	1,8	4,6	0,22
	De 1.000€ a menos de 1.500€	86,9	6,5	3,2	3,3	0,23
	De 1.500€ a menos de 2.000€	82,4	7,8	4,9	4,9	0,32
	De 2.000€ a menos de 2.500€	81,4	8,2	5,6	4,9	0,34
	De 2.500€ a menos de 3.000€	77,3	11,3	5,9	5,4	0,39
	3.000€ ou máis	76,6	10,3	8,8	4,3	0,41
	Total	81,4	8,5	5,6	4,5	0,33
País Vasco	Menos de 1.000€	66,4	16,5	6,8	10,2	0,61
	De 1.000€ a menos de 1.500€	63,5	16,4	9,6	10,6	0,67
	De 1.500€ a menos de 2.000€	57,4	21,3	10,2	11,1	0,75
	De 2.000€ a menos de 2.500€	55,3	20,2	14,1	10,4	0,80
	De 2.500€ a menos de 3.000€	48,2	22,9	15,4	13,5	0,94
	3.000€ ou máis	42,9	20,9	19,7	16,5	1,10
	Total	53,7	20,0	13,7	12,6	0,85

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Tamén na relación coas amizades son as persoas co maior nivel de ingresos as que en menor medida afirman que usan frecuentemente ou sempre o galego (45,3%), porcentaxe que supera o 52% nos demais segmentos do cruzamento, e que mesmo rexistran porcentaxes que roldan o 58% nos tres niveis inferiores de ingresos. Pola contra, en Cataluña a porcentaxe de quen utiliza frecuentemente ou sempre o catalán coas amizades pasa do 43,3% do segmento con menor nivel de ingresos ao 66,6% do máis alto. Atópase esta mesma tendencia na Comunidade Valenciana, onde pasa do 25,2% ao 31,4%, no País Vasco, do 18,4% ao 35%, e na Comunidade Foral de Navarra do 6% ao 13%. Nas Illas Baleares non se observa unha relación lineal perfecta entre volume de ingresos e uso do catalán coas amizades, pero son tamén as persoas cos niveis de ingresos máis altos as que amosan maior frecuencia de uso (47,6% e 45,3%) e os máis baixos a menor (36,1%).



A comparación por segmentos coas demais comunidades autónomas pon de manifesto a mellor situación de Galicia entre as persoas cun nivel de ingresos inferior aos 2.500 euros, pero tamén que nos tres niveis económicos máis altos fica por detrás de Cataluña, que presenta unha maior vantaxe canto maior é o nivel económico observado: 0,4 puntos máis no segmento de 2.000 a menos de 2.500 euros, 8,2 puntos no de 2.500 a menos de 3.000 euros e 21,3 puntos no de 3.000 euros ou máis.

Ao igual que no uso coa familia, coas amizades a porcentaxe de residentes en Galicia que non falan nunca galego amosa escasas diferenzas entre segmentos nos cinco niveis de ingresos máis baixos con valores que oscilan entre o 14,6% e o 17,9%, pero si rexistran unha porcentaxe superior e máis destacada no nivel máis alto (23,3%). Tamén neste caso Cataluña presenta a tendencia contraria, cunha porcentaxe de persoas que nunca falan catalán coas amizades que pasa do 32% do nivel de ingresos máis baixo ao 24,6% do máis alto. Así, Galicia é a comunidade con mellores datos nos catro niveis máis baixos, pero nos dous máis altos a primeira situación corresponde a Cataluña, con porcentaxes 3 e 8,7 puntos porcentuais superiores ao uso do galego neses niveis.

**Frecuencia de uso da lingua cooficial coas amizades por nivel de ingresos mensuais netos no fogar**

		Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Menos de 1.000€	44,5	19,4	18,3	17,8	1,09
	De 1.000€ a menos de 1.500€	42,1	19,1	19,3	19,6	1,16
	De 1.500€ a menos de 2.000€	38,6	22,1	22,6	16,7	1,17
	De 2.000€ a menos de 2.500€	38,4	26,8	19,4	15,3	1,12
	De 2.500€ a menos de 3.000€	29,3	23,1	26,1	21,5	1,40
	3.000€ ou máis	32,4	22,3	24,6	20,7	1,34
	Total	37,3	22,2	21,9	18,6	1,22
Cataluña	Menos de 1.000€	32,0	24,8	19,5	23,8	1,35
	De 1.000€ a menos de 1.500€	27,8	25,7	23,7	22,8	1,41
	De 1.500€ a menos de 2.000€	25,3	25,9	25,2	23,6	1,47
	De 2.000€ a menos de 2.500€	23,4	22,6	28,0	26,0	1,57
	De 2.500€ a menos de 3.000€	14,9	24,0	32,2	28,8	1,75
	3.000€ ou máis	14,6	18,8	36,2	30,4	1,82

**DOCUMENTOS DE TRABAJO**

	Total	22,4	23,3	28,1	26,2	1,58
C. Valenciana	Menos de 1.000€	55,0	19,8	11,2	14,0	0,84
	De 1.000€ a menos de 1.500€	54,0	19,2	12,9	13,9	0,87
	De 1.500€ a menos de 2.000€	49,4	22,1	15,7	12,8	0,92
	De 2.000€ a menos de 2.500€	47,5	23,1	16,6	12,8	0,95
	De 2.500€ a menos de 3.000€	46,0	24,1	17,6	12,3	0,96
	3.000€ ou máis	45,3	23,3	17,6	13,8	1,00
	Total	50,2	21,6	14,9	13,4	0,91
	Galicia	Menos de 1.000€	15,9	26,7	24,9	32,5
De 1.000€ a menos de 1.500€		15,9	25,4	26,2	32,5	1,75
De 1.500€ a menos de 2.000€		14,6	28,3	25,1	32,1	1,75
De 2.000€ a menos de 2.500€		17,0	29,4	27,5	26,1	1,63
De 2.500€ a menos de 3.000€		17,9	29,3	27,1	25,8	1,61
3.000€ ou máis		23,3	31,4	25,2	20,1	1,42
Total		17,3	28,2	25,9	28,6	1,66
C. F. Navarra		Menos de 1.000€	88,7	5,3	2,5	3,5
	De 1.000€ a menos de 1.500€	85,8	6,5	4,7	3,0	0,25
	De 1.500€ a menos de 2.000€	81,6	8,6	6,3	3,5	0,32
	De 2.000€ a menos de 2.500€	79,3	9,2	7,5	3,9	0,36
	De 2.500€ a menos de 3.000€	75,3	12,5	8,4	3,9	0,41
	3.000€ ou máis	74,9	12,1	9,7	3,4	0,42
	Total	79,9	9,5	7,1	3,5	0,34
	País Vasco	Menos de 1.000€	63,2	18,4	10,7	7,7
De 1.000€ a menos de 1.500€		57,9	20,4	13,1	8,6	0,72
De 1.500€ a menos de 2.000€		52,7	23,8	14,9	8,7	0,80
De 2.000€ a menos de 2.500€		50,8	24,0	16,9	8,3	0,83
De 2.500€ a menos de 3.000€		45,6	26,1	17,5	10,7	0,93
3.000€ ou máis		39,7	25,4	23,7	11,3	1,07
Total		49,7	23,5	17,3	9,5	0,87

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Aínda que con menor variación entre os diversos treitos da escala salarial, tamén a frecuencia de uso do galego no traballo ou na escola presenta o seu peor dato entre as persoas co maior nivel de ingresos (48%), fronte a valores por riba do 50% nas demais categorías do cruzamento e que acadan o valor máis alto, 54,1%, no segmento de 1.500 a menos de 2.000 euros. Tamén cómpre contraponer a situación das demais comunidades autónomas, en especial Cataluña, a Comunidade Valenciana, o País Vasco e a Comunidade Foral de Navarra, que presentan maior porcentaxe de quen usa frecuentemente ou sempre a súa lingua cooficial canto maior é o nivel de ingresos, pasando do 47,3% do máis baixo ao 72,2% do máis alto no caso de Cataluña, do 23,9% ao 35,6% no da Comunidade Valenciana, do 22,6% ao 44,2% no do País Vasco e do 5,7% ao 15,5% no da Comunidade Foral de Navarra. Nas Illas Baleares a relación entre o nivel de ingresos e a porcentaxe de persoas que utilizan frecuentemente ou sempre o catalán no traballo ou na escola non é lineal pero igualmente mostra a porcentaxe máis baixa (37,4%) no nivel inferior e as máis altas nos dous máis elevados (na orde do 50%).

Cos valores amosados por cada segmento do cruzamento, Galicia é a comunidade con maior porcentaxe de persoas que utilizan frecuentemente ou sempre a súa lingua cooficial nos dous segmentos de menor nivel de ingresos, aínda que con diferenzas inferiores aos 4 puntos porcentuais. Nos demais sitúase por detrás de Cataluña, en especial nos dous niveis máis altos, a 15,1 puntos no de 2.500 a menos de 3.000 euros e a 24,3 puntos no de 3.000 euros ou máis, e mesmo por detrás das Illas Baleares.

**Frecuencia de uso da lingua cooficial no traballo ou na escola por nivel de ingresos mensuais netos no fogar**

		Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Menos de 1.000€	42,6	20,0	19,8	17,6	1,12
	De 1.000€ a menos de 1.500€	38,4	20,7	20,8	20,1	1,23
	De 1.500€ a menos de 2.000€	34,9	21,8	26,1	17,2	1,25
	De 2.000€ a menos de 2.500€	34,0	25,7	23,8	16,5	1,23
	De 2.500€ a menos de 3.000€	26,0	23,8	26,9	23,3	1,47
	3.000€ ou máis	28,4	21,7	31,2	18,7	1,40
	Total	33,7	22,3	25,3	18,7	1,29
Cataluña	Menos de 1.000€	33,3	19,4	22,4	24,9	1,39

**DOCUMENTOS DE TRABAJO**



	De 1.000€ a menos de 1.500€	27,2	20,6	27,1	25,1	1,50
	De 1.500€ a menos de 2.000€	23,7	19,8	30,5	25,9	1,59
	De 2.000€ a menos de 2.500€	20,0	19,1	33,1	27,8	1,69
	De 2.500€ a menos de 3.000€	12,9	19,0	38,2	29,9	1,85
	3.000€ ou máis	12,6	15,2	40,4	31,8	1,91
	Total	21,0	18,6	32,6	27,9	1,67
C. Valenciana	Menos de 1.000€	56,9	19,2	11,9	12,0	0,79
	De 1.000€ a menos de 1.500€	50,8	20,9	15,6	12,8	0,90
	De 1.500€ a menos de 2.000€	45,9	23,1	18,7	12,3	0,97
	De 2.000€ a menos de 2.500€	42,2	25,7	19,1	13,0	1,03
	De 2.500€ a menos de 3.000€	39,8	27,8	21,2	11,3	1,04
	3.000€ ou máis	37,6	26,8	22,0	13,5	1,11
	Total	46,6	23,3	17,6	12,5	0,96
Galicia	Menos de 1.000€	25,6	24,0	22,9	27,5	1,52
	De 1.000€ a menos de 1.500€	21,1	25,4	25,5	28,1	1,61
	De 1.500€ a menos de 2.000€	18,2	27,8	27,1	26,9	1,63
	De 2.000€ a menos de 2.500€	17,9	30,0	30,5	21,6	1,56
	De 2.500€ a menos de 3.000€	17,7	29,2	31,5	21,6	1,57
	3.000€ ou máis	18,4	33,6	30,2	17,8	1,47
	Total	20,1	28,1	27,5	24,3	1,56
C. F. Navarra	Menos de 1.000€	91,3	3,1	2,2	3,4	0,18
	De 1.000€ a menos de 1.500€	87,2	4,9	4,1	3,9	0,25
	De 1.500€ a menos de 2.000€	84,0	6,3	4,3	5,5	0,31
	De 2.000€ a menos de 2.500€	80,3	7,1	5,2	7,5	0,40
	De 2.500€ a menos de 3.000€	76,3	8,6	6,7	8,5	0,47
	3.000€ ou máis	76,0	8,5	8,1	7,4	0,47
	Total	81,4	6,8	5,6	6,3	0,37
País Vasco	Menos de 1.000€	64,9	12,5	11,6	11,0	0,69
	De 1.000€ a menos de 1.500€	62,4	13,6	12,2	11,8	0,73
	De 1.500€ a menos de 2.000€	54,5	15,9	15,4	14,2	0,89
	De 2.000€ a menos de 2.500€	50,8	16,2	19,6	13,3	0,95

De 2.500€ a menos de 3.000€	43,5	20,3	18,6	17,6	1,10
3.000€ ou máis	38,0	17,8	26,2	18,0	1,24
Total	50,2	16,3	18,6	14,8	0,98

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

Por último, a táboa de frecuencia xeral de uso da lingua cooficial pon de manifesto que a porcentaxe de persoas que en Galicia amosan unha frecuencia elevada de uso do galego é maior canto menor é o seu nivel de ingresos, pasando do 23,4% do segmento de maior nivel económico ao 34% do máis baixo, mentres que en Cataluña se produce a tendencia contraria, con maiores porcentaxes de persoas que usan cunha elevada frecuencia o catalán canto maior é o seu nivel de ingresos: do 25,5% do máis baixo ao 43,6% do máis alto. Amosan a mesma tendencia a Comunidade Valenciana, que pasa do 14,6% ao 18,1%, e o País Vasco, do 8,8% ao 17,4%. Tamén as Illas Baleares e a Comunidade Foral de Navarra presentan nos dous niveis económicos máis altos as maiores porcentaxes de persoas que empregan a súa respectiva lingua propia cunha frecuencia elevada: 31,8% e 30,1% no primeiro caso e valores na orde do 6% no segundo.

**Frecuencia de uso da lingua cooficial no traballo ou na escola por nivel de ingresos mensuais netos no fogar**

		Nunca	Baixa	Media	Elevada	Índice (0-9)
I. Baleares	Menos de 1.000€	36,5	22,7	20,1	20,6	3,27
	De 1.000€ a menos de 1.500€	31,9	24,1	20,0	24,0	3,49
	De 1.500€ a menos de 2.000€	27,9	29,1	21,4	21,6	3,54
	De 2.000€ a menos de 2.500€	29,4	30,3	19,8	20,5	3,42
	De 2.500€ a menos de 3.000€	20,0	27,4	20,8	31,8	4,28
	3.000€ ou máis	24,0	24,1	21,8	30,1	4,10
	Total	28,0	26,3	20,8	25,0	3,70
Cataluña	Menos de 1.000€	23,9	26,8	23,9	25,5	3,98
	De 1.000€ a menos de 1.500€	19,5	26,1	27,7	26,7	4,23
	De 1.500€ a menos de 2.000€	17,0	25,9	28,4	28,7	4,42
	De 2.000€ a menos de 2.500€	14,6	24,3	28,4	32,7	4,74
	De 2.500€ a menos de 3.000€	8,9	21,6	32,4	37,1	5,28

**DOCUMENTOS DE TRABALLO**

	3.000€ ou máis	9,0	17,6	29,8	43,6	5,57
	Total	15,0	23,3	28,6	33,2	4,76
	Menos de 1.000€	47,3	24,7	13,5	14,6	2,45
	De 1.000€ a menos de 1.500€	42,8	26,5	15,4	15,4	2,63
	De 1.500€ a menos de 2.000€	38,7	27,8	17,5	16,0	2,81
C. Valenciana	De 2.000€ a menos de 2.500€	35,3	30,5	17,9	16,3	2,93
	De 2.500€ a menos de 3.000€	33,8	31,0	18,0	17,2	3,01
	3.000€ ou máis	32,1	31,0	18,8	18,1	3,11
	Total	39,2	28,2	16,6	16,1	2,79
	Menos de 1.000€	10,9	26,2	30,7	32,2	5,05
	De 1.000€ a menos de 1.500€	9,4	26,7	30,0	34,0	5,17
	De 1.500€ a menos de 2.000€	8,0	28,1	30,1	33,8	5,19
Galicia	De 2.000€ a menos de 2.500€	8,8	29,0	32,9	29,3	4,94
	De 2.500€ a menos de 3.000€	8,8	31,0	31,3	28,9	4,85
	3.000€ ou máis	11,0	35,9	29,6	23,4	4,38
	Total	9,5	29,2	30,7	30,6	4,95
	Menos de 1.000€	87,4	5,7	2,8	4,0	0,60
	De 1.000€ a menos de 1.500€	83,8	7,3	5,4	3,5	0,72
	De 1.500€ a menos de 2.000€	79,0	8,4	8,2	4,4	0,95
C. F. Navarra	De 2.000€ a menos de 2.500€	76,5	9,0	8,6	5,8	1,10
	De 2.500€ a menos de 3.000€	72,3	11,4	10,1	6,2	1,28
	3.000€ ou máis	71,9	10,3	11,9	6,0	1,29
	Total	77,4	9,0	8,5	5,1	1,04
	Menos de 1.000€	56,3	19,3	15,6	8,8	1,92
	De 1.000€ a menos de 1.500€	50,6	23,8	15,9	9,7	2,13
	De 1.500€ a menos de 2.000€	44,9	25,0	19,0	11,2	2,44
País Vasco	De 2.000€ a menos de 2.500€	41,8	24,9	21,9	11,4	2,58
	De 2.500€ a menos de 3.000€	34,5	27,7	22,3	15,5	2,98
	3.000€ ou máis	30,0	24,4	28,2	17,4	3,40
	Total	41,0	24,4	21,6	13,0	2,70

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE



### 3.6. Análise por nivel de competencia na lingua cooficial

Na segmentación por nivel de competencia comprobouse que nas seis comunidades autónomas con lingua propia se rexistran maiores porcentaxes de persoas que utilizan esa lingua frecuentemente ou sempre canto maior é a súa competencia para usala, pero con importantes diferenzas entre unhas comunidades e outras.

A porcentaxe de persoas que en Galicia afirman que usan frecuentemente ou sempre o galego na súa relación coa familia é maior canto maior é a competencia para usalo, con porcentaxes que pasan do 1,5% de quen non declara competencias en galego e o 4,4% de quen indica que ten competencias baixas ao 64,4% das persoas cunhas competencias altas. A mesma tendencia -maior uso canto maior competencia- apréciase tamén nas demais comunidades autónomas. En Cataluña a agregación das dúas respostas máis positivas ("frecuentemente" e "sempre") pasa do 1,1% do segmento sen competencias para usar a lingua cooficial ao 64,7% de quen conta cunhas competencias altas. Nas Illas Baleares os valores móvense do 0,7% ao 61,9%, na Comunidade Foral de Navarra do 0% ao 56%, no País Vasco do 0,3% ao 54,8% e na Comunidade Valenciana do 0,1% ao 51%. Isto supón que no segmento de competencias altas a comunidade onde maior porcentaxe de poboación emprega a lingua cooficial é Cataluña (64,7%), mentres que Galicia mantense nunha situación de empate, a só 4 décimas (64,3%). Pero se neste segmento de maior competencia apenas se observan diferenzas importantes entre estas tres comunidades autónomas. Non ocorre o mesmo no de competencias medias-altas, no que Galicia rexistra un 40,8% de persoas que utilizan o galego frecuentemente ou sempre coa familia, valor que supera amplamente o rexistrado nas restantes comunidades para ese nivel de competencia.

Galicia é tamén a comunidade autónoma na que maior porcentaxe de persoas con competencias medias-baixas para falar galego di que o fala frecuentemente ou sempre coa familia (22,8%), valor que supera entre 10 e 14 puntos porcentuais aos recollidos por ese segmento en calquera das demais comunidades autónomas. Na poboación con competencias baixas na lingua cooficial que asegura que a fala frecuentemente ou sempre coa familia non se aprecian diferenzas significativas entre comunidades autónomas.

## Frecuencia de uso da lingua cooficial coa familia por nivel de competencia

	Nivel de com- petencia	Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Non declara	98,3	1,0	0,2	0,6	0,03
	Baixo	93,3	5,5	0,5	0,7	0,08
	Medio-baixo	71,6	17,2	4,9	6,3	0,46
	Medio-alto	53,0	23,0	6,9	17,0	0,88
	Alto	22,5	15,6	18,1	43,7	1,83
	Total	46,9	14,2	11,6	27,3	1,19
Cataluña	Non declara	97,4	1,6	0,4	0,7	0,04
	Baixo	88,5	8,9	1,1	1,6	0,16
	Medio-baixo	65,2	22,2	6,0	6,7	0,54
	Medio-alto	52,9	27,6	8,9	10,6	0,77
	Alto	17,4	17,9	19,8	44,9	1,92
	Total	32,3	18,2	15,6	33,9	1,51
C. Valenciana	Non declara	98,4	1,4	0,1	0,1	0,02
	Baixo	93,6	5,0	0,8	0,6	0,08
	Medio-baixo	74,6	15,6	4,6	5,3	0,41
	Medio-alto	59,9	23,1	6,1	10,9	0,68
	Alto	27,8	21,2	17,6	33,5	1,57
	Total	55,4	16,3	10,0	18,4	0,91
Galicia	Non declara	95,4	3,1	1,0	0,5	0,07
	Baixo	75,8	19,8	3,0	1,4	0,30
	Medio-baixo	47,2	30,0	9,9	12,9	0,88
	Medio-alto	30,7	28,5	14,4	26,3	1,36
	Alto	10,9	24,7	24,8	39,5	1,93
	Total	18,3	25,0	21,8	34,8	1,73
C. F. Navarra	Non declara	99,6	0,4	0,0	0,0	0,00
	Baixo	74,3	24,5	1,2	0,0	0,27
	Medio-baixo	43,4	44,9	7,0	4,7	0,73
	Medio-alto	29,1	43,2	14,4	13,2	1,12
	Alto	15,5	28,5	31,1	24,9	1,65
	Total	81,4	8,5	5,6	4,5	0,33
País Vasco	Non declara	98,0	1,7	0,1	0,2	0,03
	Baixo	81,2	16,9	1,3	0,6	0,21
	Medio-baixo	55,6	35,6	5,0	3,8	0,57
	Medio-alto	39,4	35,2	17,2	8,2	0,94
	Alto	20,2	25,0	27,6	27,1	1,62
	Total	53,7	20,0	13,7	12,6	0,85

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

En Galicia a porcentaxe de persoas con nivel de competencia alto para utilizar galego que o usan frecuentemente ou sempre con amizades sitúase no 51,2%, 13,2 puntos menos que os que aseguran utilizalo con esa fre-



cuencia coa familia. En todo caso, esa porcentaxe diminúe conforme se reduce tamén a competencia para empregalo, ata chegar ao 0,5% de quen non declara competencia algunha.

Esa tendencia á menor frecuencia de uso canto menor é a competencia para usar o idioma propio apréciase tamén nas demais comunidades autónomas. En Cataluña as porcentaxes agregadas de quen usa frecuentemente ou sempre o catalán para falar cos amizades pasa do 70,9% dos que teñen un nivel alto de competencia para utilizalo ao 1,1% dos que non declaran competencias. Nas Illas Baleares esas porcentaxes van do 64% ao 0,7%, na Comunidade Foral de Navarra do 59,8% ao 0%, no País Vasco do 56,6% ao 0,3% e na Comunidade Valenciana do 51,2% ao 0,2%. Deste xeito, a porcentaxe de quen fala frecuentemente ou sempre a lingua propia con amizades é superior en Galicia que nas demais comunidades autónomas só nos segmentos cun nivel de competencia medio-alto (7,1 puntos máis que Cataluña) e medio baixo (14,2 puntos por diante que as Illas Baleares), pero no segmento de maior nivel de competencia sitúase en terceira posición, a 8,9 puntos de Cataluña e a 2 puntos das Illas Baleares.

En termos comparativos é interesante destacar que en Cataluña, no País Vasco ou mesmo en Navarra se incrementa o uso social do idioma propio no segmento con maior nivel de competencia, mentres que en Galicia baixa 13,2 puntos porcentuais. Nos restantes territorios analizados mantense en porcentaxes moi similares.

#### Frecuencia de uso na lingua cooficial coas amizades por nivel de competencia

	Nivel de com- petencia	Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Non declara	97,1	2,2	0,4	0,3	0,04
	Baixo	87,3	10,7	1,2	0,7	0,15
	Medio-baixo	59,8	27,7	8,1	4,5	0,57
	Medio-alto	41,9	32,4	13,5	12,1	0,96
	Alto	11,3	24,8	34,3	29,7	1,82
	Total	37,3	22,2	21,9	18,6	1,22
Cataluña	Non declara	96,4	2,5	0,5	0,6	0,05
	Baixo	84,9	11,5	2,5	1,2	0,20
	Medio-baixo	56,6	29,2	8,2	6,1	0,64
	Medio-alto	39,9	39,0	12,6	8,5	0,90
	Alto	6,8	22,3	36,4	34,5	1,99
	Total	22,4	23,3	28,1	26,2	1,58
C. Valenciana	Non declara	97,7	2,1	0,1	0,1	0,03
	Baixo	93,1	5,9	0,8	0,2	0,08
	Medio-baixo	71,9	19,3	4,8	4,1	0,41
	Medio-alto	53,7	29,3	9,4	7,6	0,71

	Alto	19,9	28,9	26,7	24,5	1,56
	Total	50,2	21,6	14,9	13,4	0,91
Galicia	Non declara	94,9	4,6	0,1	0,4	0,06
	Baixo	78,0	18,8	1,9	1,2	0,26
	Medio-baixo	45,6	33,1	10,2	11,2	0,87
	Medio-alto	29,4	30,7	16,8	23,0	1,34
	Alto	9,8	28,2	29,7	32,3	1,84
	Total	17,3	28,2	25,9	28,6	1,66
C. F. Navarra	Non declara	99,6	0,4	0,0	0,0	0,00
	Baixo	77,5	22,4	0,2	0,0	0,23
	Medio-baixo	45,5	44,4	7,0	3,1	0,68
	Medio-alto	25,2	49,4	14,2	11,2	1,12
	Alto	5,6	34,7	40,3	19,4	1,74
	Total	79,9	9,5	7,1	3,5	0,34
País Vasco	Non declara	96,9	2,8	0,1	0,2	0,04
	Baixo	85,5	12,7	1,5	0,3	0,17
	Medio-baixo	58,2	33,1	5,5	3,1	0,54
	Medio-alto	37,3	40,9	16,3	5,5	0,90
	Alto	10,2	33,2	36,1	20,4	1,67
	Total	49,7	23,5	17,3	9,5	0,87

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

No uso do galego no eido laboral ou educativo se observa unha maior porcentaxe de resposta positiva (uso frecuente ou sempre) canto maior é a competencia para utilizalo, pero con valores inferiores ao uso familiar (5 puntos menos) aínda que superiores ao do grupo de amizades. As porcentaxes agregadas desas dúas respostas positivas pasan do 1% do segmento de menor competencia ao 59,3% do de maior nivel. En todo caso, esa tendencia a un emprego máis frecuente no traballo ou escola canto maior é a competencia para utilizalo tamén se observa nas demais comunidades autónomas, con valores que oscilan entre o 1,6% do nivel máis baixo e o 77,3% no caso de Cataluña, do 1,3% ao 68,5% nas Illas Baleares, do 0,5% ao 68,1% no País Vasco, do 0% ao 63,8% na Comunidade Foral de Navarra e do 0,4% ao 53,4% na Comunidade Valenciana.

Cos valores obtidos en cada segmento do cruzamento por nivel de competencia no uso da lingua pode comprobarse que Galicia e Cataluña presentan valores similares nos tres niveis máis baixos, intercambiando entre elas a primeira e a segunda posición segundo se trate dun segmento ou doutro. Con todo, no nivel competencial máis alto Galicia queda relegada a unha quinta posición, a 17,9 puntos de Cataluña, a 9,2 puntos das

Illas Baleares, a 8,8 puntos do País Vasco e a 4,5 puntos da Comunidade Foral de Navarra e ocupa o penúltimo posto en porcentaxe de persoas que afirman utilizar a lingua propia frecuentemente ou sempre no traballo ou escola e que teñen un nivel alto de competencias no seu uso, polo tanto, unha vez máis se comproba como o feito de non empregar o galego no ámbito laboral e educativo non está so condicionado polo nivel de competencia na lingua propia.

**Frecuencia de uso na lingua cooficial no traballo ou na escola por nivel de competencia**

	Nivel de competencia	Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Non declara	96,9	1,8	0,8	0,6	0,05
	Baixo	81,3	14,1	2,0	2,6	0,26
	Medio-baixo	53,9	28,3	11,4	6,3	0,70
	Medio-alto	37,1	36,7	15,1	11,1	1,00
	Alto	8,1	23,4	39,2	29,3	1,90
	Total	33,7	22,3	25,3	18,7	1,29
Cataluña	Non declara	95,5	2,9	0,9	0,8	0,07
	Baixo	79,7	13,4	4,2	2,8	0,30
	Medio-baixo	50,2	27,2	12,2	10,4	0,83
	Medio-alto	36,8	36,0	17,0	10,3	1,01
	Alto	6,5	16,2	41,3	36,0	2,07
	Total	21,0	18,6	32,6	27,9	1,67
C. Valenciana	Non declara	97,0	2,6	0,2	0,1	0,03
	Baixo	87,7	9,4	1,7	1,2	0,16
	Medio-baixo	64,2	23,8	7,4	4,7	0,53
	Medio-alto	50,3	31,6	11,3	6,7	0,75
	Alto	16,8	29,7	30,9	22,6	1,59
	Total	46,6	23,3	17,6	12,5	0,96
Galicia	Non declara nivel	95,2	3,7	0,1	0,9	0,07
	Baixo	71,0	19,7	6,9	2,4	0,41
	Medio-baixo	45,9	33,0	11,5	9,6	0,85
	Medio-alto	38,7	28,3	16,6	16,4	1,11
	Alto	12,3	28,3	31,5	27,8	1,75
	Total	20,1	28,1	27,5	24,3	1,56
C. F. Navarra	Non declara nivel	99,7	0,2	0,0	0,0	0,00
	Baixo	82,3	12,9	1,7	3,1	0,26
	Medio-baixo	47,9	34,3	7,6	10,2	0,80
	Medio-alto	36,2	32,9	9,2	21,7	1,16
	Alto	11,4	24,8	31,2	32,6	1,85
	Total	81,4	6,8	5,6	6,3	0,37
País Vasco	Non declara nivel	98,3	1,2	0,2	0,3	0,02
	Baixo	84,9	8,8	3,4	2,9	0,24
	Medio-baixo	56,6	28,1	8,3	7,1	0,66
	Medio-alto	38,5	32,9	18,1	10,5	1,01

Alto	10,8	21,1	37,6	30,5	1,88
Total	50,2	16,3	18,6	14,8	0,98

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

A frecuencia xeral elevada de uso da lingua cooficial é máis habitual canto máis alto é o nivel de competencia para usala nas seis comunidades autónomas, con porcentaxes que en Galicia soben entre o 0,4% do nivel de competencia máis baixo ao 35,4% do máis alto, en Cataluña do 0,6% ao 44,1%, nas Illas Baleares do 0,3% ao 40,6% na Comunidade Valenciana do 0% ao 30% na Comunidade Foral de Navarra do 0% ao 28,5% e no País Vasco do 0,1% ao 28,2%. Á vista das porcentaxes de cada segmento, Galicia figura como a comunidade coa maior porcentaxe de persoas cunha frecuencia de uso elevada da súa lingua propia no segmento das competencias medio-baixas (9,8%), fronte ao 6,8% de Cataluña e medio-altas (19%), coas Illas Baleares e a Comunidade Foral de Navarra case empatadas na segunda posición, cun 12,8%. Porén, no segmento de competencias altas o 35,4% de persoas que en Galicia amosan unha frecuencia elevada de uso do galego sitúana en terceira posición, por detrás de Cataluña (44,1%) e as Illas Baleares (40,6%).

#### Frecuencia de uso da lingua cooficial por nivel de competencia

	Nivel de com- petencia	Nunca	Baixa	Media	Elevada	Índice (0-9)
I. Baleares	Non declara	94,8	4,3	0,5	0,3	0,12
	Baixo	75,7	22,5	1,0	0,8	0,50
	Medio-baixo	47,3	38,0	9,1	5,6	1,73
	Medio-alto	24,3	46,1	16,8	12,8	2,84
	Alto	3,4	24,6	31,4	40,6	5,55
	Total	28,0	26,3	20,8	25,0	3,70
Cataluña	Non declara	93,3	5,5	0,6	0,6	0,17
	Baixo	73,0	21,5	4,5	1,1	0,66
	Medio-baixo	40,1	41,0	12,1	6,8	2,01
	Medio-alto	23,5	49,4	17,6	9,5	2,68
	Alto	2,0	18,3	35,6	44,1	5,98
	Total	15,0	23,3	28,6	33,2	4,76
C. Valen- ciana	Non declara	95,8	3,9	0,2	0,0	0,08
	Baixo	83,7	14,2	1,8	0,3	0,33
	Medio-baixo	54,6	34,0	7,4	4,0	1,34
	Medio-alto	37,1	42,8	11,8	8,3	2,14
	Alto	9,3	32,2	28,6	30,0	4,72
	Total	39,2	28,2	16,6	16,1	2,79
Galicia	Non declara	89,5	10,0	0,1	0,4	0,19
	Baixo	62,3	30,7	5,8	1,1	0,97



	Medio-baixo	30,2	44,6	15,4	9,8	2,60
	Medio-alto	17,3	38,1	25,5	19,0	3,81
	Alto	3,5	27,0	34,0	35,4	5,52
	Total	9,5	29,2	30,7	30,6	4,95
C. F. Navarra	Non declara	99,4	0,6	0,0	0,0	0,01
	Baixo	58,7	37,7	3,4	0,2	0,75
	Medio-baixo	23,6	59,9	10,2	6,3	2,21
	Medio-alto	9,2	54,2	23,8	12,8	3,40
	Alto	2,0	22,8	46,7	28,5	5,24
	Total	77,4	9,0	8,5	5,1	1,04
País Vasco	Non declara	96,0	3,7	0,2	0,1	0,09
	Baixo	71,5	24,4	3,6	0,6	0,62
	Medio-baixo	37,8	49,2	8,6	4,4	1,76
	Medio-alto	17,6	51,1	23,8	7,4	2,85
	Alto	2,9	25,3	43,6	28,2	5,16
	Total	41,0	24,4	21,6	13,0	2,70

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

### 3.7. Análise por lingua inicial

Unha última análise segmentada é a que se establece entre a frecuencia de uso da lingua cooficial nos tres contextos analizados e a lingua ou linguas iniciais da poboación. Neste apartado comprobarase que porcentaxe de persoas que utilizan "frecuentemente" ou "sempre" a lingua propia da súa comunidade acada as maiores cotas entre as que tiveron só esa lingua como lingua inicial, seguida das que a tiveron como lingua inicial pero xunto co castelán. A distancia porcentual desta resposta agregada positiva entre eses dous segmentos e os dous restantes, nos que a lingua cooficial non figura como inicial, é sempre elevada. Isto ocorre nas seis comunidades autónomas con lingua propia, pero con notables diferenzas entre unhas e outras.

A porcentaxe de persoas que en Galicia usan o galego frecuentemente ou sempre en familia acada o 90% entre as que teñen como lingua inicial só ese idioma, porcentaxe que a sitúa por detrás de Cataluña (95,4%), as Illas Baleares (94,4%) e a Comunidade Valenciana (91,8%), pero por diante do País Vasco (84,5%) e a Comunidade Foral de Navarra (76,9%), pero cómpre coñecer en que comunidades se acada unha maior frecuencia de uso da lingua cooficial nos segmentos de quen tivo como lingua inicial non só esa lingua senón tamén o castelán. Nese caso, a porcentaxe de quen usa o galego de forma frecuente ou sempre para falar coa familia si-

túase no 65,1%, valor que de novo coloca a Galicia por detrás das Illas Baleares (73,3%), Cataluña (73%) e a Comunidade Valenciana (67,8%), pero por diante do País Vasco (54,3%) e a Comunidade Foral de Navarra (47,1%). Deste xeito, en Galicia hai unha diferenza de 25 puntos entre o uso frecuente do galego para falar coa familia entre quen foi criado só en galego e quen tivo o galego e o castelán como linguas iniciais. Esa diferenza é lixeiramente menor nas Illas Baleares, Cataluña e a Comunidade Valenciana (entre os 21 e os 24 puntos) pero acada os 30 puntos no País Vasco e a Comunidade Foral de Navarra.

Por último, entre as persoas que en Galicia só tiveron como lingua inicial o castelán falan frecuentemente ou sempre en galego coa familia o 22,8%, porcentaxe que a sitúa lixeiramente por detrás de Cataluña (23,6%) pero por diante das Illas Baleares (16,5%) e a Comunidade Valenciana (10,6%), así como do País Vasco 8,4%) ou a Comunidade Foral de Navarra (3%).

#### Frecuencia de uso da lingua cooficial coa familia por lingua inicial

		Nunca	Ás veces	Frecuentemente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Só castelán	63,4	20,1	8,9	7,7	0,61
	Castelán e lingua cooficial	8,9	17,8	32,5	40,8	2,05
	Só lingua cooficial	1,9	3,6	14,5	80,0	2,72
	Outras opcións	68,2	8,6	7,0	16,2	0,71
	Total	46,9	14,2	11,6	27,3	1,19
Cataluña	Só castelán	49,3	27,1	13,6	10,0	0,84
	Castelán e lingua cooficial	8,6	18,4	32,8	40,2	2,05
	Só lingua cooficial	1,7	2,9	15,0	80,4	2,74
	Outras opcións	67,9	20,8	7,3	4,0	0,47
	Total	32,3	18,2	15,6	33,9	1,51
C. Valenciana	Só castelán	70,0	19,4	5,8	4,9	0,45
	Castelán e lingua cooficial	8,7	23,5	31,7	36,1	1,95
	Só lingua cooficial	2,5	5,8	19,7	72,0	2,61
	Outras opcións	88,9	8,0	1,5	1,7	0,16
	Total	55,4	16,3	10,0	18,4	0,91
Galicia	Só castelán	38,5	38,7	14,5	8,3	0,92
	Castelán e lingua cooficial	5,2	29,8	36,6	28,4	1,88
	Só lingua cooficial	1,7	8,3	22,5	67,5	2,56
	Outras opcións	47,7	27,2	14,3	10,7	0,88
	Total	18,3	25,0	21,8	34,8	1,73
C. F. Navarra	Só castelán	89,2	7,8	2,3	0,7	0,14

	Castelán e lingua cooficial	24,2	28,7	33,0	14,1	1,37
	Só lingua cooficial	14,6	8,5	29,7	47,2	2,10
	Outras opcións	98,7	0,9	0,2	0,3	0,02
	Total	81,4	8,5	5,6	4,5	0,33
País Vasco	Só castelán	69,6	22,1	5,7	2,7	0,42
	Castelán e lingua cooficial	15,8	29,9	35,2	19,1	1,58
	Só lingua cooficial	6,9	8,6	35,1	49,4	2,27
	Outras opcións	87,1	9,1	1,5	2,3	0,19
	Total	53,7	20,0	13,7	12,6	0,85

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

En Galicia o 86,2% das persoas cuxa lingua inicial foi só o galego falan frecuentemente ou sempre neste idioma coas amizades, porcentaxe que fica no 60,9% (25,3 puntos menos) entre as persoas que tiveron o galego e tamén o castelán como linguas iniciais. Como se pode comprobar, estes datos de uso do galego co grupo de amizades son en torno a 5 puntos porcentuais inferiores aos colleitados para eses mesmos segmentos no caso do uso en familia. Entre as persoas que só tiveron o castelán como lingua inicial a taxa das que empregan o galego frecuentemente ou sempre coas amizades sitúase no 22,7%.

A porcentaxe de quen só tivo a lingua cooficial como idioma inicial e a emprega frecuentemente ou sempre na súa relación coas amizades sitúa a Galicia (86,2%) por detrás de Cataluña (91,7%), as Illas Baleares (88,3%) e na mesma liña que a Comunidade Valenciana (86,4%). Este índice é do 78,7% no País Vasco e do 72,8% na Comunidade Foral de Navarra. Galicia ocupa tamén a cuarta posición no que atinxe á porcentaxe de persoas que, aínda que teñen as dúas linguas oficiais da súa comunidade como linguas iniciais, afirman que empregan frecuentemente ou sempre a lingua propia coas amizades. A taxa acadada neste caso é do 60,9% e de novo superada por Cataluña (76,2%), as Illas Baleares (72,1%) e a Comunidade Valenciana (64,8%). No País Vasco esa taxa sitúase no 54% e na Comunidade Foral de Navarra no 47%. Tamén nestes casos se rexistra unha porcentaxe lixeiramente menor do uso da lingua propia co grupo de amizades que no seo da familia.

En canto ás persoas que só tiveron o castelán como lingua inicial, a porcentaxe de persoas que en Galicia afirman que usan frecuentemente

ou sempre o galego coas amizades (22,7%) sitúaa por detrás de Cataluña (33,2%). En terceira posición atópanse as Illas Baleares (21,5%) e en cuarta a Comunidade Valenciana (12%). En penúltimo lugar sitúase o País Vasco (10,4%) e no último a Comunidade Foral de Navarra (3,8%).

**Frecuencia de uso da lingua cooficial coas amizades por lingua inicial**

		Nunca	Ás veces	Frecuente- mente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Só castelán	48,9	29,6	14,2	7,3	0,80
	Castelán e lingua cooficial	4,6	23,3	43,5	28,6	1,96
	Só lingua cooficial	1,6	10,0	40,4	48,0	2,35
	Outras opcións	58,8	15,6	13,0	12,6	0,79
	Total	37,3	22,2	21,9	18,6	1,22
Cataluña	Só castelán	33,7	33,1	23,5	9,7	1,09
	Castelán e lingua cooficial	4,4	19,5	41,1	35,1	2,07
	Só lingua cooficial	1,4	6,9	36,3	55,4	2,46
	Outras opcións	50,0	29,7	12,2	8,1	0,78
	Total	22,4	23,3	28,1	26,2	1,58
C. Valenciana	Só castelán	63,0	25,0	7,4	4,6	0,54
	Castelán e lingua cooficial	9,2	26,0	35,8	29,0	1,85
	Só lingua cooficial	2,2	11,4	40,1	46,3	2,31
	Outras opcións	82,2	12,9	2,8	2,0	0,25
	Total	50,2	21,6	14,9	13,4	0,91
Galicia	Só castelán	36,0	41,3	15,7	7,0	0,94
	Castelán e lingua cooficial	6,1	33,0	37,8	23,2	1,78
	Só lingua cooficial	2,0	11,8	31,0	55,2	2,40
	Outras opcións	37,5	33,4	17,8	11,3	1,03
	Total	17,3	28,2	25,9	28,6	1,66
C. F. Navarra	Só castelán	87,4	8,9	3,1	0,7	0,17
	Castelán e lingua cooficial	24,9	28,1	34,4	12,6	1,35
	Só lingua cooficial	15,9	11,3	39,2	33,7	1,91
	Outras opcións	97,3	1,5	1,0	0,3	0,04
	Total	79,9	9,5	7,1	3,5	0,34
País Vasco	Só castelán	64,4	25,2	8,0	2,4	0,48
	Castelán e lingua cooficial	13,8	32,2	36,0	18,0	1,58
	Só lingua cooficial	6,9	14,4	45,0	33,7	2,06
	Outras opcións	81,1	12,0	4,3	2,6	0,28
	Total	49,7	23,5	17,3	9,5	0,87

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE



Se entre as persoas que en Galicia só tiveron o galego como lingua inicial o 90% o utiliza frecuentemente ou sempre coa familia e o 86,2% coas amizades, tal porcentaxe cae ao 73,8% cando se atende ao seu uso no traballo ou no centro educativo. Do mesmo xeito, entre a poboación que tivo como linguas iniciais tanto o galego como o castelán, a taxa da que utiliza o galego frecuentemente ou sempre coa familia (65,1%) e coas amizades (60,9%) baixa ata o 58,6% no caso do seu uso no traballo ou a escola. Pola contra, entre as que só tiveron o castelán como lingua inicial usan o galego frecuentemente ou sempre no traballo o 29,2%, índice sensiblemente superior ao das que o empregan con familia (22,8%) ou coas amizades (22,7%).

Se se presta atención á comparación coas demais comunidades autónomas, a porcentaxe de persoas que só teñen a lingua propia como inicial e a usan frecuentemente ou sempre sitúa a Galicia (73,8%) por detrás de Cataluña (85,3%) e as Illas Baleares (78,2%) mentres que se coloca diante da Comunidade Valenciana (71,8%), do País Vasco (72,4%) e da Comunidade Foral de Navarra (61,8%). Ademais a porcentaxe de poboación que fai ese uso da lingua propia pero foi criada nas dúas linguas oficiais da súa comunidade coloca a Galicia (58,7%) por detrás das Illas Baleares (72,6%), Cataluña (81,6%), Comunidade Valenciana (63,7%) e País Vasco (63,3%), aínda que por diante da Comunidade Foral de Navarra (51,2%).

Galicia logra unha mellor posición no caso das persoas que só tiveron o castelán como lingua inicial e utilizan frecuentemente ou sempre a lingua cooficial no traballo ou na escola, en relación aos outros tres segmentos, pois cunha porcentaxe do 29,1% só fica por detrás de Cataluña (47%) e as Illas Baleares (31,7%), pero supera á Comunidade Valenciana (18,3%), ao País Vasco (20,2%) e á Comunidade Foral de Navarra (5,9%).

En todo caso, pódese comprobar como o uso do galego entre aqueles que foron criados nesta lingua tende a reducirse a medida que se afastan do núcleo familiar, diminuíndo lixeiramente co grupo de amizades e finalmente de xeito moito máis destacado no ámbito laboral e educativo. No resto de territorios analizados tamén se recolle unha tendencia similar, pero de menor intensidade en Cataluña e no País Vasco.


**Frecuencia de uso da lingua cooficial no traballo ou na escola por lingua inicial**

		Nunca	Ás veces	Frecuente- mente	Sempre	Índice (0-3)
I. Baleares	Só castelán	40,8	27,4	20,4	11,3	1,02
	Castelán e lingua cooficial	6,5	21,0	40,2	32,4	1,98
	Só lingua cooficial	6,6	15,2	41,3	36,9	2,09
	Outras opcións	55,4	17,0	14,5	13,1	0,85
	Total	33,7	22,3	25,3	18,7	1,29
Cataluña	Só castelán	28,0	25,0	31,0	16,0	1,35
	Castelán e lingua cooficial	6,2	12,2	40,9	40,7	2,16
	Só lingua cooficial	5,7	8,9	38,0	47,3	2,27
	Outras opcións	47,7	23,9	16,0	12,4	0,93
	Total	21,0	18,6	32,6	27,9	1,67
C. Valenciana	Só castelán	56,1	25,7	12,1	6,2	0,68
	Castelán e lingua cooficial	11,5	24,7	35,0	28,7	1,81
	Só lingua cooficial	10,0	18,2	37,9	33,9	1,96
	Outras opcións	75,7	16,3	4,5	3,5	0,36
	Total	46,6	23,3	17,6	12,5	0,96
Galicia	Só castelán	30,0	40,8	21,5	7,6	1,07
	Castelán e lingua cooficial	11,8	29,5	38,5	20,2	1,67
	Só lingua cooficial	12,2	14,0	29,1	44,7	2,06
	Outras opcións	41,6	29,8	15,5	13,2	1,00
	Total	20,1	28,1	27,5	24,3	1,56
C. F. Navarra	Só castelán	88,3	5,8	2,9	3,0	0,21
	Castelán e lingua cooficial	29,7	19,1	24,4	26,8	1,48
	Só lingua cooficial	22,7	15,5	27,3	34,5	1,74
	Outras opcións	96,9	0,9	1,2	1,0	0,06
	Total	81,4	6,8	5,6	6,3	0,37
País Vasco	Só castelán	62,6	17,2	11,9	8,3	0,66
	Castelán e lingua cooficial	17,9	18,8	32,6	30,7	1,76
	Só lingua cooficial	14,4	13,2	39,3	33,1	1,91
	Outras opcións	79,3	8,6	5,9	6,1	0,39
	Total	50,2	16,3	18,6	14,8	0,98

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

A frecuencia xeral de uso da lingua cooficial segundo a lingua inicial compendia o analizado nas tres táboas anteriores e reflicte que en Galicia amosan unha frecuencia elevada de uso do galego o 91,3% das persoas que tiveron só o galego como lingua inicial, fronte ao 71,1% das que tiveron como linguas iniciais tanto o galego como o castelán e o 29,7% das que só tiveron o castelán como primeira lingua. Isto supón unha diferenza de 20,2 puntos entre as persoas que foron criadas só en galego e as que o foron en ambas linguas oficiais, e de máis de 40 puntos entre estas últimas e as que non contaron co galego como lingua da infancia.

Se se observa a porcentaxe de persoas que amosan unha frecuencia elevada de uso da lingua propia, a comparación entre comunidades autónomas sitúa a Galicia en cuarta posición, por detrás de Cataluña, as Illas Baleares e a Comunidade Valenciana, tanto no caso das persoas que só tiveron como lingua inicial esa lingua cooficial (esta porcentaxe elévase ao 91,3% no caso de Galicia, por detrás do 96,7% de Cataluña, o 95,5% das Illas Baleares e o 93,1% da Comunidade Valenciana), como no das que tiveron como linguas iniciais as dúas linguas oficiais (71,1% fronte a 85,8%, 78,4% e 74,7%). Galicia sitúase, en cambio, en segunda posición, só por detrás de Cataluña, na comparación da porcentaxe de persoas que, tendo só o castelán como lingua inicial, amosan unha frecuencia elevada de uso da lingua cooficial: 29,7% no caso de Galicia fronte ao 42,2% de Cataluña.

**Frecuencia de uso da lingua cooficial por lingua inicial**

		Nunca	Baixa	Media	Elevada	Índice (0-9)
I. Baleares	Só castelán	34,9	38,3	19,0	7,9	2,43
	Castelán e lingua cooficial	2,4	19,2	36,1	42,3	6,00
	Só lingua cooficial	0,6	3,9	27,4	68,1	7,16
	Outras opcións	50,2	21,9	11,9	15,9	2,36
	Total	28	26,3	20,8	25,0	3,70
Cataluña	Só castelán	21,6	36,2	31,1	11,1	3,28
	Castelán e lingua cooficial	1,8	12,5	42,2	43,5	6,28
	Só lingua cooficial	0,8	2,5	23,0	73,7	7,47
	Outras opcións	39,6	35,4	17,7	7,2	2,19
	Total	15,0	23,3	28,6	33,2	4,76
C. Valenciana	Só castelán	48,5	35,9	11,0	4,6	1,67
	Castelán e lingua cooficial	3,9	21,4	40,3	34,4	5,61
	Só lingua cooficial	1,3	5,6	33,4	59,7	6,88
	Outras opcións	71,5	22,7	3,9	1,9	0,76
	Total	39,2	28,2	16,6	16,1	2,79
Galicia	Só castelán	19,9	50,3	22,1	7,6	2,93
	Castelán e lingua cooficial	1,9	27,0	46,0	25,1	5,33
	Só lingua cooficial	0,8	7,9	32,6	58,7	7,02
	Outras opcións	31,2	36,4	20,1	12,4	2,91
	Total	9,5	29,2	30,7	30,6	4,95
C. F. Navarra	Só castelán	84,7	9,1	5,1	1,1	0,52
	Castelán e lingua cooficial	20,4	19,3	39,5	20,9	4,20
	Só lingua cooficial	13,9	7,0	32,9	46,3	5,74
	Outras opcións	96,5	1,8	1,4	0,3	0,13
	Total	77,4	9,0	8,5	5,1	1,04



País Vasco	Só castelán	52,9	29,6	14,6	3,0	1,56
	Castelán e lingua cooficial	8,5	23,3	43,2	25,0	4,92
	Só lingua cooficial	5,6	7,3	39,5	47,6	6,24
	Outras opcións	76,8	13,2	7,9	2,0	0,86
	Total	41,0	24,4	21,6	13,0	2,70

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECEPOV), 2021, INE

## Conclusións

Galicia sitúase como a comunidade autónoma de España coa maior porcentaxe de poboación competente no uso da súa lingua cooficial. O 92,7% entende ben o galego, o 83,6% leo ben, o 83,1% fála ben e o 73,3% escribe ben. Cataluña ocupa o segundo lugar, con altos niveis en comprensión (86,8%) e lectura (78,4%). Illas Baleares e Comunidade Valenciana presentan resultados intermedios, cun maior dominio na comprensión. O País Vasco ten competencias moderadas, especialmente baixas en escrita (40,9%), mentres Navarra rexistra as cifras máis reducidas, debido á cooficialidade por zonas do éuscaro nesa comunidade.

Esta situación de vantaxe absoluta, aínda que positiva, debe considerarse con cautela debido aos matices que xorden ao observar as variacións nas competencias lingüísticas en función de factores como a idade, o nivel educativo e os ingresos, entre outros. Ademais, cómpre ter en conta as diferenzas respecto doutros territorios.

As competencias para entender e falar galego amosan diferenzas mínimas en función do nivel educativo. No caso de comprender ben, a variación vai do 92% no nivel máis baixo ao 95,5% no máis alto. Para as competencias de ler e escribir, obsérvase un vínculo máis evidente: a capacidade de lectura aumenta do 76,7% no nivel máis baixo ao 92,6% no máis alto, mentres que a da escrita pasa do 57,8% ao 82%. Estas tendencias destacan a influencia positiva do nivel educativo sobre a alfabetización.

Nas restantes comunidades autónomas o nivel educativo ten un impacto máis intenso sobre todas as competencias lingüísticas, cunha progresión uniforme en todos os aspectos, especialmente na fala, onde sempre aumentan co nivel de estudos.

Porén, en Galicia, destaca unha excepción: a porcentaxe de poboación que considera falar ben o galego é lixeiramente menor no nivel educativo máis alto (84,2%) en comparación co máis baixo (86,7%). Este comportamento singular, en contraste coa relación uniforme nas competencias de comprensión, lectura e escrita, require unha análise máis profunda para comprender as dinámicas específicas que o explican.

Un achado destacado desta análise comparada é que os datos amosan unha clara diferenza nas competencias lingüísticas da poboación galega que aínda se atopa en idade de formación obrigatoria fronte aos escolares doutras comunidades. En contraste coa competencia lingüística xeral elevada, as capacidades dos que non remataron os estudos obrigatorios destacan por ser inferiores ás doutros territorios con linguas cooficiais. Nese grupo, o 65,1% dos escolares galegos afirma falar ben en galego, mentres que en Cataluña esta porcentaxe ascende ao 82,7% e no País Vasco ao 73,2%. De forma semellante, a capacidade de escribir con corrección en Galicia sitúase no 60%, fronte ao 66,3% en Cataluña e o 60,7% no País Vasco e valores similares noutras comunidades como Illas Baleares (63%).

Para incidir neste contraste, nas comunidades autónomas que serven de comparación os menores en idade escolar adoitan rexistrar as competencias máis elevadas. En Galicia, pola contra, a poboación escolarizada presenta un diferencial negativo, a única comunidade onde se observa esta tendencia. Malia que non sexa unha afirmación que emane directamente dos datos analizados, este patrón suxire unha menor efectividade das políticas educativas no reforzo do galego, en oposición ao impacto máis positivo noutras comunidades.

Esta singularidade axuda a comprender que as competencias amosan tamén diferenzas entre Galicia e outras comunidades segundo a idade. Galicia é a única onde as persoas novas presentan niveis de competencia máis baixos, mentres que noutras adoitan ser precisamente as que mellor dominan a lingua propia. Os datos indican que Galicia mantén altos niveis de competencias lingüísticas nas xeracións adultas, de modo que é o territorio coa maior proporción de poboación con competencias altas en fala, lectura e escrita entre os maiores de 20 anos. Porén, entre os menores desa idade, Galicia xa non destaca tan claramente. En comprensión, por exem-

.....

plo, acadan un 86%, fronte ao 91,2% de Cataluña e ao 84,1% das Illas Baleares. O mesmo pode verse noutras competencias. Galicia destaca entre as cohortes de máis de 20 anos con porcentaxes que roldan o 85% de persoas que afirman falar ben, pero nos menores de 20 baixa ao 70,8, superada claramente por Cataluña (85%). En lectura e escrita obsérvase a mesma tendencia.

Estes datos evidencian un patrón de perda interxeracional na capacidade para entender, falar, ler ou escribir en galego, xa que a xuventude presenta menores competencias que as xeracións maiores, o contrario ao observado no resto de comunidades con lingua cooficial, onde as xeracións máis novas melloran os niveis de dominio da lingua propia.

Outras tendencias son máis semellantes. En todas as comunidades autónomas o hábitat ten unha influencia significativa, xa que son os municipios pequenos os que presentan mellores resultados. Porén, as diferenzas entre homes e mulleres son moi pequenas. En xeral, obsérvase que os homes declaran un nivel lixeiramente superior, agás no País Vasco, onde a pequena diferenza favorece ás mulleres.

Do mesmo modo que pasa coa competencia lingüística, en termos globais Galicia destaca polo uso da lingua propia, ao situarse por riba dos territorios analizados, lixeiramente por diante de Cataluña. Estas dúas comunidades comparten unha implantación sólida das súas linguas cooficiais, marcando unha clara diferenza respecto ás Illas Baleares, que ocupan unha posición intermedia, e ao País Vasco e á Comunidade Valenciana, onde o uso da lingua propia é máis limitado. No extremo inferior, Navarra reflicte unha implantación moi baixa pola súa singularidade.

Ao observar as frecuencias de uso, Galicia destaca pola baixa proporción de persoas que nunca empregan o galego (9,5%), a menor entre todas as comunidades analizadas. Non obstante, presenta unha proporción relativamente alta de usos baixos ou ocasionais (29,2%). Pola contra, Cataluña, cunha proporción maior de persoas que nunca fala a lingua propia (15,0%), compensa esta cifra cunha maior concentración de usos elevados (33,2%), algo superior a Galicia (30,6%). No resto de territorios son moitas mais as persoas que nunca falan a lingua cooficial.

Galicia lidera o uso da lingua en contextos informais, con un 56,6% de usos elevados (frecuentemente e sempre) no ámbito familiar e un

54,5% no das amizades, por riba de Cataluña (49,5% e 54,3%, respectivamente). Porén, no ámbito formal, como o traballo ou a escola, a comunidade galega amosa unha menor implantación, cun 51,9% de usos elevados, fronte ao 60,5% de Cataluña. No resto, os contextos de uso predominantes son os formais, polo que Galicia presenta a singularidade de ser a única onde o uso non se incrementa no traballo ou na escola. Esta diferenza significa que mentres que noutras comunidades os ámbitos laborais e educativos inciden positivamente no uso, en Galicia a influencia é a contraria.

Novamente, a avaliación en xeral positiva dos usos debe considerarse en perspectiva, xa que a súa análise revela variacións significativas en función de factores contextuais e sociodemográficos. Estas diferenzas amosan a complexidade da implantación da lingua propia e a súa interacción cos distintos ámbitos de uso, o que suxire a importancia de abordar estes datos de forma integrada respecto doutros territorios con linguas cooficiais.

A tendencia xeral é que o tamaño do hábitat exerce unha influencia significativa no emprego das linguas cooficiais, ao ser os municipios pequenos os que concentran as frecuencias máis altas. A medida que o tamaño do hábitat aumenta, o uso tende a diminuír de forma máis acusada en contextos informais, como familia e amizades, mentres que o ámbito laboral presenta maior estabilidade. A diferenza entre comunidades atópase na amplitude da variación. Por exemplo, o contraste entre o hábitat rural e urbano é máis acusado en Galicia que en Cataluña.

A segmentación por sexo mostra diferenzas mínimas entre homes e mulleres. En Galicia, os homes destacan lixeiramente, no resto dos territorios as diferenzas son menores.

Detectouse unha clara relación positiva entre o nivel de ingresos e o uso das linguas cooficiais na maioría das comunidades autónomas. En Cataluña, o País Vasco e, en menor medida, nas Illas Baleares, os grupos de ingresos máis altos presentan un maior uso das linguas propias, especialmente en ámbitos formais, onde superan o 70% en Cataluña e o 36% no País Vasco. Este comportamento asóciase co prestixio cultural e educativo que teñen estas linguas en sectores de alto nivel socioeconómico. Galicia, pola contra, destaca como unha excepción relevante, con unha correlación negativa: os grupos con ingresos máis baixos utilizan o galego con máis

.....

frecuencia. Esta singularidade pode estar vinculada a cuestións de prestixio social ou á percepción da lingua como máis asociada a ámbitos tradicionais ou culturais, en contraste coas dinámicas institucionais e profesionais observadas noutros territorios.

En relación co anterior, os datos mostran como o nivel educativo inflúe no uso das linguas de forma diferente. Galicia destaca como unha excepción clara, con maior uso do galego nos niveis educativos máis baixos. Por exemplo, o 77,2% das persoas con estudos primarios ou inferiores empregan frecuentemente ou sempre o galego en familia e un 60,4% en ámbitos formais, mentres que esta proporción descende ao 44,9% e un 46,2% respectivamente, nos niveis superiores. Esta tendencia contrasta co observado no resto de comunidades autónomas, onde o uso das linguas cooficiais aumenta co nivel educativo. Especialmente preocupante é o dato da poboación que cursa ensino obrigatorio no momento de facer a enquisa. En todos os territorios tende a ser o segmento de poboación que mais usa a lingua, salvo en Galicia, onde son os menos proclives, sobre todo en contextos informais.

De feito, ao igual que ocorre coas competencias, a idade é unha das variables que mellor explica as diferenzas no uso das linguas cooficiais entre as comunidades autónomas, amosando patróns distintos. O achado principal é que a tendencia en Galicia neste caso tamén é ao revés. Se en xeral, o uso se incrementa entre a xente nova, en Galicia pasa xusto o contrario. Especialmente preocupante é o feito de que Galicia presente unha das peores situacións nos ámbitos formais, cun 47,1% de menores de 20 anos que usan frecuentemente ou sempre a lingua propia no ámbito laboral ou educativo, moi por debaixo do 84,8% en Cataluña, o 80,1% no País Vasco, o 71,2% nas Illas Baleares e incluso o 48,2% na Comunidade Valenciana.

En canto á lingua inicial, a tendencia é clara: determina en gran medida o uso da lingua propia. Porén, o uso do galego diminúe progresivamente entre as persoas criadas nesta lingua a medida que se afastan do núcleo familiar, con caídas marcadas no ámbito laboral e educativo. A tendencia é algo máis forte en Galicia que en Cataluña ou no País Vasco, pero similar ao doutras comunidades. A comparación reflicte que Galicia ocupa unha posición media no uso elevado da lingua cooficial entre quen a tivo como única lingua inicial ou aprendeu a falar nas dúas linguas, en cambio,



mellora á segunda posición, só superada por Cataluña, no caso de quen tivo o castelán como única lingua inicial.

Estas tendencias suxiren que Galicia enfróntase a retos importantes para manter o uso do galego, especialmente entre as persoas criadas nun ambiente bilingüe ou exclusivamente castelán. A posición destacada no último grupo é positiva, pero non compensa o impacto da perda nos grupos criados en galego, o que subliña a necesidade de reforzar a transmisión e uso interxeracional, especialmente en ámbitos formais.

Por último, nas comunidades autónomas con lingua cooficial, o uso frecuente da lingua aumenta a medida que mellora o nivel de competencia, como era previsible. Galicia lidera no uso entre persoas con competencias medias-baixas, pero queda en posicións intermedias no segmento de competencias altas. Ademais, en ámbitos formais como o laboral ou educativo, Galicia presenta un uso menor incluso entre aqueles con competencias altas, o que indica que factores externos á competencia, como o prestixio social, limitan o emprego do galego.

En definitiva, Galicia destaca por presentar usos relativamente elevados do galego en comparación con outras comunidades autónomas con linguas cooficiais, especialmente en contextos informais. Non obstante, e malia aos elevados niveis de competencia lingüística, persisten desafíos estruturais e sociais que limitan a normalización da lingua. A singular tendencia á baixa entre as xeracións máis novas, así como a aparente menor efectividade das políticas educativas en comparación con outras comunidades, subliñan a urxencia de intervir no ámbito escolar e na transmisión interxeracional. Ademais, o vínculo negativo entre nivel educativo ou ingresos e uso do galego reflicte unha percepción de menor prestixio social e utilidade da lingua en ámbitos formais e profesionais. Estes elementos ilustran a complexidade da situación sociolingüística de Galicia e invitan a unha análise máis profunda sobre as dinámicas que condicionan o uso da lingua no presente e no futuro.